

ANUARIO DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Nº/ **18**

Revista Oficial da
Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG
EDICIÓN BILINGÜE

FENDAS

MGSM
NARRATIVAS
COIDADO
AGOCHO

Nº18

REVISTA OFICIAL DA SECCIÓN DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

CONSELLO EDITORIAL

Xacobe Abel Fernández García / Presidente

Paula Marcos Carregal / Vicepresidenta

María Villarino González / Secretaria

Eduardo Martínez Lamosa / Tesoureiro

Paula Cid Gutiérrez / Vogal

María Salomé Botana Martínez / Vogal

Isabel Figueroa Matallín / Vogal

Marta Millares Otero / Vogal

CONSELLO DE REDACCIÓN

Mª Gabriela Domínguez Martínez / Directora
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE VIGO

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA – O SALNÉS

Aislinn García Hermo
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

Lucía Díaz Riola
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

EDITA

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Espiñeira, 10 baixo

15706 Santiago de Compostela

T. 981 534 049 | Fax. 981 534 983

www.copgalicia.gal | copgalicia@copgalicia.gal

DESEÑO E MAQUETACIÓN – Laura de Cibreiro

IMAXE DE PORTADA – Lars H Knudsen / Pexels

ISSN: 2444-6653

Revista indexada en Latindex

<https://www.latindex.org/latindex/ficha/22303>

 latindex

Novembro, 2025

Depósito Legal: C 1615-2019

<https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables
das opinións verquidas nos artigos publicados

As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do
Consello de Redacción

APUNTAMENTO

A preferencia de idioma no orixinal de cada artigo foi determinada polo/a
seu/súa autor/a, coa tradución do Consello de Redacción e revisión do
COPG

SUMARIO

04	PRESENTACIÓN Mª Gabriela Domínguez Martínez
08	MGSM / MOVEMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL. HISTORIA E PERCORRIDO NA DEFENSA DA ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL BASEADA NOS DEREITOS. Rosa Cerqueiro Landín + Miguel Anxo García Álvarez
28	NARRATIVAS / NARRATIVAS A CONTRAFÍO Voria Stefanovsky + Veruska Vasconcelos
40	COIDADO / O PODER DO COIDADO AFECTIVO NO ALZHÉIMER AVANZADO. DA NEUROCIENCIA ÁS POLÍTICAS DE SAÚDE: UNHA MIRADA CLÍNICA E RELACIONAL Vanessa Vilas-Riotorto
62	FERRAMENTAS — AGOCHO / DO AGOCHO Á RÚA PENSAMENTO: TECENDO VÍNCULOS NAS MARXES INSTITUCIONAIS Carlos Díaz Marcelo + Rocío López Díaz + Elisa Llamas López + Elena Malavé López + Gloria Alonso Toribio
 ANUARIO ABERTO	
72	ARTIGO LIBRE / MODERADORES DE CONTIDO COMERCIAL: EXPOSTOS AO TRAUMA, OCULTOS AO MUNDO – Jennifer Prieto Estévez
88	ARTIGO LIBRE / «EROS NO ESPECTRO» SEXUALIDADE E AUTISMO: UNHA REVISIÓN DA LITERATURA – Aldara Varela Lodeiro + María Candal González
98	CASO 1 / O XOGO COMO PONTE TERAPÉUTICA: ALIANZA E ENFOQUE INTERDISCIPLINAR NO CASO DUNHA MENOR CON AUTOLESIÓN – Sandra Marco Peligro + Sara Vázquez Rumbo
110	CASO 2 / ABORDAXE DA SINTOMATOLOXÍA POSTRAUMÁTICA NUN CASO DE TRAUMA RELACIONAL – Tania Tuñas López + Inmaculada Sangiao Novio
120	COMUNICACIÓN / PROGRAMA “DIÁLOGOS ABERTOS CON SAÚDE MENTAL” – María Candal González + Aldara Varela Lodeiro + Casilda Oujo Fernández
126	COMUNICACIÓN / PROGRAMA DE ATENCIÓN CONTINUADA DE PSICOLOXÍA CLÍNICA EN ATENCIÓN PRIMARIA: DATOS E IMPRESIÓN DOS DOUS PRIMEIROS ANOS E MEDIO DE IMPLEMENTACIÓN – Anxo Fernández Villar + Cristina García Diez + Nora Suárez Fuentes + Jennifer Cabaleiro Suárez + Jacinto Jose Casas Araujo
134	PÓSTER / ESTUDO SOBRE A IMPLANTACIÓN DA INTERVENCIÓN «AXUDA MUTUA» DO MODELO SAFEWARDS NAS UHRP DE PIÑOR (OURENSE) Jennifer Prieto Estévez + José Antonio Toro Varela + Marta Cabaleiro Díez + María Rodríguez Álvarez + Olalla Maceira Soto

PRESENTACIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez

Directora do Consello de Redacción

Psicóloga Clínica

Práctica privada en Pontevedra

gabriela.dominguezmartinez@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

Cando fixemos a nosa reunión para decidir o tema do *Anuario*, pensamos en falar dos dereitos humanos, da interculturalidade, da perspectiva de xénero, do capitalismo e a saúde mental, da resiliencia. E todo este pensamento materializouse na idea xeral de Fendas. Sabíamos que queríamos falar das brechas nos sistemas, do que falla, pero tamén aportar a esta falta.

As gretas hai que telas en conta cando as vemos, pois poden ser indicativas de problemas estruturais (do sistema) e funcionar, así, coma unha alarma. Unha alarma a escutar, a ver, a amosar creando espazos de reflexión e debate para actuar. Deste xeito, podemos tratar de reparalas, ver a través delas, ou rachalas completamente.

Ás veces, as feridas ou fisuras pódense reparar coma unha peza de porcelana coa técnica do Kintsugi, resaltando a historia da peza con ouro, visualizando as brechas para saber onde estamos e cara a onde nos queremos dirixir sen esquecer o acontecido.

Outras veces aproveitamos eses ocos para mirar e ver que pode haber a través deles, entendendo a fenda como unha oportunidade ou fiestra á que asomarse. Como esa fisgoa na porta pola que todos miramos de nenos para saber que hai ao outro lado.

E, outras veces, hai que rachar con todo, romper a vaixela e volver a construír.

De todo isto fala o *Anuario*, xorde coma espazo de reflexión sobre a fraxilidade e a apertura, a saúde mental inseparable dos dereitos humanos, a necesidade de ter en conta o contexto sociopolítico e económico e das desigualdades, a importancia do compromiso, da mobilización, do activismo e da acción social. Da necesidade de ter outros relatos e outras formas de imaxinar o mundo, xerando narrativas alternativas, pois narrar fortalece e o que non se expresa tende á inexistencia.

Pero falar de fendas tamén é falar de amor, de coidado, de facer presente, de reparar e de

buscar. E, nisto, os autores e autoras foron dabantos cariñosos poñendo o seu tempo e saber no plano do coñecemento.

Abrimos o *Anuario* coa idea da quebra do sistema e a estrutura e a importancia de ver esas brechas e amosalas aos demais para actuar sobre elas, moitas veces sucedendo isto a través de plataformas cidadás, e o facemos co artigo «*Movemento Galego de Saúde Mental. Historia e percorrido na defensa da atención á saúde mental baseada nos dereitos*», dos psicólogos clínicos Rosa Cerqueiro e Miguel Anxo García. O artigo recoulle o contexto social, económico e político de precarización social e a partir do cal se creou esta plataforma e os principios nos que se basean. Con xenerosidade comparten tamén os elementos nucleares a desenvolver desde os movementos cidadáns para acadar os obxectivos de cambio desde a acción social. Malia o traballo feito e os logros claramente obtidos, lémbrannos que non se debe dar por feito que si se respectan os dereitos das persoas psiquiatrizadas pola existencia da normativa, senón que hai que asegurarse de que se fan efectivos; mantendo presente os seus obxectivos nucleares de defensa dunha atención á saúde mental baseada nos dereitos e a defensa dos servizos públicos. O silencio e a inacción non son unha opción desde a perspectiva dos dereitos, asumindo que é a clave da persoa afectada e un acto de reparación social ante colectivos historicamente maltratados, obxecto de prexuízos, discriminacións e violencias.

E a historia dos silenciados, dos que non venceron, dos marxinados, debe quebrar a greta e saír á luz, como nos ensinan Voria Stefano-vsky e Verusca Vasconcelos co seu artigo «*Narrativas a contrafío*»; nai e filla, ambas activistas romanís, unha desde o literario e outra desde a psicoloxía. Aquí a greta ou a fenda é para romper, deconstruír e reconstruír. Comezan o artigo agradecendo a aqueles que narran, entendendo a vida como unha narrativa e o narrar como un acto de existencia, resistencia e supervivencia... e tamén un acto político. Narrar o trauma non borra a ferida, pero a

converte en comunicable e socialmente compartida; pois o trauma necesita ser narrado para ser elaborado. E, así, coma se de un floreiro con gretas se tratara, Voria repara as feridas con ouro relatando e compartindo con magnanimitade a súa historia. E, para engrandecer o relato, remata cunha poesía propia na que pon voz a «Os invisibilizados».

Pero hai ocasións nas que non se pode continuar o relato en primeira persoa e é outro o que ten que seguir narrando cando a persoa non pode falar, cando perde a memoria. No seguinte artigo, a psicóloga clínica Vanessa Vilas nos amosa unha greta de acceso ao coidado daqueles que sufren un gran deterioro cognitivo a través da experiencia afectiva no seu artigo *«O poder do coidado afectivo no Alzheimer avanzado. Da neurociencia ás políticas de saúde: unha mirada clínica e relacional»*. Neste artigo explora o poder do vínculo afectivo en fases avanzadas, integrando achados da neurociencia coa experiencia clínica e o coidado. Analízase como o coidado centrado na empatía e a seguridade emocional impacta na calidade de vida, mesmo cando a linguaxe verbal se perde. Desde a perspectiva da saúde pública e a economía do coidado, propónense políticas que reconeñen e fortalezan o rol de coidadores formais e informais, e a influencia das desigualdades de xénero. A converxencia entre ciencia, clínica e acción política é clave para promover un modelo de atención que valore a afectivididade como recurso terapéutico esencial no Alzheimer avanzado.

O vínculo humano constitúe un recurso terapéutico de primeira orde. No derradeiro artigo do monográfico, *«Do Agocho á rúa pensamento: Tecendo vínculos nas marxes institucionais»*, que conforma o apartado de ferramentas, Carlos Díaz, Rocío López, Elisa Llamas, Elena Malavé e Gloria Alonso, ilustran, a través dun fermoso caso, como a presenza sostida e a flexibilidade institucional poden favorecer procesos de simbolización en adolescentes en situación de retramiento extremo. Amósase a fenda institucional, a súa rixidez, pero tamén a greta

que se abre fóra do cuadrante e do protocolo e que enche de luz o proceso terapéutico. É un artigo no que se abordan as implicacións clínicas do «ir buscar» como acto terapéutico e se propón pensar no xogo do agocho como metáfora dos procesos vinculares e do traballo psicoterapéutico coa repetición e o desexo do outro. Esa presencia persistente que non debe invadir, pero que tampouco se retira, ese Outro que non deixa de buscar e o suxeito que non deixa de intentar aparecer.

E continuamos atrapando a luz que entra polas gretas cos artigos que conforman o Anuario Aberto, neste caso, dous artigos libres, dous casos clínicos e os tres traballos premiados nas XXIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

En *«Moderadores de contido comercial»*, a residente de psicoloxía clínica, Jennifer Prieto, explica o papel desta profesión e o impacto deste traballo nas persoas que o realizan, considerando tamén as condicións laborais e as medidas de benestar que se promoven e abordando os retos futuros, tendo tamén en conta o papel da intelixencia artificial e a ética.

En *«Eros no espectro. Sexualidade e autismo: unha revisión da literatura»*, as residentes de psicoloxía clínica, Aldara Varela e María Candal, describen as particularidades respecto á sexualidade que son propias das persoas cun diagnóstico de TEA e as comparan tamén coa poboación xeral. Un artigo moi interesante no que se revisa unha necesidade moitas veces esquecida.

No caso clínico *«O xogo como ponte terapéutica: alianza e enfoque interdisciplinar no caso dunha menor con autolesións»*, Sandra Marco e Sara Vázquez describen a abordaxe interdisciplinar dun caso clínico cunha paciente de 12 anos con conductas autolesivas, cun enfoque centrado na alianza terapéutica e o uso do xogo como ferramenta de traballo. Resaltan o traballo en equipo e o valor da creatividade na consulta.

Por último, no caso clínico *«Abordaxe de sintomatoloxía postraumática nun caso de trauma rela-*

cional», Tania Tuñas e Inmaculada Sangiao describen un caso de intervención en trauma relacional en contexto de violencia de xénero, abordando as particularidades do TEPT-C e dos aspectos básicos da intervención, como a identificación das situacións de maltrato, os mandatos de xénero e os factores de vulnerabilidade.

Para finalizar, están os traballos premiados nas pasadas Xornadas.

Por unha banda, está a comunicación libre «Programa «*Diálogos Abertos con Saúde Mental*»», de María Candal, Aldara Varela e Casilda Oujo; no que debullan o programa posto en marcha desde a USM de Noia resaltando a importancia das redes e os obstáculos atopados.

Por outro lado, a comunicación libre «*Programa de atención continuada de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria: datos e impresións dos dous primeiros anos e medio de implementación*», de Anxo Fernández, Cristina García Diez, Nora Suárez Fuentes, Jennifer Cabaleiro e Jacinto José Casas

E, finalmente, o póster «*Estudo sobre a implantación da intervención «Axuda Mutua» do Modelo Safewards nas UHRP de Piñor (Ourense)*», de Jennifer Prieto, José Antonio Toro, Marta Cabaleiro, María Rodríguez e Olalla Maceira.

Como sempre, agradecer e dar os parabéns ás miñas compañeiras de equipo pola súa implicación, o seu traballo e compromiso; así como ás autoras e aos autores dos artigos, que tan ben o fixeron, e ás compañeiras do COPG.

Agardamos que vos quede un bo sabor de boca coa lectura!

MGSM



MOVIMENTO
GALEGO DA SAÚDE
MENTAL. HISTORIA
E PERCORRIDO
NA DEFENSA DA
ATENCIÓN Á SAÚDE
MENTAL BASEADA
NOS DEREITOS

Rosa Cerqueiro Landín

Psicóloga clínica. Portavoz do Movemento Galego da Saúde Mental

rosacerqueirolandin@gmail.com

Miguel Anxo García Álvarez

Psicólogo clínico. Portavoz do Movemento Galego da Saúde Mental

max.ga@telefonica.net

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Cerqueiro Landín, R., & García Álvarez, M. A. (2025). Movemento Galego da Saúde Mental. Historia e percorrido na defensa da atención á saúde mental baseada nos dereitos. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 8-27. <https://coggalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

RESUMO

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) é unha plataforma cidadá creada en 2014 co obxectivo de frear o deterioro na atención pública á saúde mental, en recorte de recursos e dotación profesional e retroceso en dereitos, intensificados desde a recesión económica de 2008, a pesar do aumento da prevalencia de problemas de saúde mental.

Aliñados cos principios que marca a *Convención dos dereitos das persoas con discapacidade* e de distintos organismos internacionais como a Organización das Nacións Unidas (ONU), o Consello de Europa ou a Organización Mundial da Saúde (OMS), ao longo destes anos, o MGSM presentou distintas iniciativas e propostas para potenciar un sistema sanitario e social público que disporía dos recursos e investimentos necesarios para dar unha atención de calidade, e realizou accións de denuncia pública e de esixencia de superación de prácticas que vulneran dereitos fundamentais, tal como son o uso de contencións mecánicas e outras prácticas coercitivas ou a limitación inxustificada dos dereitos que asisten ás persoas diagnosticadas.

PALABRAS CHAVE — Dereitos en saúde mental, MGSM, sanidade pública, contención mecánica.

ABSTRACT

The Galician Movement for Mental Health (MGSM) is a citizen platform created in 2014 with the aim of halting the deterioration in public mental health care, the cutting of resources and professional staffing, and the regression of rights, intensified since the economic recession of 2008, despite the increase in the prevalence of mental health issues.

In alignment with the principles set forth by the *Convention on the Rights of Persons with Disabilities* and various international organizations such as the United Nations (UN), the Council of Europe, or the World Health Organization (WHO), over the years, the MGSM has presented various initiatives and proposals to enhance a public health and social system that has the necessary resources and investments to provide quality care, and to publicly denounce and demand the overcoming of practices that violate fundamental rights, such as the use of mechanical restraints and other coercive practices or the unjustified limitation of the rights afforded to diagnosed individuals.

KEY WORDS — Mental health rights, MGSM, public health, mechanical restraint.

CONTEXTO DE CREACIÓN E PRINCIPIOS QUE BASEAN O MOVEMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL

O ano 2014 marcará o inicio do Movemento Galego da Saúde Mental (en adiante MGSM) como plataforma cidadá. En febreiro dese ano, un nutrido grupo de persoas conformarán o grupo promotor da declaración fundacional que en poucas semanas sumará o apoio de centos de persoas a título individual e de asociacións profesionais de saúde mental e doutros ámbitos como os da xustiza, así como asociacións de persoas usuarias e familiares, colexios profesionais e organizacións sindicais.

É moi significativo que este movemento cidadá unise a tantas persoas e colectivos de diversos ámbitos en tan curto período de tempo. Isto só pode entenderse desde o singular contexto social deses anos, que de forma tan precisa se analizaba no Manifesto fundacional, no que tiña que ver coa situación de dano da asistencia á saúde mental en Galicia, en termos de calidade, eficiencia e seguridade, e o deterioro democrático e de perda de dereitos que se estaba a producir, como persoas usuarias e como profesionais.

É crucial recordar o contexto social, económico e político na recesión económica iniciada en 2008. Intensificábanse as consecuencias da crise en todo o Estado español: aumento do desemprego, desafiuazamentos, migracións forzadas, maiores índices de pobreza e desigualdade; en definitiva, a precarización da vida en xeral. E os indicadores sanitarios que se ían coñecendo amosaban unha evolución negativa dos efectos da crise na saúde da poboación e nomeadamente na saúde mental: maior prevalencia de trastornos, maior gravidade destes, maior consumo de

psicofármacos ou o aumento da mortalidade por suicidio (Gili et al., 2014).

A resposta política adoptada a nivel estatal e autonómico á crise económica foi aplicar a doutrina da austeridade e da estabilidade orzamentaria por riba de calquera outro tipo de políticas sociais dirixidas a mitigar os efectos da crise económica na vida das persoas. Montesinos (2022) resume as consecuencias de sucesivas reformas lexislativas e políticas públicas, especialmente a partir do cambio de goberno no Estado español en 2011, que implicaron unha erosión profunda do estado do benestar: a nivel laboral facilitouse o despedimento, a flexibilidade das empresas para modificar as condicións de traballo e reducíronse as indemnizacións por despido improcedente; as reformas do sistema de pensións diminuíron a contía destas e aumentaron as dificultades para acceder ao sistema; en educación creceron as ratios de alumnado por aula, diminuíu a contratación de profesorado, limitáronse as bolsas de estudos e aumentaron os prezos das taxas universitarias e de formación profesional; en materia de dependencia, reduciuse a contía das aportacións económicas do estado e suspendeuse o pago de prestacións xa recoñecidas; a nivel de vivenda, facilitouse o procedemento de desafiuazamentos.

E a nivel sanitario, a aprobación do infame *Real Decreto-lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións* foi a estocada final aos dereitos sanitarios máis básicos. Coa escusa de urxencia e excepcionalidade, que non se confirmou posteriormente polo afortunado atraso nos desenvolvimentos normativos e a execución dos mesmos, o goberno popular introducía unha revisión extensa do ordenamento sanitario e dinamitaba o consenso social conseguido ata ese momento. O máis grave da norma foi, sen dúbida, a introdución dos conceptos de «asegurado» e «beneficiario» co único propósito de excluír da asistencia sanitaria ás persoas migrantes sen residencia ad-

ministrativa recoñecida (“sen papeis”); outras medidas propostas nesta lei foron a do copagamento de diversas prestacións e a exclusión do financiamento de diversos medicamentos de uso común. Quebrábanse así os principios fundamentais do noso sistema sanitario: universalidade da atención, equidade, accesibilidade e eficacia.

Sendo este o marco xeral, a análise inicial do MGSM sobre a atención á saúde mental en Galicia, que será recollida na declaración fundacional, sitúa en catro eixos a involución experimentada nos últimos anos, sendo que Galicia xa sufría un atraso histórico con respecto a outras áreas do estado español:

— **Deterioro na prestación de servizos asistenciais:** cunha maior dificultade no acceso ás prestacións sanitarias, con listas de espera crecientes, consultas sucesivas distanciadas no tempo, redución dos tempos de atención, limitacións no acceso á hospitalización psiquiátrica e acurtamento temerario da mesma ou impedimento no acceso a programas de rehabilitación. Isto ten repercusións importantes na seguridade das persoas en condicións más graves e na equidade no acceso aos servizos, sendo que as persoas con trastornos mentais más severos e que contan con menos recursos atópanse en peores situacións.

— **Deterioro do exercicio profesional:** os condicionantes arriba mencionados de maior carga asistencial, pero tamén de maior dificultade para realizar unha práctica asistencial de calidade conforme as competencias profesionais, crearon un contexto laboral de frustración, sobrecarga e esgotamento. E isto estaba a ocorrer nun contexto de precarización máxima no emprego, cunha taxa de reposición que impedía aumentar ou tan se quería manter as dotacións profesionais, con contratacións laborais de absoluta inseguridade, mesmo de días ou mes a mes que facían

imposible unha previsión mínima no traballo e na vida.

— **Desplanificación:** Galicia estaba en inferioridade de condicións en canto á planificación dos recursos en saúde mental. A pesar dos intentos para establecer un mapa de necesidades e de recursos levado a cabo por sendas comisións asesoras en saúde mental e plasma-dos en dous textos, *Documento de bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental (1987)* e *Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia (1997)*, non é ata o goberno bipartito que se publica o *Plan Estratéxico de Saúde Mental 2006-2011*, pero que se interrompe en 2009 co cambio de goberno, sen visos de recuperar ou reformular no momento de creación do MGSM. Este feito era especialmente grave en situación de crise económica, a pesar de que a OMS advertira no inicio da recesión que as políticas de protección social e sanitarias que se desenvolvesen para mitigar os efectos da crise ían ser definitivas en termos de saúde e vidas.

— **Funcionamento antidemocrático dos servizos e institucións do SERGAS:** o recorte en dereitos asistenciais dos doentes, en dereitos laborais dos profesionais, a sobrecarga sostenida no tempo e a falta de planificación creaba un ambiente de presión e de tensión que empeoraba ao non existir canles de información e participación na elaboración de propostas por parte tanto das persoas usuarias como das profesionais. Non só non se facilitaba, senón que se impedía unha organización máis democrática.

É importante sinalar que desde o inicio da crise económica houbo unha especie de campaña de *marketing* que logrou introducir a idea de responsabilidade/culpa da poboación sobre a orixe da crise. Esta idea chegou a calar en profundidade como para explicar certa inacción social. Mensaxes desde os gobernos como «*vivimos por enriba das nosas posibilidades*», «*facer máis con menos*» e semellantes contribuíron a individualizar en parte o efecto dunha crise mundial

e, ao mesmo tempo, ocultaban con eufemismos a magnitud do dano e sufrimento en curso (desaceleración en vez de crise, reformas en vez de recortes ou taxa de crecemento negativo en vez de recesión).

O Manifesto fundacional do MGSM, presentado aos medios de comunicación en marzo de 2014, contén esta análise da situación, pero tamén toda unha declaración de principios, asumindo o compromiso de actuar, de elaborar coñecemento e propostas alternativas, de informar á poboación, de denunciar e mobiliar para mudar o estado de cousas, de defender o público e esixir o respecto aos dereitos sociais e sanitarios.

O MGSM poñíase en marcha. A primeira acción na que se implica o movemento é un claro exemplo dos principios que van guiar o seu transcorrer: a apostas polo compromiso e a mobilización social para virar os intentos de desmantelamento do público e de conculcación dos dereitos máis básicos. Nesta primeira actuación tras a mobilización de profesionais e persoas afectadas, logrouse paralizar o peche dunha Unidade de Hospitalización Psiquiátrica que pretendían fora definitivo, vulnerando

o dereito á protección da saúde, e tendo que denunciar ao mesmo tempo os intentos de coacción de profesionais que non estaban de acordo cos recortes propostos.

TRAXECTORIA DO MOVEMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL NA DEFENSA DOS DEREITOS

Non é posible pola súa extensión nin é o obxecto deste artigo detallar todas as actividades levadas a cabo polo MGSM desde o seu inicio. Si nos parece importante compartir o que cremos son os elementos nucleares a desenvolver desde os movementos cidadáns para acadar os obxectivos de cambio desde a acción social.

1 — As xornadas do MGSM e outros espazos de creación de coñecemento

En primeiro lugar, faise imprescindible dotarnos dun espazo de encontro diverso, aberto e



Foto cedida polos autores

horizontal que facilite xerar novos coñecementos sobre cuestiós arredor da saúde mental, que potencie o debate e reflexión entre todas as persoas participantes e permita ampliar a capacidade de traballo do MGSM, saíndo dos reducionismos nos que con frecuencia se actúa desde o mundo profesional sanitario.

En proceso de preparación das X Xornadas do MGSM, en tódalas edicións a referencia aos dereitos (fundamentais, civís, sanitarios, sociais, laborais...) é unha constante como nexo común e columna vertebral da filosofía do Movemento. Outro dos acenos de identidade do MGSM é a capacidade para integrar a todos os colectivos significados en saúde mental: primeira persoa, profesionais, sindicatos ou redes asociativas.

Foron temas tratados nestes espazos de reflexión e debate: os efectos da crise económica na saúde mental da poboación; a situación dos recursos asistenciais e dotacións profesionais e o seu efecto nunha atención de calidade; as dificultades da primeira persoa para participar de pleno dereito na planificación, organización, xestión dos recursos e propostas de mellora dos servizos sociais e de saúde mental;

controversias arredor dos tratamentos involuntarios; os suicidios; a existencia da contención mecánica e outras medidas coercitivas; a modificación xudicial da capacidade xurídica das persoas con discapacidade; a protección xudicial dos dereitos asistenciais; os discursos do poder en saúde mental; a perspectiva de xénero en saúde mental; a pobreza; as dificultades da mocidade para acadar un proxecto de vida digno; as diversidades; o traballo como fonte de malestar e como posibilidade de recuperación; as violencias; o problema da vivenda... son temas tratados ao longo destes anos, tanto nas xornadas anuais como en distintas mesas redondas realizadas en datas de especial significado.

Fronte a discursos imperantes que individualizan o sufrimento, restrinxido a unha exclusiva orixe biolóxica, as xornadas do MGSM amplían e trasladan á opinión pública o foco de análise e intervención aos determinantes psicosociais da saúde e o malestar, resaltando a importancia da mellora das condicións do existir, en liña cos posicionamentos das principais organizacións internacionais en relación coa saúde e os dereitos humanos e do propio



Foto cedida polos autores

coñecemento científico. Fálase do importante e do socialmente relevante.

2 — Comunicados de denuncia dirixidos a responsables sanitarios, representantes políticos e cidadanía, e os actos de «rúa».

De acordo cos seus principios fundacionais, o MGSM nace con vocación de promover o compromiso, a participación e a mobilización para frear o deterioro na atención á saúde mental, mellorar os recursos asistenciais historicamente carenciais e contribuír a un cambio de paradigma en saúde mental onde os dereitos sexan a pedra angular da atención. Isto non se realiza en abstracto ou soamente desde un plano intelectual e restrinxido a ámbitos, por exemplo, exclusivamente profesionais.

Ao contrario, a cidadanía ten que estar informada, tomar conciencia e resolver cuestiós que lle pertencen como tal, deixando de estar o tema da saúde mental no espazo excluído que tradicionalmente se lle asignou. A través de comunicados públicos, difundidos a través das nosas redes sociais e medios de comunicación, a cidadanía puido estar informada e posicionarse sobre situacions de desigualdade no trato sanitario ou vulneración de dereitos que se están a producir e pódense prever.

Participamos en entrevistas ou elaborando artigos de opinión na prensa escrita, radio e televisión, e como invitados en diversos foros cidadáns, profesionais ou sindicais, na idea de ampliar a información a todos os sectores sociais posibles.

Como representantes da cidadanía, o MGSM fixo partípice en todo momento aos diferentes grupos políticos, e especialmente aos grupos parlamentarios en cada unha das lexislaturas transcorridas, da existencia de diversas irregularidades e situacions de potencial vulneración de dereitos, do estado dos servizos de saúde mental e as súas carencias de planificación,

dotación técnica ou recursos asistenciais, e das propostas de mellora que considerábamos relevantes. Froito desta comunicación, a saúde mental foi un tema recorrente nos debates políticos no Parlamento de Galicia, tanto en comisiós como en pleno, a través de múltiples iniciativas e proposiciós parlamentarias.

Son un exemplo as diversas declaracions públicas realizadas nos anos 2014 e 2015, onde a política de austeridade, recortes e desmantelamento do público levou á Consellería de Sanidade a intentar pechar camas das unidades hospitalarias de psiquiatría e mesmo intentar pechar unha unidade enteira, tendo que desvelar o MGSM os diversos intentos dos gobernantes de maquillar a demanda asistencial con datos falseados, con ordes de non ingresar ou ordenando altas precipitadas cando non temerarias.

Tamén se realizaron diversos comunicados denunciando a falta de profesionais sanitarios de todas as categorías, que en dispositivos más sensibles, como son os de hospitalización ou de rehabilitación (o estado de cousas chegou á mínima dotación profesional posible nunha unidade de rehabilitación, fito que se alcanzou no Hospital Nicolás Peña de Vigo en 2016, cando unha soa profesional TCAE era responsable de cubrir a quenda de noite), xeran situacions de maior risco na seguridade dos pacientes e do persoal, causando mortes por suicidio ou agresiós, ou facilitando a adopción de medidas coercitivas non carentes de risco vital como son as contencións mecánicas. Neste sentido, ademais das carencias de persoal, sinalouse a falta de protocolos de prevención de suicidios no ámbito hospitalario ou de medidas alternativas ás prácticas coercitivas, criticáronse situacions puntuais de vulneración de dereitos e de decisións arbitrarias de restrición de liberdades sen xustificación clínica, como as producidas no Hospital de Calde en 2016.

Elaboráronse comunicados denunciando a creación de novos dispositivos asistenciais

con déficits estruturais e de recursos, como a unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil de Santiago (e os anuncios repetidamente falsos de inminente apertura da súa equivalente na área sanitaria de Vigo), ou os hospitais de día infanto-xuvenís (sen a dotación multiprofesional necesaria, en espazos reducidos e sen prestacións como un comedor ou a figura de docentes, imprescindibles nestas franxas de idade) ou as unidades de hospitalización psiquiátrica de adultos de Vigo (sen profesionais suficientes, sen espazos de descanso reservados para o persoal e masificadas desde un inicio, a pesar de situarse nun hospital recentemente construído).

Tamén foi obxecto de denuncia pública o proceso de externalización/transinstitucionalización fracasada de pacientes ingresados en hospitais públicos cara concertados con devolución ao seu centro público de referencia cando non houbo acordo cos prezos, como ocorreu na externalización de pacientes do Hospital Psiquiátrico de Conxo a un centro privado entre os anos 2011 e 2017. Ou a falta de recursos adecuados nas residencias socio-sanitarias, que sendo como están infradotadas en persoal, tampouco se lles da ás súas profesionais a formación necesaria para abordar novas necesidades, feito que o MGSM leva denunciado xa desde o ano 2016.

Un apartado propio merecen as actuacións do MGSM a partir do coñecemento do informe que o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura (MNP)-Defensor del Pueblo realizou tras a visita a finais de 2017 ao Hospital Psiquiátrico de Conxo. Este organismo público vela polo cumprimento dos dereitos fundamentais das persoas que están en centros de privación de liberdade, entre os que se atopan os hospitais psiquiátricos.

Neste informe, dáse conta de graves vulneracións de dereitos dos e das pacientes ingresados no hospital. É un informe vinculante, no que o goberno galego a través da Administración sanitaria debe responder con celeridade

e resolver todas as cuestións que chocan cos dereitos das persoas que ái residen. Ademais, facía fincapé na situación de precariedade na que estaba o edificio a nivel arquitectónico.

Este documento do MNP pasaría totalmente desapercibido se o MGSM non o divulgara e estivera constantemente enriba para que o goberno cumprira coas súas obrigas. As primeiras respostas da Xerencia da Área Sanitaria só podían cualificarse de vergonzosas. O bo fazer do MNP reclamando e volvendo a visitar o centro e a presión social conseguiron que, aínda que inacabadas, se mellorasen tanto as condicións de vida como asistenciais das doentes. Pero, unha vez mais, queda camiño por percorrer, e como outros aspectos, o conseguido pódese perder se non hai impulso.

Para finalizar esta sección, quixéramos destacar tres grandes accións reivindicativas do MGSM de especial alcance, pola gravidade do que estaba a acontecer e porque salientan a importancia de sensibilizar e concienciar á ciudadanía sobre estas cuestións e promover cambios estruturais no xeito de entender a atención en saúde mental. Estas accións trasladáronse ás rúas, nun maior esforzo de visibilización social.

Campaña Badaladas pola prevención do suicidio

En Galicia, o suicidio foi e é un problema de significada gravidade, sendo a nosa comunidade a que ten a máis alta taxa de mortalidade no Estado Español por esta causa. No ano 2014 alcanzouse o pico máis alto das últimas décadas, con 394 mortes por suicidio. Apenas baixou das 300 mortes anuais en todo este tempo. En Galicia, case cada día falece unha persoa por suicidio.

Sorprendía, pola contra, que ante esta realidade a resposta social estivera instalada nun certo derrotismo ou na inevitabilidade de que apenas se podía facer nada. Forma parte dos mitos que rodean ao suicidio e impiden



Foto cedida polos autores

dar respostas efectivas. Máis sorprendente, se cabe, era a resposta da Xunta de Galicia. Non había mención algúna na avaliación da Estratexia SERGAS 2014 nin visos da elaboración dun plan preventivo.

Desde os inicios, o MGSM puxo en primeiro lugar a súa preocupación arredor do suicidio, recordando que este é un problema de saúde pública de primeira magnitude e así debía concibirse. Requiría un plan específico, multinivel e multisectorial, onde as distintas consellerías e as distintas administracións se coordinasen en accións concretas e definidas.

Iniciamos a campaña Badaladas o 3 de maio de 2016, sostendo todos os días na Praza de Praterías de Santiago de Compostela un acto simbólico no que recordábamos que cada día falece unha persoa por suicidio. Un acto sinxelo, pero constante, que logrou reunir o

apoio de persoas individuais, persoas coñecidas do mundo da sanidade, da cultura, dos movementos veciñais, asociativos, representantes políticos, axentes sociais etc. que cada día viñan fazer soar a badalada. Foi tal o clamor social que se logrou rachar coa campaña de silencio fronte ao suicidio, e é así que o 30 de xuño demos fin á campaña diaria (co acto estendido e simultáneo a todas as áreas sanitarias de Galicia), tras o compromiso do goberno galego de iniciar a elaboración do Plan Galego de Prevención do Suicidio, que veu á luz o ano seguinte.

Cada ano, o 10 de setembro, Día Mundial da Prevención do Suicidio, volvemos a realizar este acto simbólico porque aínda é necesaria unha maior sensibilización social e a reivindicación do que falta por facer a nivel gobernanmental e porque ningún plan funciona sen o compromiso firme e constante e cos medios



Foto cedida polos autores

necesarios, algo que áinda se está moi lonxe de acadar.

Psiquiatria do CHUAC. Cuarto de contención. Peche Xa!

Desde o ano 2016, o MGSM denunciou que, entre outras eivas e irregularidades importantes na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de A Coruña, estaba a existencia dun chamado «cuarto de contención», con tres camas habilitadas para tal fin, mixto, separadas por cortinas e de uso recorrente. Ese mesmo ano, un paciente falecera estando en contención, un incidente crítico de máxima gravidade. Trasladouse aos responsables sanitarios e políticos esta información e a esixencia de pechar tal habitación, así como resolver todas as carencias en recursos materiais e profesionais, e establecer un plan de contención cero. En decembro de 2018 a situación seguía sen resolverse.

Iniciamos unha campaña «Contención cero» o 8 de decembro de 2018, acudindo todos os sábados á praza do Obelisco en A Coruña, nun acto no que se escenificaba unha práctica de contención mecánica. Ao mesmo tempo realizabamos un escrito perante a Fiscalía para informar deste suceso, así como se presentaba por primeira vez no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei de erradicación das contencións mecánicas, da man do Grupo parlamentario do BNG.

A campaña finalizouse o 19 de xaneiro de 2019, cando tivemos constancia de que o CHUAC pechara o ignominioso cuarto de contención.

Esta campaña forma parte dun plan máis amplio de erradicación das contencións mecánicas e outras prácticas coercitivas. Mantemos este acto simbólico primeiro o Día Mundial da Saúde Mental e, nos últimos anos, o 10 de decembro, Día dos Dereitos Humanos; porque, de novo, áinda queda moito camiño por percorrer para lograr o obxectivo contención

cero. Novamente, a sensibilización e o apoio social está na base dos cambios.

Vacinación covid para as persoas ingresadas en centros psiquiátricos: #que nin-guén quede atrás.

Desde o inicio da pandemia COVID-19, o MGSM estivo moi pendente de como se estaba a manexar a emerxencia sanitaria nos distintos centros de saúde mental, especialmente nos centros de ingreso, denunciando calquera incidencia que significase un trato diferente a outros colectivos. Nos primeiros meses de pandemia, foi o esforzo do persoal dos centros por reducir as posibilidades de contaxio o verdadeiro «plan de continxencia» que as xerencias non elaboraran. Por parte das autoridades sanitarias non se actuou coa celeridade necesaria nin no momento de máxima activación de medidas nin na fase de reactivación unha vez pasadas as primeiras ondas.

Chega o esperado momento das primeiras vacinacións e con iso a sorpresa de que as persoas residentes nos hospitais psiquiátricos non estaban dentro do grupo de prioridade para vacinarse, sendo que cumplían os criterios de priorización do Ministerio de Sanidade (risco de gravidade, de exposición, de impacto e de transmisión, de intensidade alta en todos eles) e, polo tanto, deberan estar assumidos no grupo I: *persoas internas e persoal sanitario e socio-sanitario en residencias de persoas maiores e con discapacidade.*

Ou ben esquecéranse dos pacientes dos hospitais psiquiátricos ou ben non os tiveron en conta!

Realizouse unha campaña de visibilización a través de redes e presencial, ademais de escritos dirixidos aos responsables políticos, para denunciar esta decisión claramente discriminatoria, contando co apoio total dos e das profesionais do Hospital Psiquiátrico de Conxo, que vían con auténtica sorpresa como o persoal sería vacinado e non os e as pacientes a quen prestaban atención día a día. Logrouse

a pronta vacinación dos pacientes do Hospital Psiquiátrico de Conxo e do resto de centros psiquiátricos galegos.

3 — Documentos de propostas de mellora na atención á saúde mental

Outro dos obxectivos marcados desde o inicio do MGSM é o de elaborar propostas, ofrecendo alternativas de mellora, creadas de forma participada por todos os colectivos concernidos e integrando as diferentes experiencias e visións.

Para que unha acción sexa realmente efectiva ten que poder construír un espazo de coñecemento, reflexión e debate sobre as cuestións significativas, creando unha masa crítica; ten que ser capaz de informar dese coñecemento, divulgando para sensibilizar e concienciar á ciudadanía; ten que poder ser capaz de denunciar publicamente aquelas situacións que vulneran os dereitos, o bo trato e a mellor atención posible; pero tamén ten que ser capaz de proponer alternativas ás situacións que se pretenden superar. Dicir o que vai mal, pero tamén o que se podería facer.

Neste sentido, o MGSM leva elaborado diferentes documentos de propostas que pretenden recoller toda a complexidade arredor dos procesos de saúde mental e a súa atención desde todos os ámbitos, como os sanitarios, sociais ou xurídicos. A metodoloxía seguida, de grupos de traballo plurais, conformados por persoas provenientes do eido profesional e non profesional, tales como colectivos en primeira persoa, asociacións cidadáns ou sindicatos, vólvese crucial para abordar estas melloras desde os consensos amplos e o recoñecemento mutuo.

Orientacións marco para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental (2017)

Desde os seus inicios, o MGSM insistiu na urgencia de elaborar un plan de prevención do suicidio e un plan de saúde mental e denun-

ciou a través de distintas canles o desleixo do goberno galego ante unha cuestión, a saúde mental, na que había indicadores contrastados de aumento exponencial na problemática de saúde mental ao mesmo tempo que se reducían uns recursos xa de por si gravemente deficitarios. A resposta inicial da Xunta de Galicia á proposta realizada desde diversos sectores da sociedade e polos grupos da oposición de xeito unánime no Parlamento de Galicia foi negar o alcance dos danos e da necesidade mesma dunha planificación específica en materia de saúde mental, que nos documentos sanitarios xerais en vigor naquela época, como a Estratexia Sergas 2014, non ocupaban máis que un parágrafo.

Finalmente, a principios do ano 2017, o Conselleiro de Sanidade anuncia que se comezaría a elaborar un plan estratéxico de saúde mental. Conscientes da importancia dun documento planificador, tanto nos aspectos conceptuais de modelo como dos recursos que se provean, a Coordinadora do MGSM formou un grupo de traballo que definise as liñas mestras que deberan orientar o futuro plan galego de saúde mental: un modelo comunitario onde o principal referente foran os dereitos das persoas e enfocado cara a erradicación das prácticas coercitivas, como a contención mecánica; o enfoque de xénero debendo atravesar todas as propostas de planificación e atención; a primeira persoa como interlocutor fundamental; a importancia de guiarse polos datos e indicadores, para poder corrixir os desequilibrios e inequidades existentes; o reforzo da atención primaria e o énfase na prevención; a incorporación de novas categorías profesionais e novas formas de resposta ás necesidades, para avanzar nunha atención verdadeiramente integral; e unha inversión orzamentaria axeitada para que non sexa un «plan no papel» sen posibilidade real de materializarse.

Asistimos nos seguintes anos a unha serie de anuncios dun plan 2017-2020 que non daba cristalizado. Tivo que chegar unha nova crise mundial, esta vez en forma de emergencia

sanitaria pola pandemia COVID-19, de enormes repercusións emocionais nunha poboación máis sensibilizada sobre saúde mental. Insistimos nesa época que un novo anuncio de plan non podía ser unha estratexia propagandística en pleno período electoral. Finalmente, sae á luz o Plan Galego de Saúde Mental post-covid-19. Periodo 2020-2024, a poucas horas de iniciarse a campaña electoral de 2020.

De novo, todo o traballado desde diversos sectores e niveis (desde a rúa ao parlamento; desde os movementos asociativos e profesionais ata os representantes políticos) dá os seus froitos, e o documento planificador inclúe cuestións fundamentais, como todo o que está relacionado cos dereitos. Así, por exemplo, recóllese como obxectivos a implantación da planificación anticipada das decisións ou a erradicación das contencións mecánicas. Agora ben, non basta con declaracións de intencións, senón que eses obxectivos deben concretarse en medidas contrastadas, e iso está lonxe de acadarse, polo que desde o MGSM seguimos traballando por que se culmine en accións concretas, ademais de que se materialicen punto por punto cada unha das liñas programadas, coas asignacións de recursos requiridas.

Grupo de traballo de elaboración da carta de dereitos das persoas usuarias de servizos de saúde mental (2018)

Este é un grupo de traballo especialmente significativo xa que aborda a pedra angular da atención á saúde mental. O respecto aos dereitos das persoas diagnosticadas é unha obriga legal procedente de normas nacionais e tratados internacionais; é tamén un imperativo ético; é a condición principal para o progreso das ideas sobre o «trastorno mental» e o sufrimento psíquico; é a base fundamental da adecuada planificación e dotación dunha resposta asistencial e sanitaria que teña as necesidades da persoa como guía e centro da súa actuación; é o referente principal para guiar

a modificación das actitudes sociais e institucionais sustentadoras do estigma; é o requisito para facer posible o protagonismo das persoas directamente afectadas nos seus procesos de recuperación preservando así a súa condición de cidadás ou ciudadáns; é un medio para o avance na construción dunha sociedade máis plural, cohesiva, inclusiva, igualitaria, e defensora da valiosa diversidade das persoas e colectivos humanos que a integran.

O MGSM acorda así a constitución dun grupo de traballo multidisciplinar co fin de elaborar un documento comprensivo dos dereitos recoñecidos e esbozar propostas para o seu desenvolvemento. Coa participación de persoas do ámbito sanitario, xurídico, e desde o colectivo de primeira persoa, elaborouse unha guía divulgativa sobre os dereitos das persoas usuarias de servizos de saúde mental.

Entre outros: o recoñecemento da personalidade xurídica e da capacidade en igualdade de condicións coas demais persoas en todos os aspectos da vida; a recibir, conforme á lei, o apoio que poidan necesitar no exercicio da súa capacidade, con salvagardas adecuadas e efectivas para impedir os abusos; á liberdade e seguridade persoais. Non se privará ás persoas da liberdade ilegal ou arbitrariamente e calquera medida de privación da liberdade será adoptada de conformidade coa lei, respectando sempre o principio de restrición mímina e, en caso de ingreso ou tratamento non voluntario, respectaranse tódalas garantías esixidas pola lexislación vixente; dereito a coñecer e recibir información sobre os protocolos e procedementos regrados baixo os que se aplicarán as medidas de contención mecánica en caso de ser necesarias; dereito a recibir información en linguaxe comprensible de todo o relacionado co seu proceso. A esta información tamén terán dereito os familiares ou achegados se o doente así o autoriza; dereito a ter un libre exercicio da sexualidade sen que sexa menoscabado pola condición de paciente psiquiátrico; dereito a realizar as reclamacións que se consideren oportunas; dereito a esixir

todas as medidas cautelares cando se produza un ingreso involuntario (presencia de Xuíz e médico forense, e asistencia letrada, segundo ditame...) e un amplio etcétera.

Recursos en saúde mental. Grupo de traballo sobre dotacións profesionais en saúde mental no Servizo Galego de Saúde (2019)

Ao contrario do recomendado polas institucións sanitarias internacionais sobre como reaccionar ante os efectos en saúde mental da crise económica iniciada en 2008, en Galicia a política de saúde mental caracterizouse pola paralización do desenvolvemento de recursos asistenciais e plans en execución (*desplanificación*), pola limitación *de facto* das prestacións recoñecidas como dereitos (*recortes*) e polo traslado a instancias de titularidade privada de funcións e obrigas da rede sanitaria pública (*privatizacións*).

No camiño de reverter esta situación, o MGSM presentara os documentos anteriormente sinalados, de propostas de mellora na planificación e desde unha perspectiva de dereitos. Correspondía agora avaliar o estado da rede pública asistencial de saúde mental, tendo como referencia os documentos planificadores existentes, elaborados e asumidos pola Consellería de Sanidade na historia da Comunidade Autónoma Galega.

Tras a aprobación en 1986 da Lei Xeral de Sanidade, créase en Galicia a **Comisión Asesora en materia de Saúde Mental**, que terá como obxectivos os de asesoramento, realización de estudos e informes sobre aspectos concretos de atención en saúde mental, e elaboración dunha proposta de Plan de Saúde Mental.

Esta Comisión Asesora elabora en 1987 o *Documento de bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental* onde desenvolverán, entre outras cuestiós, unha descripción e funcionamento dos dispositivos de atención á saúde mental,

recursos recomendados e os existentes nese momento, aspectos de docencia, investigación e formación, e a avaliación en saúde mental. En 1996, modifícase a composición da Comisión Asesora e realizan unhas recomendacións para corrixir aqueles aspectos nos que se observa unha desviación dos obxectivos propostos ou que non foran desenvolvidos. Elaborarán en 1997 o documento *Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia*.

Ambos documentos da Comisión Asesora resumían o estado da asistencia á saúde mental, as necesidades de recursos materiais e de dotación profesional, e recollían diferentes recomendacións para a mellora da calidade asistencial. Nos anos que transcorren desde o último documento, comprobaríamos que non se chegaron a resolver todos os puntos de mellora tanto na creación de dispositivos como en dotación de persoal, como no modelo asistencial baseado no comunitario.

O MGSM constituíu un grupo de traballo multidisciplinar, co encargo de elaboración do estudo que permitise estimar as necesidades de dotacións profesionais mínimas, desde a certeza que ningún plan de atención sería eficaz sen profesionais que a realicen, nin podería ter credibilidade se non expresa compromisos concretos de dotación dos mesmos no Servizo Galego de Saúde. Non era aceptable ningunha consigna de «*facer máis con menos*» que tanto escoitáramos nos anos anteriores.

O panorama de 2019 en canto a recursos profesionais era desolador. Todas as categorías profesionais adoecían dunha dotación insuficiente para realizar as funcións que teñen asignadas. Conforme ó número de profesionais recomendados, a enfermería estaba nun 49 % da dotación recomendada; a psicoloxía clínica a un 50.2 %; a terapia ocupacional a un 32 %, o traballo social a un 26.8 %, e a psiquiatría a un 68 %. As TCAEs eran as profesionais con mellor dotación con respecto as recomendacións, chegando ó 85 %. En xeral,

tiñamos unhas proporcións de recursos profesionais por debaixo das medias españolas e europeas, e moi por debaixo dos países clasificados como de altos ingresos pola *World Bank Income Group*, entre os que se atopaba España (ratios por 100.000 habitantes).

O documento de traballo do MGSM recomenda en 2019 incrementar 30 celadores, 215 enfermeiros/as de saúde mental, 80 psicólogos/as clínicos/as, 82 psiquiatras, 71 TCAEs, 37 terapeutas ocupacionais e 71 traballadores/as sociais. Sendo un cálculo de mínimos, xa que estabamos a referenciar en base ao documento de 1997, sen ter en conta o aumento da prevalencia de problemas de saúde mental, o aumento da demanda de consultas e o efecto da crise económica.

O documento sobre recursos ten unha repercusión extraordinaria a nivel social e político, xa que concreta os déficits en dotación profesional contabilizando os recursos que existían nese momento e dos que non había información oficial clara. A ausencia de información era unha tónica recorrente que denunciábamos desde o primeiro momento.

O Plan de Saúde Mental poscovid 2020-24, presentado como o plan estatal máis ambicioso ata o momento, recollerá un aumento previsto de 241 profesionais (entre todas as categorías), menos da metade das prazas aconselladas por comisións asesoras de anteriores gobiernos do mesmo signo político. O MGSM segue, a día de hoxe, a confrontar con datos, a ineficiencia do modelo actual e a falta de inversións necesarias para acadar unha atención digna e resolutiva.

Documento marco para a elaboración dun plan galego de erradicación do uso das contencións mecánicas nos servizos de saúde mental (2023)

O MGSM vén desde o ano 2014 sinalando a vulneración de dereitos humanos no eido da saúde mental e esixindo o seu cumprimento.

E, como non pode ser doutro xeito, un dos seus principais campos de acción é precisamente o da necesaria erradicación inmediata da contención mecánica.

Un fito importante neste obxectivo foi a mencionada campaña «Contención cero. Psiquiatría do CHUAC. Cuarto de contención: peche xa!», desenvolvida nos meses de decembro de 2018 a xaneiro de 2019, para denunciar a existencia na planta de hospitalización psiquiátrica de A Coruña dun cuarto expresamente utilizado para tal fin, con trescamas de uso mixto e simultáneo.

Ese mesmo mes de xaneiro de 2019, o MGSM presentou aos grupos parlamentarios unha *Proposición sobre a contención mecánica de persoas atendidas en institucións psiquiátricas e residenciais*, en liña coas recomendacións, propostas e estándares mencionados dos diferentes organismos internacionais. O Bloque Nacionalista Galego asumió este documento, presentándoo no Parlamento de Galicia como Proposición non de Lei. Esta foi debatida o 20 de febreiro de 2019 na Comisión 5^a, de Sanidade, Política Social e Emprego, entrando así a cuestión de forma explícita na actividade parlamentaria. Desafortunadamente a Proposición non foi aprobada, a pesares do apoio unánime da oposición, debido ao voto en contra do partido do Goberno.

Anos despois, a Xunta de Galicia recoñeceu a necesidade de eliminar o uso das contencións establecendo un obxectivo, tenue, de avanzar cara este fin no Plan de Saúde Mental poscovid. Con todo, un obxectivo tan transcendente para a vida das persoas diagnosticadas non pode quedar reducido a un punto máis dun plan máis amplio, senón que require un espazo e concreción detalladas.

Coa idea de compartir o coñecemento, visión e experiencias e resaltar os principios que deben guiar un plan e os fundamentos xurídicos, organizativos e asistenciais, realizamos, en novembro de 2022, unha xornada de traballo onde invitamos a participar a persoas

vinculadas a sectores tan diversos como o dos movementos sociais en defensa dos dereitos, o sector xurídico, profesionais da saúde mental e a atención primaria, atención socio-sanitaria, sindicatos, feminismos e afectadas en primeira persoa.

Desde o principio de que a eliminación das contencións mecánicas non só é posible, senón que é inevitable, enumeramos a lexislación e normativas vixentes, as diferentes experiencias contrastadas a nivel mundial, as recomendacións ofrecidas por diferentes organismos públicos en base a esas experiencias e os puntos que han de incluírse nun plan de «contencións cero».

A contención mecánica é a acción mediante a cal se inmobiliza a unha persoa, usualmente a través de correas de suxección e fixándoa xeralmente a unha cama. Deste xeito limítase radicalmente o seu movemento e a súa autonomía, sendo a persoa reducida ao espazo que ocupa o seu corpo. É esta unha práctica coercitiva, das máis traumáticas a curto, medio e longo prazo, e non é infrecuente que se utilice xunto con outras como a contención farmacolóxica (con fins de sedación para o control do comportamento ou restrición da liberdade de movemento) ou como a redución física da persoa para colocarle as ataduras.

As contencións mecánicas non teñen un carácter terapéutico. Non existen estudos que avalen a efectividade de tales prácticas coercitivas na prevención de comportamentos disruptivos e, porén, si se recolle a existencia de graves efectos negativos na saúde física e mental das persoas que a sofren; e tamén naquelas que se ven na obriga de practicalas.

Debe partirse da idea principal de que a contención é un fracaso no proceso de tratamiento e de que en ningún caso é unha medida terapéutica. A única meta aceptable é a erradicación da mesma en tódolos espazos sanitarios e residenciais. Para lograr o obxectivo de con-

tención cero, deben seguirse unha serie de principios:

Compromiso e liderado institucional: a través de declaración expresa, sostida e con inversión decidida nos recursos necesarios para cambiar a cultura organizacional e o modelo asistencial en saúde mental, desde o enfoque dos dereitos.

Monitorización dos datos: a través de rexistros oficiais e anonimizados, desagregados por unidades, que permita coñecer con exactitude o número de contencións, duración e circunstancias nas que se produciron, incluíndo un espazo reservado para o informe das persoas obxecto da contención

Formación e capacitación dos profesionais: formación continuada, intersectorial e multidisciplinar, que vaia mais aló da formación sobre os procedementos de uso das contencións. Debe formarse en como evitar a contención mais que en como realizala.

Revisión das políticas de prevención da contención e o illamento: a través da avaliación das necesidades en recursos humanos, dos espazos físicos nos centros hospitalarios e residenciais, das normas organizativas evitando arbitrariedades e a creación de equipos de intervención en crise.

Implicación dos/as usuarios/as: na planificación, seguimento e propostas do plan de erradicación, a introdución de profesionais expertos por experiencia, e incrementando a participación das persoas usuarias no funcionamento das salas.

Análise postincidente: debe analizarse cada episodio de contención mecánica realizada, considerada como evento sentinel, a través dunha metodoloxía planificada de cara a esta-

blecer un plan de mellora e de prevención de sucesos futuros.

REFLEXIÓNS SOBRE O FUTURO

Todas as accións do MGSM ao longo destes anos xiran en torno a dous obxectivos nucleares: a defensa dunha atención á saúde mental baseada nos dereitos e a defensa dos servizos públicos.

A perspectiva dos dereitos en saúde mental significa asumir que é a clave da recuperación da persoa afectada e un acto de reparación social ante un colectivo historicamente mal-tratado, obxecto de prexuízos, discriminación e violencias, incluída a estrutural, a que provén das propias Institucións.

A **Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade** recórdanos de forma taxativa que todas as persoas teñen o mesmo valor e, polo tanto, deben ter garantidos os mesmos dereitos.

Os mitos que se manteñen a día de hoxe, a pesar das evidencias, como a suposta perigosidade, imprevisibilidade ou incapacidade xeral e continua, son sostidos a nivel social, incluíndo a sectores profesionais con maior achegamento a persoas con problemas de saúde mental, como poden ser os sanitarios, pero tamén de servizos sociais, xustiza ou das forzas e corpos de seguridade do Estado.



Foto cedida polos autores

Esta realidade facilita que se perpetúe unha cultura da sobreprotección e control, o paternalismo, a asimetría de poder ou a coerción, de tal xeito que medidas que poidan limitar determinados dereitos fundamentais, como a liberdade, a autonomía nas decisións ou a intimidade pódense adoptar de xeito arbitrario, erradamente preventivo ou xeneralizado en base a un diagnóstico determinado e non atendendo ás circunstancias concretas da persoa particular. É o que se ten chamado en diferentes organizacións internacionais como a ONU ou o Consello de Europa «a cultura da coerción».

Afortunadamente esta percepción vai cambiando. Por poñer dous exemplos a nivel do Estado español:

A Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, sitúa á persoa, a súa vontade, desexos e preferencias no centro do seu coidado, afastándose do excesivo protecciónismo e eliminando a figura do que chamamos «incapacitación legal», onde a figura dun titor ou titora substituía á persoa con discapacidade nas decisións de amplas áreas da súa vida.

Temos tamén a *Instrucción 1/2022, de 19 de xaneiro, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre o uso dos medios de contención mecánicos ou farmacológicos en unidades psiquiátricas ou de saúde mental e centros residenciais e/ou sociosanitarios de persoas maiores e/ou con discapacidade*, que sinala que o uso da contención mecánica debe guiarse necesariamente polos principios de coidado, excepcionalidade, necesidade, proporcionalidade, provisionalidade e de prohibición do exceso, e que han de buscarse alternativas ao uso das prácticas coercitivas.

Con todo, non debemos dar por feito que se respectan os dereitos das persoas psiquiatrizadas pola existencia da normativa, senón que hai que asegurarse que se fan efectivos. E isto está lonxe de conseguirse. Aínda non hai elaborado un plan de erradicación do uso

de contencións mecánicas e outras prácticas coercitivas, o uso da aplicación do Sergas de rexistro das contencións non se utiliza de xeito uniforme, ten frecuentes errores á hora de poder utilizalo e non hai estatísticas autonómicas sobre lugar, tempos, condicións e outros factores de uso das mesmas, como para poder coñecer a realidade e poder abordala co obxectivo «contención cero». A formación sobre o uso de contencións está mais dirixida a facelo ben que a non ter que facelo.

Por outro lado, tamén en relación cos dereitos das persoas con problemas de saúde mental, está a realidade de que con frecuencia sofren condicións de existencia máis desfavorables e teñen menor acceso aos recursos sociais, sanitarios, económicos ou políticos, sendo colectivos en risco de exclusión social.

Queda moito por facer para que a sociedade tome conciencia de que a saúde mental está multideterminada e conéctase intimamente cos determinantes individuais, sociais e estruturais que dan orixe, agravan ou perpetúan a mala saúde mental de individuos e sociedades. Tomar conciencia, supón falar de saúde mental e pobreza, precariedade, violencias, estereotipos de xénero, discriminacións, mala saúde física, carencias materiais ou afectivas e a sinalada exclusión social. Non se pode seguir cos discursos biolóxicos excesivamente reducionistas que pretenden dar unha resposta individual a cuestións que concirnen a toda a sociedade.

E, finalmente, e relacionado con isto último, está a importancia de defender os servizos públicos nos diferentes ámbitos, non só o sanitario, como garantes da universalidade, equidade e xustiza necesarios para reducir as desigualdades sociais que están na base do malestar, físico e mental, cando non da mera supervivencia. As crises son momentos de especial risco de involución en dereitos e afondamento de desigualdades. Puidémolo comprobar durante a recesión económica de 2008, que motivou a creación do MGSM, e



Foto cedida polos autores

puidémolo comprobar na emerxencia sanitaria pola pandemia COVID-19, de efectos sobre saúde mental más controlados porque se levaron a cabo políticas más garantistas de protección social. Aínda así, houbo diferenzas no trato ás persoas con problemas de saúde mental.

Non podemos caer no perigoso erro de pensar que, unha vez consolidados, os dereitos humanos, civís, sanitarios, sociais, van a permanecer de forma definitiva. A terrible realidade actual, de pobos que están sendo exterminados nun novo xenocidio diante do mundo enteiro, é o recordatorio de que os dereitos más básicos poden perderse nun segundo.

Queda traballo por facer e é responsabilidade de todos e todas, desde a sociedade civil a sectores profesionais, políticos ou sindicais. O MGSM é un modesto exemplo de como se

poden conformar accións que unan a persoas para conseguir cambios sociais.

Como dicíamos nun lema inicial: *máis democracia con más xustiza=máis saúde!*

Bibliografía

Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. *Boletín Oficial del Estado*, 132, de 3 de xuño de 2021. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2021/BOE-A-2021-9233-consolidado.pdf>

Instrucción 1/2022, de 19 de xaneiro, da Fiscalía Xeral do Estado, sobre o uso dos medios de contención mecánicos ou farmacolóxicos en unidades psiquiátricas ou de saúde mental e centros residenciais e/ou sociosanitarios. *Boletín Oficial del Estado*, 36, de 11 de febreiro de 2022. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2022-2221

Gili, M., García-Campayo, J., & Roca, M. Crisis económica y salud mental. Informe SESPAS 2014. *Gaceta Sanitaria*, 28, 104-108. <https://doi.org/10.1016/j.gaceta.2014.02.005>

Montesinos Padilla, C. (2022). Desde el neoliberalismo austericida de Europa hacia la reconstrucción social en España: propuestas para la reforma constitucional. *International Journal of Constitutional Law*, 20, 1590–1617, <https://doi.org/10.1093/icon/moac093>

Movemento Galego de Saúde Mental. *Manifesto Fundacional*. <https://movementogalegosaudemental.gal/manifesto-fundacional>

Movemento Galego de Saúde Mental. *Carta de dereitos dos usuarios dos Servizos de saúde mental*. <https://movementogalegosaudemental.gal/carta-de-dereitos/>

Movemento Galego da Saúde Mental. *Orientacións Marco para a elaboración dun Plan Galego de Saúde Mental 2017*. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO BORRADOR DAS LIÑAS MESTRAS PARA O PLAN GALEGO DE SAÚDE MENTAL – Movemento Galego da Saúde Mental


Movemento Galego da Saúde Mental. *Recursos en saúde mental en Galicia. RECURSOS EN SAÚDE MENTAL NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE* – Movemento Galego da Saúde Mental

Movemento Galego de Saúde Mental. *Documento marco do plan de erradicación das contencións mecánicas*. <http://movementogalegosaudemental.gal/wp-content/uploads/2023/05/Documento-marco-plan-erradicacion-das-contencions-mecanicas-en-saude-mental-definitivo.pdf>

Organización das Nacións Unidas. *Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade*. <https://www.ohchr.org/es/instruments-mechanisms/instruments/convention-rights-persons-disabilities>

Servizo Galego de Saúde. *Estratexia Sergas 2014*. <http://hdl.handle.net/20.500.11940/8934>

Servizo Galego de Saúde (2020). *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Período 2020-2024*. <https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1204/PSMG%20poscovid-19.pdf>



NARRATIVAS

NARRATIVAS A CONTRAFÍO

Voria Stefanovsky

Posdoctoranda na Universidade Nova de Lisboa, doutora en literatura (Universidade de Brasília), escritora e activista romaní (cigana)

voriestefanovsky@gmail.com

Veruska Vasconcelos

Psicóloga (Universidade de Brasília), activista romaní polos Dereitos Humanos

Veruska.vasconcelos29@gmail.com

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Stefanovsky, V., & Vasconcelos, V. (2025). Narrativas a contrafíos. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 28-39. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Este artigo recolle o testemuño dunha muller xitana no ámbito da saúde mental e a literatura. Desde a miña experiencia vital e profesional, abordo a importancia das narrativas das minorías racializadas e subalternizadas, así como o diálogo interdisciplinar entre a psicoloxía, a crítica literaria, os estudos decoloniais e o feminismo. O relato subliña a necesidade de deconstruir estereotipos e reconstruir identidades feridas polo antixitanismo, destacando a forza das historias e da terapia narrativa como ferramentas para a recuperación do sentido vital e social.

PALABRAS CHAVE — Narrativa, antixitanismo, decolonialidade, literatura testemuñal, saúde mental.

ABSTRACT

This article presents the testimony of a Romani woman in the field of mental health and literature. Drawing on my personal and professional experience, I address the importance of narratives of racialized and subalternized minorities, as well as the interdisciplinary dialogue between psychology, literary criticism, decolonial studies, and feminism. The account highlights the need to deconstruct stereotypes and reconstruct identities affected by anti-Gypsyism, emphasizing the power of stories and narrative therapy as tools for restoring personal and social meaning.

KEY WORDS — Narrative, anti-Gypsyism, decoloniality, testimonial literature, mental health.

NOTA PREVIA

Este artigo foi presentado orixinalmente nas **XXIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** “Desafiando á historia”, celebradas en Ribadavia, en novembro de 2024. O texto recibiu valiosas achegas da miña filla, Veruska Vasconcelos, que, ademais de ser psicóloga de formación, é a miña compañeira na loita activista e en todas as miñas loitas interseccionais: como muller romaní, portadora de discapacidade e dor crónica e, actualmente, tamén migrante.

AGRADECER A QUEN NARRAN

Penso que a miña narrativa se encaixa nun lugar decolonial¹, xa que traio unha voz testemuñal dunha muller romaní, é dicir, xitana, como se nos coñece máis comunmente nas sociedades; xunto a algunas consideracións e diálogos propios da miña formación académica en literatura e do meu labor como escritora.

As miñas aproximacións á psicoloxía como teoría sempre se deron desde a utilidade que esta ten na crítica literaria, utilizada, por exemplo, para estudar os personaxes, as intencións do autor, atopar o lector implícito, interpretar ata revelar os múltiples significados dunha narrativa e a súa inserción no contexto

social da súa producción e recepción. Para os que tamén escribimos, a psicoloxía axúdanos a compor personaxes e tramas verosímiles e coerentes dentro do xénero e do estilo creativo que se quere desenvolver. Para eses mestres, os de literatura botamos man de todo o dispoñible: dialogamos coa psicanálise, coa antropoloxía, coa historia crítica, coa filosofía, a psicoloxía social e, máis recentemente, tamén cos estudos culturais, poscoloniais, decoloniais e feministas.

Dalgunha forma os que amamos e/ou nos dedicamos á literatura terminamos por entender a vida como narrativa, como moi ben argumentou Paul Ricoeur en *Tempo e narración* e en *Si mesmo como outro*, cando traballou os conceitos de identidade narrativa e tempo narrativo (Ricoeur, 1985). Coincido con esa visión, por iso vexo fascinante o traballo que desenvolven algúns psicólogos coa terapia narrativa. Por medio dos relatos logramos integrar a descontinuidade da existencia nunha continuidade de sentido, construíndo un «si mesmo» que é sempre narrado.

Sei que os creadores da terapia narrativa, Michael White e David Epston, nutríronse tamén da *deconstrucción* proposta por Jacques Derrida (1967), unha das moitas prácticas que se usa en análises de textos literarios, especialmente para demostrar que toda historia ten múltiples interpretacións e que nunca existe un único centro de significado. Iso mesmo aplícase á vida: as nosas historias non poden lerse en clave única, senón que están abertas a reinterpretacións, resignificacións e reconstruccións permanentes. A deconstrucción axuda, na literatura e na psicoloxía, a mostrar que aquilo que parecía natural ou fixo é, en realidade, unha construcción e, como toda construcción, pode alterarse. Esas alteracións abren paso a cambios vitais profundos (White & Epston, 1990).

Narrar non é só un acto estético ou terapéutico, senón tamén político. Como muller romaní, tomar a palabra para contarme a mi

1 O enfoque decolonial implica unha crítica activa ás estruturas, saberes e discursos herdados da colonización. Apícase tamén á deconstrucción de discursos hexemónicos que subalternizan as minorías racializadas. Cuestan a hexemonía cultural e epistemolóxica occidental aplicadas a distintas árees, como pode ser a comprensión da saúde mental e a literatura. Desde a perspectiva das minorías racializadas e subalternizadas, o decolonial reivindica as voces, experiencias e coñecementos silenciados polas distintas formas de racismo, como é o caso do antixitanismo, promovendo o diálogo interdisciplinar e a reconstrucción de identidades a partir das súas propias narrativas e sentidos. Subliño a relevancia de recuperar historias e reconstruír subxectividades desde as marxes sociais, culturais e políticas.

mesma sacode séculos de silenciamento, exotización e reducións a estereotipos. Agradecer a quen narra significa recoñecer que cada voz escoitada produce unha greta nas ríxidas interpretacións respecto de nós. A narrativa é a forma na que os xitanos gravamos a nosa historia no tempo, sementando xeración a xeración esas sementes históricas de novas identidades posibles. A figura da narradora romaní, consciente ou non do seu papel histórico, convértese en gardiá da memoria colectiva, narrar é un acto de existencia, resistencia e supervivencia.

PEITEAR A HISTORIA A CONTRAFÍO

Entendo que dita deconstrucción non se aplica soamente á lectura interpretativa, senón tamén ao empeño de «peitar a historia a contrafío», expresión moi coñecida do pensador alemán Walter Benjamin, desenvolvida nas súas *Teses sobre a filosofía da historia* (1940). Dita expresión, que evoco no título deste artigo, refírese tamén a que a historia dos que non venceron, os marxinados, os silenciados, debe saír á luz.

A reflexión que traio esténdese á constatación de que as narrativas de quen formamos parte desas minorías subalternizadas e racializadas están impregnadas de sufrimentos identitarios, estereotipos introxectados e silenciamentos. Estes mecanismos non só operan a nivel colectivo, senón tamén individual. A psicoloxía social destacou procesos como *a introxecção do estereotipo* (Allport, 1954; Steele, 1997), onde un grupo estigmatizado acaba interiorizando as imaxes negativas impostas polo discurso dominante. Cando se nos repetiu por séculos que «non servimos» para os estudos, para determinados traballois ou para falar en espazos públicos, podemos chegar a crelo, producindo así o que a psicoloxía social define como *profecía autocumplida*. Estes procesos devastadores

fragmentan a identidade e esixen arduo agrestamento e deconstrucción para ser superados. As narrativas necesitan deconstruccións e reconstruccións.

É aquí onde a *terapia narrativa e a literatura testemuñal* converxen: ambas poden converterse en escenarios para re-narrar a historia persoal e colectiva, dotando de sentido á experiencia traumática. Narrar o trauma non borra a ferida, pero vólvea comunicable e socialmente compartida, o que impide que se envelene en silencio por unha vida enteira. O trauma necesita ser narrado para poder ser elaborado e, cando o silencio rompe, algo da memoria transfórmase (Cathy Caruth en *Unclaimed Experience*, 1996). Por exemplo, non teño coñecemento de ningunha muller xitana (do meu pasado ou coas que interactúo no presente), que non carguen traumas importantes xerados polo simple feito de haber nado xitanas. Secuelas que non deberían existir, son produtos dun racismo moi específico chamado antixitanismo ou romafobia. Quixen traer un pouco da miña propia narrativa, a modo de testemuño, que exemplifica algo, áínda que dubidei moito sobre a forma de expoñelo. Terminei por elixir a forma dunha narrativa literaria, a que agora empezo².

AQUÍ ESTOU

Entrei e senteime diante da mesa da psicológa, era a primeira cita, gustoúme que houbesse unha mesa entre nós, sentíame algo máis protexida do que me resultaba moi difícil: presentarme, dicirle quen son, de onde vin (espero), sen que iso resultase nalgún oculta-

² O que presento nesta narrativa está baseado totalmente en feitos reais, a opción de darlle unha forma literaria xustifícoa non soamente polo feito de ser escritora, senón porque me resulta máis fácil contalo sen deixarme levar polas emocións que me xeran. Creo que o formato pode facilitar que os lectores se conduzan á situación real vivida na consulta psicolóxica, quizais identificándose coa profesional, quizais comprendendo mellor os procesos explícitos nas miñas digresións e, posiblemente, volvendo máis fluída, ou levadía, a miña narrativa testemuñal.

mento. Aquí estou. Os meus pensamentos son interrompidos pola chegada dunha muller con rostro alegre e pasos apresurados, senta e faíme a pregunta que quixese evitar, xa de primeira:

— *Cal é o teu nome...? Ah xa o atopei: Ana Paula Castello. Como prefires que che chame: Ana ou Paula?, quero chamarche como más che guste.*

— *Se queres chamarme como más me guste...chámame Voria* — díxenlle.

— *Pero Voria é outro apelido ou que?* — preguntoume, ignorando o feito de que para contestarlle tería que contarlle unha longa historia.

Quizais lle tomaría moito más tempo do que podería ela brindarme naquel hospital, onde todo parecía ir á velocidade da luz para ela.

— *É unha historia longa. Pero entendo que debo conta-la, non?* — díxenlle.

— *Si, gustaríame que me contases porque che gusta ser chamada así* — me dixo amigable.

Pensei empezar xa dicíndolle que teño orixe xitana, pero temín que iso lle xerase antipatía cara a min, xa na primeira consulta, antes mesmo de coñecerme. Fixen unha primeira omisión.

— *O que me pasa co nome é que cando nacín puxéronme de nome Voria, e de apelido Stefanovsky. A miña familia tiña un circo, éramos itinerantes. A miña familia saíra desde Rusia a América Latina por decisión do meu avó. El foi sobrevivente do Holocausto e sacounos a todos de Rusia porque temía que os nazis nos atopasen, tiña moitos traumas e aos poucos foi perdendo a saúde mental a raíz deles.*

— *Xudeus?* — preguntoume, case afirmándoo.

Agora tíñalle que dicir o da miña orixe. Ela pensou «xudeus» porque moitos descoñecen ou se esquecen que os nazis exterminaron a máis do 50 % dos romaní de Europa. Chegá-

das a ese punto, propónome crear pontes, non omitir a miña necesidade.

— *Xitanos* — díxenlle.

E, sen sequera respirar, para que non lle dese tempo a esbozar ningún comentario, segúin contando:

— *Cando eu tiña 10 anos, os veciños denunciaron que había unha nena roubada polos xitanos do circo, esa nena era eu. Denunciárono baseados soamente no estereotipo de que a xitana rouba nenos. Vianme moi clara de pel, de ollos e de pelo, así que tamén se basearon no estereotipo que di que os xitanos teñen sempre o mesmo fenotípico e que non existen xitanos louros. Así foi como a policía se nos apareceu ao termo dunha das funcións do circo, na que eu facía de pallasa e contorsionista, e levoume violentamente a un orfanato católico. Alí estiven por dous anos e alí cambiáronme o nome e apelido e déronme documentos. E é por iso que me chamo nos documentos Ana Paula, confeso que ata hoxe moléstame moiísimo escoitalo, canto más pasan os anos máis rabia dáme ese nome.*

— *Guau!, que historia* — díxome ela — *Entendo perfectamente que che moleste, sufriches unha gran violencia... Despois falaremos algo más sobre iso. Onde nacíches?* — seguiu preguntándome.

Podería contestarlle «son brasileira» e listo, pero por algúin motivo xa non quería ocultarlle nada. Desenvolver memorias da narración é unha terapia, xa teño moitas lagoas, necesito pontes. Díxenlle:

— *Téño nacionalidade brasileira, déronma no orfanato aos 10 anos, pero contáronme que nacín en Rusia, de onde saímos cando eu era moi nena. Tampouco se acordan onde estabamos exactamente.*

— *Pero ti, de onde te sentes, de que país, de que lugar?* — preguntoume, buscando algunha resposta exacta, creo.

— *É que, sabes, vivín sempre polo mundo, é dicir, o circo nunca estivo moito tempo nun só lugar, viaxamos desde México ata Brasil continuamente. Cando me levaron a ese orfanato estabamos en Brasil, por iso a nacionalidade. En canto a Rusia, o país sempre aparecía nas historias que escoitaba dos maiores, mesmo o meu*



Foto: Pexels / Witheline

nome, Voria, é o nome dun río en Rusia. Vivín moiísimo tempo tamén en Arxentina e en Uruguai, países moi queridos... O que quero dicir é que a verdade, a verdade, creo que non me sinto de ningún lado, entrégome verdadeiramente ao lugar onde están os meus pés no momento presente. Pero si que sempre me sinto romaní, ou sexa, xitana. Iso sempre.

— Non sabía que se lle di romaní aos xitanos — díxome ela.

— É o máis correcto — díxenlle.

Quixen explicarlle algo máis sobre a nomenclatura, pero non crin que debera desempeñarme como activista naquel momento. Aínda non tiña a seguridade de que a súa empatía comigo fose real ou se estaba soamente sendo unha boa profesional. Xa perdera as contas de cantas veces algunas persoas das máis distintas áreas, especialmente en ámbitos de atención pública, foran soamente «politicamente correctas comigo» e iso porque me vián diferente do estereotipo esperado por eles.

— *Cantos anos tes?* — preguntoume, sacándome do meu fluxo de pensamentos con outra pregunta difícil.

Por sorte, pedíume desculpas, tiña que contestar a unha mensaxe urxente, mentres tanto, puiden pensar un pouco máis. Cando me preguntou iso, tiven a dúbida de se debería contar outra historia. Puf! Xa me sinto a mesmísima Sherezade... Moitas veces quixen ser como as persoas que contestan a todo moi rapidamente. Eu para facer iso teño que ocultar sempre algo e, nalgún lugar, ocultalo faíme sentir incómoda. Pola miña historia de vida, nada é simple, todo se volve complexo. Por moito tempo practiquei a ocultación da miña identidade. O meu avó prohibíanos dicir que eramos xitanos, por medo a que nos pasase o peor.

Decido non contar outra historia, como lle vou a dicir que despois de regresar coa miña familia, tras dous anos no orfanato, prometéronme que seguiría estudiando, pero aos 15 anos casei? O meu entón marido non estaba de acordo coa promesa da miña familia e non

me deixou estudar, ademais, maltratábame físicamente por iso, porque eu ía á escola as escondidas ás veces e foi por iso polo que decidín irme do circo. Acórdome coma se fose hoxe, tiven a axuda de persoas xudías que me coñecían da escola á que asistía antes de casarme. Entre moitas cousas, axudáronme alterando o único documento que eu tiña, e puxéronme cinco anos máis para que logo eu puidese seguir a miña vida máis libremente. Eran outros tempos, eu era soamente unha nena de 15 anos asustada, a proposta pareceume boa e axudoume a sobrevivir sen contar co apoio dos meus. Hoxe iso xérame graza e algo de rabbia, hoxe teño que asumir máis idade da que teño mentres todos prefiren ter menos idade. E, se o conto, haberá quen crean que só quero diminuir a idade.

Cando terminou de contestar a súa mensaxe, díolle:

— *Teño 54.*

— *Botaríache menos idade* — díxome ela, rindo.

— *A verdade é que teño cinco anos menos* — díxenlle — *pero non quería falar de temas tan sensibles. É que para deixar a miña xente aos 15 anos, poder deixar ao meu marido e seguir soa, unhas persoas que coñecín na escola axudáronme cambiando a data do meu nacemento.*

Despois de contarlle a verdade tiven medo. Podería pensar que me relaciono con falsificadores, non sei. Hai tanto tempo diso, e os que me axudaron perdérónse nas entreliñas da miña narrativa fai moito. Mellor fose oculáralo, afíxenme a que todos pensen que os xitanos sempre farán algo mal e sempre estarán no ilegal.

— *Aprendín moito hoxe coa túa historia* — díxome ela — *iso porque me imaxino que moita cousa non me contaches.*

— *Si, sinto que para cada resposta teño un rosario de contos e, se non os conto, non me explico. Pídolle desculpas polo tempo, entendo que o pasamos un pouco, non? Non tiña como evitalo, saber que vivín esas historias é o que me da sentido á vida que levo hoxe. Tívenas*

que resignificar, para que todo iso que vivín tivese algún sentido na miña vida.

— Aínda temos tempo — díxome ela, realmente parecía interesada nas miñas historias — *Que te trouxo a España? A que te dedicas hoxe? Vexo que tes unha historia difícil e que es valente. Se deixaches ao teu marido cando eras praticamente unha nena para seguir estudiando, quero saber, lográchelo...?*

O termo valente deixoume pensando, a min non me tocou outra cousa que ser valente e seguir adiante. Sobrevivir xa é un acto de coraxe cando se nace xitana nunha sociedade que a estas alturas dos séculos segue crendo que os xitanos somos todos iguais, que desconoce os motivos históricos que levaron a que se conforme un imaxinario social deformado polos estereotipos sobre o que é ser xitano. Estereotipos que mesmo se introxectan nalgúns xitanos. Iso porque non lle contei todo o que vivira no orfanato e todo o que traía na miña memoria xa de antes diso... E todo o que me pasou despois do que xa lle contei, por ser xitana, nada máis por iso.

— Véxote algo pensativa, pensas moito? — preguntoume.

— Lamentablemente, si. — díxenlle ríndome.

Pola forma en que ela tamén se ría imaxineime que se identificaba cos que pensamos moito. «*Outra vaca no millo*», pensei utilizando o meu incipiente galego, con ganas de probar se a expresión sería adecuada, pero abortei a idea... igual non lle gusta.

— *Non sei por onde empezar a contestar as preguntas*
— retomei o fío da conversación.

— *Desde o inicio* — díxome, ríndose.

— *Pois veñen más historias... Estarás preparada, tentarei facelas o más curtas posible. Cando cheguei ao orfanato, aos 10 anos, non estaba alfabetizada. O que sabía de ler e escribir aprendérao soa cando tiña a oportunidade de xogar con algunha nena non xitana que sabía ler. Ou cando tentaba descifrar o que o meu avó escribía no seu caderno de anotacións sobre o circo, áinda que el mesturaba moito os idiomas, o mesmo facía*

eu nos meus intentos. No orfanato había unha monxa, a única que me quería, a verdade... Aínda que fun a parar alí por supostamente ser unha nena roubada polos xitanos, alí tratábanme como xitana, é dicir, baixo estigmas, estereotipos e prexuízos de toda sorte. Como dicía, esta monxa queríame, e fixome crer que a miña historia, que era dunha vítima, podería convertela en algo moi grande, e volverme unha heroína. Aconselloume que tiña que estudar moito e ese sería o camiño para un día poder ter ferramentas e axudar á miña xente, para que nunca máis pasase con outras nenas o que me pasou a min. Aquela muller era a única que, de feito, reconeceu que si, que eu era unha nena xitana e estaba alí por unha gran inxustiza. Desde aquel momento metinme na cabeza que seguiría cos estudos como fóra, crin que faría algo no futuro polos meus, convertinme na heroína da miña película. Creo que iso me fixo ser valente, como dicías antes. Eu necesitaba crer en algo que xustificase todo o que me pasaba. Crin que eu era intelixente (porque antes pensaba como moitos nenos e nenas xitanos aínda pensan hoxe, que os xitanos non son para os estudos). Vivir no orfanato era duro, non me sinto cómoda para contar os detalles agora, pero podo dicir que só puiden sobrevivir a todo aquilo porque aquela monxa fixome ver todo desde outra mirada. Por iso puiden lograr terminar todos os estudos que me propuxen ao longo da miña vida, chegou a converterme na primeira muller romaní en concluir un doutoramento en América Latina, iso no 2015.

— *Debes de estar moi orgullosa diso* — díxome nun ton afirmativo.

O seu ton fixome pensar que quizais ela traballaba con terapia narrativa, porque a vía moi a gusto escoitando as miñas historias. Transmitíame a sensación de que desexaba facerme ver todo o que lle contaba, xuntar os tramos da miña historia. Contesteille que, por unha banda, si que me sentía orgullosa porque lograra concluir todos os meus estudos, e iso saíndo de onde saín e a pesar de todas as dificultades, pero, doutra banda, non tiña ningún orgullo, senón tristeza. É algo triste saber que só naquel momento unha de nós en América Latina chegaba a un lugar no que debería xa haber moitas mulleres xitanas máis. E pensar



Foto: Pexels / Fotios Photos

que mesmo en Europa, aínda somos moi poucas.

— *Pero... Non che parece que a culpa diso tamén a terán os xitanos, polo feito de non querer integrarse? Tamén de preferir seguir nos mercadillos, por deixar os estudos, etc.*

Nalgún momento eu sabía que viría ese argumento, pensei, sempre o utilizan os que non coñecen a historia romaní e ignoran a realidade étnica. Creo que terei que poñerme en modo activista, suave porque realmente entendo que esa muller, que me parece mesmo bastante empática e resultame xa moi simpática, é soamente unha persoa máis que descoñece e reproduce o que fai moito se repite desde o sentido común. Nas narrativas dos medios, non podemos esquecemos do peso de «verdade» que teñen esas narrativas xornalísticas.

— *Xa atendiches a xitanos no seu traballo como psicóloga?* — pregunteille.

— *Poucas veces — díxome — non vexo que busquen moito ter atención psicológica, aínda cando son derivados. Pero as poucas xitanas que atendín parecen estar moi ben traballando nos mercadillos, non vexo que se interesen moito en cambiar de vida e non lles gusta falar sobre as súas vidas.*

— *Xa te preguntaches por que reaccionan así esas mulleres?* — pregunteille cambiando un pouco os papeis, nunha manobra máis activista que intencional. A verdade, prefería quedarme eu no meu papel de narradora, xa que ela mo permitía e incentivaba.

— *A verdade, non* — contestoume — *pero entendo o porqué...*

A psicóloga parou de falar, non o podo garantir, pero creo que se comeu unha das expresións galegas recentemente aprendidas por mi, como «*a cabra sempre tira ó monte*». Despois do silencio díxome que prefería saber a miña opinión sobre os seus motivos, cre que lle sería moi enriquecedor. Con esa manobra devolveume ao meu lugar de narradora, era unha profesional con moita experiencia, iso era notable, e observei que tamén era unha muller

diplomática, como tamén o son eu. Aprendín a selo porque fun obrigada a convivir entre dous mundos moi distintos, o dos xitanos e o dos *gadyes*, que aquí se di *payos*. Fun obrigada a volverme unha muller traducida, dalgunha forma.

Empecei a contestarlle:

— *Cóntoche sobre nós as xitanas, e falo de mulleres porque a situación para as xitanas sempre foi moito más difícil que para os xitanos. Aínda que tamén os homes xitanos sufren a opresión de ser racializados, pertencentes a un pobo hiper marxinalizado, a nós súmasenos a subalternización por xénero e por cultura. Son moitas as narrativas por detrás do que pode afirmar unha xitana que di que a deixen coa súa vida e non se metan e a apariencia de estar moi ben. Por detrás está a indefensión aprendida, que non necesito explicar, pero que fai que unha xitana pense: Para que vou facer esforzos se nada vai cambiar? Está a profecía autocumplida, que tampouco necesito explicala — iso é o bo de falar cunha psicóloga, pensei, afórrome explicacións e citas — . Ninguén espera nada diferente dunha xitana, nin sequera ela mesma. Está a introyección dos estereotipos, tan común nas minorías subalternizadas. E está a realidade social: aos xitanos é moi común que non lles dean traballo, se saben que son xitanos, mesmo con formación superior. Non son poucos os que pasaron pola universidade e seguen nos mercadillos. Non lles alugan vivendas, se lles identifican como xitanos. O Secretariado xitano, que é unha institución “paya”, afirma que as estatísticas demosetraron que as xitanas en España, hoxe en día, deixan a escola por non conseguir lidar co racismo e non porque non lles guste estudar ou porque os seus pais non as deixen estudar. Os medios e as institucións tratan aos xitanos soamente como desviacións, casos de asistencia social, obxectos que necesitan axuda, cando deberían ser suxeitos que necesitan dereitos, recoñecemento e voz. Fixate que en Portugal, ata hoxe, as cuestións xitanas son tratadas en institucións que tratan de temas dos inmigrantes, que en Portugal e España os xitanos xa están desde hai 600 anos, que se cumplen o ano que vén, e aínda segue sendo invisibilizada a nosa historia nos currículos escolares, a nosa lingua nai non é reconñecida. A historia xitana en España foi unha das más crueis. Non quero falar sobre os detalles dessa historia,*

sei que o noso tempo xa se está por terminar, tampouco vin exactamente para iso. É unha mochila moi pesada a que carga unha muller xitana vaia onde vaia, e é limitante. Xera impotencia, temos que loitar contra un antixitanismo estrutural e sistémico, que espero eu que non sexa crónico. Creo que os profesionais de saúde, especialmente de saúde mental deberían ter en conta a necesidade de prepararse para lidar con persoas, como as xitanas, que traen narrativas tan distintas. Sería esencial «ler» estas narrativas sen as lentes sociais que comunmente levan postas as maiorías.

—*Voria, antes de que terminemos por hoxe, quixería preguntarque por que viñeches a España, non me contestaches e teño curiosidade.*

O feito de que me tratase polo meu nome real deixoume moi contenta, así que me sentín a gusto para seguir narrando un pouco máis. Non sempre teño ganas de contar a miña historia, excepto cando creo que podo contribuír en algo, para que algunha mente ou algunhas mentes poidan tomar conciencia sobre o enorme descoñecemento que se ten sobre o pobo romaní, incluso o feito de que somos tamén moi diversos entre nós. Deixo os meus pensamentos e contéstolle:

—*Vinme a España por unha invitación, fun premiada en 2022 pola miña investigación doutoral sobre a literatura romaní contemporánea transnacional, como unha escritura de deconstrucción e reconstrucción identitaria. O recoñecemento foi outorgado pola fundación pública Instituto de Cultura Xitana de España, que é parte do Ministerio de Cultura. Creo que foi un dos momentos más emocionantes da miña vida, porque xa recibira premios pola tese, pero non foran outorgados polo meu pobo. Aquel día, en pleno Museo Reina Sofía, nunha cerimonia belísima, eu, que fora mesmo incomprendida pola miña propia familia, que xamais aceptou as miñas eleccións, atopábame con varios xitanos reunidos que si podían comprender que non deixamos de ser xitanas se facemos outros camiños, non esperados polo conservadurismo tradicional. E aquí estou desde aquel día, xa te deches conta de que tamén son activista.*

—*Home — díxome ela ríndose — eu admiro a túa loita, e tamén que a sigas, a pesar de todas as di-*

ficultades e mesmo traumas como os que che pasaron cando nena.

Despedímonos amablemente, quedamos en vernos para unha próxima consulta nalgúns días e quedeime un tempo a soas cos meus pensamentos. Camiñei ata un café e púxeme a pensar en varios temas relacionados co que falara coa psicóloga... Penso que o meu pobo é un pobo traumado por todas as secuelas identitarias que deixou toda unha historia interrumpida e ainda inconclusa. Con intentos de culturicidio, asimilación forzada, leis e pragmáticas crueis, persecucións de todo tipo, xenocidio incluído.

Somos posiblemente a última minoría en organizarse para loitar polos seus dereitos e igualdade, coa adversidade de que temos que loitar tamén internamente. O noso é un pobo que construíu unha identidade de resistencia, xusto pola historia traumática que vivimos como pobo desde a diáspora de India, ingresando a Europa Occidental no século XV. Esa historia traumática lamentablemente non terminou. Pensei nas teorías sobre como se conforman as identidades de resistencia e as dificultades que teñen para cambiar.

Pensei tamén na simpática psicóloga, non sei a súa idade, pero non sería nin moito maior nin moito menor ca min, tal vez mesmo da mesma idade. Estabamos en situacóns tan distintas na vida, eu chegando a España, empezando todo outra vez, tanto por reconstruír... Para non pensar máis pedín un café e escribín unha poesía que pechará o día.

Invisibilizados

*Que hai de historia,
nesa mentira?*

*Que hai de mentira,
nese conto?*

*Que hai de conto,
nesa narrativa?*

*Que hai de narrativa,
nesa lenda?*

*Que é lenda,
nese verso?*

*Que é verso,
nesa historia?*

*Que historia,
é memoria nosa?*

*Que nosa será,
se non a narramos?*

*Que narramos,
se non se escoita?*

*Que se escoita,
se non temos voz?*

*Que voz temos,
se non existimos?*

*Non existimos,
na historia.*

*Na historia,
inventáronos.*

*Inventáronos,
para eclipsarnos.*

*Eclipsados somos,
invisibles.*

Bibliografía

Allport, G. W. (1954). *La naturaleza del prejuicio*. Editorial Universitaria de Buenos Aires.

Benjamin, W. (2008). Tesis sobre la filosofía de la historia. *Iluminaciones IV*, 15-32. Taurus. (Manuscrito original de 1940).

Caruth, C. (2016). *Experiencia no reclamada: Trauma, narrativa e historia*. Paidós.

Derrida, J. (1971). *De la gramatología*. Siglo XXI Editores.

Grosfoguel, R. (2013). La descolonización del conocimiento: dialogando con Charles Mills. *Tabula Rasa*, 19, 79-96.

Quijano, A. (2000). Colonialidad del poder, eurocentrismo y América Latina. *Revista Internacional de Ciencias Sociales* (UNESCO), 168, 533-580.

Ricoeur, P. (1996). *Tiempo y narración I: Configuración del tiempo en el relato histórico*. Siglo XXI Editores.

Steele, C. M. (1997). Una amenaza en el aire: cómo los estereotipos moldean la identidad y el desempeño intelectual. *American Psychologist*, 52(6), 613-629. <https://doi.org/10.1037/0003-066X.52.6.613>

White, M., & Epston, D. (1993). *Medios narrativos para fines terapéuticos*. Paidós.



CO
R
A
D
O
O
R
I
O
N
E

O PODER DO
COIDADO AFECTIVO
NO ALZHÉIMER
AVANZADO.

DA NEUROCIENCIA
ÁS POLÍTICAS DE
SAÚDE: UNHA
MIRADA CLÍNICA E
RELACIONAL

Vanessa Vilas-Riotorto

Psicóloga Clínica e Experta en Neuropsicoloxía na Sección de Psicoloxía Clínica da Saúde no Instituto de Neurociencias do Hospital Clínic de Barcelona. Máster en Xestión Hospitalaria e de Servicios Sanitarios pola Universidad de Barcelona

vvilas@clinic.cat

ORCID: 0000-0003-1334-7807

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Vilas-Riotorto, V. (2025). O poder do cuidado afectivo no Alzhéimer avanzado. Da neurociencia ás políticas de saúde: unha mirada clínica e relacional. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 40-61. <https://coggalicia.gal/secciones/psicoloxia-e-saude/publicaciones>

RESUMO

Alzheimer Europe. (2019). *Dementia in Europe Yearbook 2019: Estimating the prevalence of dementia in Europe*. Luxembourg: Alzheimer Europe.

Alzheimer Europe. (2022). *Dementia in Europe Yearbook 2022: Estimating the prevalence of dementia in Europe*. Luxembourg: Alzheimer Europe.

Alzheimer Europe. (2024a). *Dementia in Europe Yearbook 2024*. Luxembourg: Alzheimer Europe.

Alzheimer Europe. (2024b). *How many people have dementia in Europe?* Luxembourg: Alzheimer Europe.

Confederación Española de Alzheimer (CEAFA). (11 de noviembre de 2021). *El 80% de las personas con Alzheimer son cuidadas por sus familias, que asumen de media el 87% del coste total que conlleva la enfermedad* [Nota de prensa]. <https://www.ceafa.es/es/que-comunicamos/notas-de-prensa-y-comunicados/nota-de-prensa-el-80-de-las-personas-con-alzheimer-son-cuidadas-por-sus-familias-que-asumen-de-media-el-87-del-coste-total-que-conlleva-la-enfermedad>

Ministerio de Sanidad. (2019). *Plan Nacional de Alzheimer y otras Demencias (2019–2023)*. Gobierno de España.

Ministerio de Sanidad. (2022). *Abordaje del Alzheimer y otras demencias: Estrategia en Enfermedades Neurodegenerativas del Sistema Nacional de Salud (aprobada por el Consejo Interterritorial del SNS el 2 de diciembre de 2021)*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Centro de Publicaciones. Gobierno de España.

Ministerio de Sanidad. (2025). *Plan de Acción de Salud Mental 2025–2027*. Gobierno de España.

Organización Internacional del Trabajo. (2024). *El trabajo decente y la economía del cuidado*. Ginebra: Oficina Internacional del Trabajo.

WHO Council on the Economics of Health for All. (2023). *Health for All: Transforming economies to deliver what matters*. Geneva: World Health Organization.

LIBROS

Cassidy, J., & Shaver, P. R. (Eds.). (2008). *Handbook of attachment: Theory, research, and clinical applications* (2nd ed.). The Guilford Press.

Damasio, A. (1996). *El error de Descartes: La emoción, la razón y el cerebro humano*. Crítica.

Damasio, A. (2018). *El extraño orden de las cosas: La vida, los sentimientos y la creación de las culturas*. Destino.

Heath, I. (2008). *Ayudar a morir. Con un prefacio y doce tesis de John Berger*. Katz Editores.

Hustvedt, S. (2009). *La mujer temblorosa o la historia de mis nervios* (C. Ceriani, Trad.). Seix Barral.

Iacoboni, M. (2009). *Las neuronas espejo: Empatía, neuropolítica, autismo, imitación, o de cómo entendemos a los otros*. Katz Editores.

Kiper, D. (2024). *Viajes a tierras inimaginables*. Libros del Asteroide.

LeDoux, J. (2020). *Una historia natural de la humanidad: El apasionante recorrido de la vida hasta alcanzar nuestro cerebro consciente*. Paidós.

Mazzucato, M. (2021). *Misión economía: Una guía para cambiar el capitalismo*. Taurus.

Porges, S. W. (2017). *Guía de bolsillo de la teoría polivagal: El poder transformador de sentirse seguro*. Eleftheria.

Schore, A. N. (2019). *Right-brain psychotherapy*. W. W. Norton & Company.

ARTIGOS CIENTÍFICOS E EDITORIAIS

Baker, L. D., Espeland, M. A., Whitmer, R. A., Snyder, H. M., Leng, X., Lovato, L., Papp, K. V., Yu, M., Kivipelto, M., Alexander, A. S., Antkowiak, S., Cleveland, M., Day, C., Elbein, R., Tomaszewski Farias, S., Felton, D., Garcia, K. R., Gitelman, D. R., Graef, S., Howard, M., ... Carrillo, M. C. (2025). Structured vs Self-Guided Multidomain Lifestyle Interventions for Global Cognitive Function: The US POINTER Randomized Clinical Trial. *JAMA*, 334(8), 681–691. <https://doi.org/10.1001/jama.2025.12923>.

Bonini, L., Rotunno, C., Arcuri, E., & Gallese, V. (2022). Mirror neurons 30 years later: implications and applications. *Trends in cognitive sciences*, 26(9), 767–781. <https://doi.org/10.1016/j.tics.2022.06.003>.

Duangjina, T., Jeamjityibool, T., Park, C., Raszewski, R., Gruss, V., & Fritschi, C. (2025). Sex and gender differences in caregiver burden among family caregivers of persons with dementia: A systematic review and meta-analysis. *Archives of gerontology and geriatrics*, 138, 105977. <https://doi.org/10.1016/j.archger.2025.105977>.

Fuchs, T. (2016). Intercorporeality and Inter-affectivity. *Phenomenology and Mind*, 11, 194–209. https://doi.org/10.13128/Phe_Mi-20119

Frias, C. E., Cabrera, E., & Zabalegui, A. (2020). Informal Caregivers' Roles in Dementia: The Impact on Their Quality of Life. *Life (Basel, Switzerland)*, 10(11), 251. <https://doi.org/10.3390/life10110251>.

Livingston, G., Huntley, J., Liu, K. Y., Costafreda, S. G., Selbæk, G., Alladi, S., Ames, D., Banerjee, S., Burns, A., Brayne, C., Fox, N. C., Ferri, C. P., Gitlin, L. N., Howard, R., Kales, H. C., Kivimäki, M., Larson, E. B., Nakasuja, N., Rockwood, K., Samus, Q., ... Mukadam, N. (2024). Dementia prevention, intervention, and care: 2024 report of the Lancet standing Commission. *Lancet (London, England)*, 404(10452), 572–628. [https://doi.org/10.1016/S0140-6736\(24\)01296-0](https://doi.org/10.1016/S0140-6736(24)01296-0)

Mazzucato, M. (2022, 7 de marzo). Valorar la salud para todos: Nuevas métricas para la política económica y el progreso. *Project Syndicate* (edición en español).

Niu, H., Álvarez-Álvarez, I., Guillén-Grima, F., & Aguinaga-Ontoso, I. (2017). Prevalence and incidence of Alzheimer's disease in Europe: A meta-analysis. Prevalencia e incidencia de la enfermedad de Alzheimer en Europa: metaanálisis. *Neurologia (Barcelona, Spain)*, 32(8), 523–532. <https://doi.org/10.1016/j.nrl.2016.02.016>

Schott J. M. (2025). Lifestyle Interventions to Improve Cognition in Later Life: When Is Enough Enough?. *JAMA*, 334(8), 674–676. <https://doi.org/10.1001/jama.2025.12500>

NORMATIVA

Ley 3/2024, de 30 de octubre, para mejorar la calidad de vida de personas con Esclerosis Lateral Amiotrófica y otras enfermedades o procesos de alta complejidad y curso irreversible. *Boletín Oficial del Estado*, 263, de 31 de outubro de 2024. <https://www.boe.es/eli/es/l/2024/10/30/3>

FERRAMENTAS

DO AGOCHO Á RÚA PENSAMENTO: TECENDO VÍNCULOS NAS MARXES INSTITUCIONAIS

Carlos Díaz Marcelo

FEA Psicoloxía Clínica HU Virgen Macarena Sevilla

Rocío López Díaz

FEA Psicoloxía Clínica HU Virgen Macarena Sevilla

Elisa Llamas López

FEA Psiquiatría HU Virgen Macarena Sevilla

Elena Malavé López

Orientadora educativa

Gloria Alonso Toribio

Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica

carl_diaz82@hotmail.com

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Díaz Marcelo, C., López Díaz, R., Llamas López, E., Malavé López, E., & Alonso Toribio, G. (2025). Do Agocho á rúa pensamento: Tecendo vínculos nas marxes institucionais. *Anuario de Psicoloxía e Saude*, 18, pp. 62-69. <https://cogalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacionss>

SUMARIO

CASTELÁN

*O amor é que veñan buscarche
Ao traballo, ao final dun día triste; ao colexio; á estación de tren.
Despois dun partido esgotador; por sorpresa, cando non o esperabas.
Mesmo —e sobre todo— cando menos o merecías.
Cando es un neno, ou non tanto; cando se fixo tarde;
cando dixeches que non facía falta (pero si facía falta).
Porque no centro dese acto tan cotián
—en que veñan buscarche, en ir buscar—
aniña a excepcionalidade de ser visto,
de saberse recoñecido.*

Laura Ferrero

RESUMO

O xogo infantil do agocho, coa súa dinámica de desaparición e reencontro, constitúe un escenario privilexiado para explorar os vínculos temperáns e as pegadas psíquicas que configuran a subxectividade. A partir dun marco teórico que integra achegas de Freud, Winnicott, Lacan e Pichon-Rivière, examínase como a repetición do mesmo agocho expresa a persistencia do desexo do Outro e a procura dunha base segura. Preséntase o caso de «Z», unha adolescente que alterna presenza e ausencia no seu proceso terapéutico, reproduciendo de forma sintomática escenas de encerro e espera. A intervención grupal —caracterizada pola insistencia en sostener o vínculo fóra dos límites convencionais do dispositivo— permitiu construír un espazo transicional onde a paciente comezou a ressignificar o seu encerro e a ensaiar saídas, non só físicas, senón tamén simbólicas. Este artigo ilustra como a presenza sostida e a flexibilidade institucional poden favorecer procesos de simbolización en adolescentes en situación de retraimiento extremo. Discútense as implicacións clínicas de «ir buscar» como acto terapéutico e proponse pensar o xogo do agocho como metáfora dos procesos vinculares e do traballo psico-terapéutico coa repetición e o desexo do Outro.

PALABRAS CHAVE — Vínculo, adolescencia, espazo transicional, xogo infantil, atención comunitaria.

ABSTRACT

Children's hide-and-seek game, with its dynamics of disappearance and reunion, provides a privileged setting to explore early bonds and the psychic traces that shape subjectivity. Drawing on a theoretical framework integrating contributions from Freud, Winnicott, Lacan, and Pichon-Rivière, this study examines how the repetition of the same hiding spot expresses the persistence of the Other's desire and the search for a secure base. The case of «Z» an adolescent who alternates presence and absence in her therapeutic process, is presented, showing how she symptomatically reenacts scenes of confinement and waiting. The group intervention—characterized by the insistence on maintaining the bond beyond the conventional limits of the therapeutic setting— enabled the construction of a transitional space where the patient began to re-signify her confinement and experiment with exits, both physical and symbolic. This study illustrates how sustained presence and institutional flexibility can foster processes of symbolization in adolescents experiencing extreme withdrawal. The clinical implications of «going to find» as a therapeutic act are discussed, and hide-and-seek is proposed as a metaphor for relational processes and psychoanalytic work with repetition and the desire of the other.

KEY WORDS — Bond, adolescent, transitional space, children's game, community care.

INTRODUCIÓN

Moitos adultos observaron, cunha mestura de tenrura e sorpresa, como os nenos, ao xogar ao agocho, tenden a esconderse sempre no mesmo lugar. O que para o observador externo podería parecer falta de estratexia ou creatividade pode comprenderse como unha manifestación simbólica de desexos, ansiedades e estruturas inconscientes que forman parte do desenvolvemento psíquico infantil.

O xogo do agocho, coa súa dinámica de desaparición e reencontro, ofrece un prisma privilexiado para observar os vínculos humanos e as pegadas temperás que modelan a vida psíquica.

O que na infancia se despregá como xogo pode, máis tarde, transformarse en síntoma, configurando modos de estar e de vincularse.

Este traballo articula un marco teórico e un caso clínico para explorar como o agocho repetido —e os seus equivalentes simbólicos— revelan a persistencia do desexo do Outro e a importancia da base segura.

Xogamos? 1-2-3-4-5-6-7-8-9-10 Vou!

MARCO TEÓRICO: O XOGO DO AGOCHO COMO ELABORACIÓN SIMBÓLICA DO VÍNCULO

Desde Freud (1920/1948) sabemos que o xogo infantil pode funcionar como un modo de elaborar experiencias traumáticas ou conflitivas. No seu soado exemplo do *fort-dá*, Freud describe como o seu neto lanzaba e recuperaba unha bobina de fio mentres dicía «fóral!» e «aquí está!», simbolizando a desaparición e o retorno da nai. Esta actividade repetitiva per-

mitíalle ao neno dominar simbolicamente a angustia da ausencia.

Esta lóxica obsérvase tamén noutros xogos temperáns, como o clásico cucú-tras, onde o adulto se esconde momentaneamente tras as mans ou outro obxecto e logo reaparece. Máis aló da risa que provoca, este xogo axuda ao neno a elaborar a noción de permanencia do obxecto, concepto desenvolvido por Jean Piaget (1954): a comprensión de que as persoas e obxectos seguen existindo aínda que non estean á vista.

Xogar coa desaparición e o retorno, coa presenza e a ausencia, coa procura e o reencontro, é crucial para adquirir a confianza básica e a seguridade necesarias para poder confiar no outro. Para o neno, o rostro amoroso dos seus pais é o espello dun corpo en orde (Dolto, 1984).

Somos seres sociais desde o nacemento: necesitamos ao outro para sobrevivir. Xa desde os soados experimentos de Harlow (1958) co moniño de felpa sabemos que é tan importante un outro que alimente como un outro que reconforte. Basta lembrar os casos de nenos que sufrían hospitalismo en institucións sen suficiente contacto afectivo, ou o chamado «sorriso social» que aparece cara aos dous meses de vida cando o bebé recoñece un rostro humano.

Desde a perspectiva de Enrique Pichon-Rivière (1971, 1975), todo suxeito se constitúe en e polo vínculo. O vínculo non é só un lazo entre dúas persoas, senón unha estrutura complexa na que interveñen fantasías inconscientes, roles e expectativas recíprocas. O agocho, neste sentido, pode lerse como unha escena vincular: o neno non só se oculta e espera, senón que organiza un escenario onde se pon en xogo a certeza de que o outro asumirá o rol de buscador. A repetición do mesmo agocho reflicte como os suxeitos tenden a recrear, en diferentes momentos da súa vida, configuracións vinculares que lles

resultan familiares, aínda cando estas sexan fonte de sufrimento.

Precisamos dunha «nai suficientemente boa» (Winnicott, 1971) que proporcione *holding*, é dicir, un sostén físico e emocional que nos permita integrar experiencias, tolerar a ausencia e xogar coa distancia sen sentirnos desamparados.

Segundo esta lóxica, o agocho pode lerse como unha escena onde o neno ensaia activamente a experiencia da perda e o reencontro co Outro. Ao esconderse, non busca só ocultarse, senón ser buscado e reencontrado, reafirmando así o seu lugar no desexo do Outro (Lacan, 1987). O

agocho é unha demanda encuberta: «seguirás buscándome cando desapareza?»

A repetición do mesmo lugar pode entenderse como unha escena afectiva condensada, un refuxio simbólico onde o neno sentiu algunha vez que foi visto e recoñecido. Non repite porinxuidade táctica, senón por desexo: quere ser atopado outra vez alí onde xa o buscaron.

Este fenómeno pode vincularse co espazo transicional de Winnicott (1971/2005): ese territorio intermedio entre o mundo interno e a realidade externa, onde o neno xoga coa ausencia do Outro sen quedar psiquicamente abandonado. O agocho repetido encarna



Foto: Eren Li / Pexels

fisicamente ese espazo transicional, un lugar onde experimentar seguridade e retorno.

Desde a óptica lacaniana, o que está en xogo non é só a presenza física do Outro, senón o seu desexo. O neno desaparece, pero non para volverse invisible, senón para reaparecer na mirada desexante do Outro. O agocho é metáfora do desexo: a desaparición pon a proba a persistencia do Outro.

Así, esconderse sempre no mesmo lugar non é un simple hábito infantil, senón unha expresión simbólica profunda do vínculo. O xogo convértese nunha obra dramática en miniatura, onde se representan as tensións esenciais entre presenza e ausencia, amor e abandono, desexo e falta. Comprendelo permítenos achegarnos de maneira máis empática e profunda á vida psíquica do neno.

DO AGOCHO Á RÚA PENSAMENTO: ESCENAS DO DESEXO, O PECHÉ E O REENCONTRO A TRAVÉS DUN CASO

Din que todas as historias teñen un comezo, un nó e un desenlace. Pero algunas, as que nacen do silencio, do encerro ou do xogo, resístense a esa estrutura. Algunhas historias empezan escondidas, en habitacións escuras ou baixo mesas onde se xoga a desaparecer.

Ás veces, o lazo constrúese nos bordos: na entrada que non se concreta, na palabra que non chega, no corpo que non comparece. Non sempre o vínculo clínico se dá en consulta: ás veces sostense na interrupción, na distancia, na espera.

Z ten 16 anos. Durante as primeiras sesións acudiu ás citas programadas con bastante regularidade. Respondía con frases breves, sen moita implicación, pero sen rexeitar de todo

o espazo. Falou da súa habitación, dos seus plans, do seu desexo de volver ao instituto. Aseguraba que estaba ben, que quería ordenar as súas cousas, que podía soa: «mañá levantareime, irei a clase». Sempre sería mañá. Pero a historia non é o pasado, senón a forma en que o problematizamos no presente (Foucault, 1977).

Z aparece e escóndese: deixa de vir a consulta, silandeiramente, sen ruído. A súa presenza persiste doutros modos: nas chamadas da súa nai, preocupada porque non consegue levala; na súa petición de que envíemos unha ambulancia para obrigala a vir; na nosa propia inquietude e nos intentos frustrados de restablecer o lazo. Z non está, pero non desapareceu do todo: o vínculo, aínda que ferido, segue pedindo ser lido.

Achegámonos á súa casa, catro membros do equipo, reunímonos ao redor da súa mesa padiola e, sen sabelo aínda, comezamos a xogar outra forma de agocho. Cada visita, cada chamada non respondida, cada nota deixada na porta eran tamén formas de dicir: seguimos buscándooche.

Sentiamos que iso era o que había que facer, aínda que non foi fácil institucionalmente. Mesmo ao principio nós mesmos escondímonos un pouco para irnos, pero sabíamos que era importante sostener a busca e non ceder fronte ao silencio ou a ausencia. Como sinala Pichon-Rivièr, o grupo pode funcionar como continente e sostén: ao manter a tarefa común de preservar o vínculo, cada membro encarna, dalgún modo, a función de buscador. Esta insistencia en ir á súa casa, en deixar notas ou en camiñar con ela non foi un xesto individual, senón o despregamento dunha trama vincular que permitía que Z empezase a resignificar o seu encerro e a ensaiar saídas, non só físicas, senón tamén simbólicas.

Mentres iso sucedía, en paralelo, nun edificio branco con teitos altos e cartafoles selados, a institución seguía xirando. Organiza, mide, regula, contabiliza, rexistra. E aínda que en

teoría acolle, escoita e coida, moitas veces o xogo que propón é outro: un xogo de tempos imposibles, de axendas cheas, de dispositivos ríxidos que non contemplan o imprevisible. Un xogo institucional onde o vínculo, se non cabe na casa adecuada, simplemente non se xoga.

Cando alguén —residente, terapeuta, acompañante— di «imos á súa casa, áinda que non veña á cita», a institución responde con dúbida, con norma, con límite. Cando alguén propón camiñar cunha paciente pola rúa no canto de esperala no despacho, xorden os «perros»: iso é intervención? serve? conta?

E, con todo, é nesa marxe —fóra do cuadранte, fóra do protocolo— onde ás veces sucede o verdadeiramente terapéutico.

Non de golpe. Non con discursos. Con corpos. Con presenzas. Cunha nota deixada na porta: «Viñemos. Quizais hoxe foi difícil. Chamaremos nuns días».

Cunha voz suave que fala desde o corredor, cunha man estendida baixo a porta, buscando outra que áinda dubida en tomala.

Hai momentos que transforman, áinda que parezan mínimos: unha man tomada, unha porta entreaberta, unha camiñada en silencio baixo a choiva. Un paseo curto ata a rúa. Un «non» que se converte en «tal vez» e logo nun «si» que non necesita promesas.

Camiñar pode ser unha forma de terapia. Non polo que se di, senón polo que se sostén. Porque nese camiñar sen urxencias, sen metas nin esixencias, algo se despregá. Ábrese un espazo transicional onde o afora non ameaza e o interior xa non asfixia. Un territorio novo, entre a angustia e a posibilidade, onde a palabra pode nacer.

Un día, algo cambiou. Desde o outro lado da porta do baño, unha man ofreceuse. Z a súa, tremente, tomouna. Coma se nese instante o agocho chegase ao seu clímax simbólico: o momento do reencontro. A angustia non desapareceu, pero empezou a falarse. O corpo

encolleito e a voz apagada atoparon outro ritmo.

Saíu da súa habitación. E así, aos poucos, cada saída foi un paso desde o encerro cara á palabra.

E a palabra chega. Primeiro tímida, entrecortada, case rumoreada. Logo más firme, más propia. Aparecen os recordos: do barrio, do coleixio, do pai que vive lonxe e ás veces lévaa ao seu pobo; da gata que dá calma; do encerro e dos pensamentos confusos que non cesan. Noméanse os vínculos, os silencios, as feridas.

Cada relato é un intento de orde. Cada frase, unha procura de sentido. Nese dicir fragmentado comeza a armarse unha historia: non a que se conta cara afora, senón a que se reconstrúe cara ao interior. Esa que permite entender por que se repetiu tanto o agocho, por que a habitación era tan difícil de abandonar, por que o corpo se resistía a mostrarse.

Desde Freud sabemos que a repetición non é un simple hábito: repítese, a miúdo, aquilo que non puido ser simbolizado. O neno volve ao mesmo agocho, non por falta de imaxinación, senón porque alí ocorreu algo que quedou rexistrado: unha mirada, unha procura, unha forma de amor. De maneira análoga, Z repite o seu encerro na habitación onde algunha vez foi illada durante discusíons familiares. Alí quedou a súa infancia e alí regresa, coma se ese espazo áinda puidese devolverlle algo do perdido.

Pero algo distinto ocorre cando o Outro, lonxe de abandonar, insiste. Esa presenza persistente —que non invade, pero tampouco se retira— abre un espazo transicional, como o expuxo Winnicott (1971): un territorio entre o interno e o externo, onde xogar é posible e o eu non se desintegra pola ausencia. Nese limiar, Z empieza a contar. Primeiro fragmentos: o coleixio, o seu barrio, o seu pai, os veráns. Logo, más



Foto: Michael Noel / Pexels

profundamente: o encerro, a confusión, a ferida.

E, entón, como nunha escena escrita sen guión, un día calquera, a camiñada termina nunha rúa chamada Pensamento. Alí, baixo ese cartel urbano cargado de casualidade e sentido, Z articula o seu relato. Xa non se esconde tras o pelo. Xa non fala desde o baño. Saíu do lugar repetido, do recuncho onde esperaba ser atopada, para contar ela mesma a súa historia.

Alí, nese banco, articúlase algo novo. Non é unha confesión nin unha revelación, senón unha posibilidade: falar con palabras propias, dicir isto é meu, reconstruírse sen perder o vívido. Xa non se trata só de ser buscada polo Outro, senón de atoparse a si mesma como suxeito, como alguén que xa non necesita ocularse para ser vista.

E quizá, nese mesmo instante, a propia institución — aquela que dubidaba, que media, que esixía evidencias — tamén queda interpelada. Porque hai algo que non pode avaliarse en indicadores nin rexistrarse na historia clínica. Algo que non cabe no cadre de persoal, pero que transforma: a potencia dun encontro xeñuño.

Ese día non hai desenlace, non hai final de película. Pero hai algo distinto: o xesto xa non é de encerro, senón de apertura. A repetición perde o seu peso. O agocho deixa de ser prisión. E a Rúa Pensamento vólvese, non unha meta, senón un punto de partida.

Porque hai xogos que non se abandonan nunca. Hai agochos que todos temos. E hai procuras que só se sosteñen se alguén, con tenrura e persistencia, decide non renderse. Porque ás veces o lazo técese aí: en volver unha e outra vez ao mesmo lugar, sabendo que esta vez, quizá, alguén tomará a man.

O agocho e o encerro non son, entón, negacións do lazo, senón a súa forma cifrada. A través do xogo ou do síntoma, o suxeito interroga o desexo do Outro: buscárasme? se-

guirás vindo? E cando alguén responde con presenza sostida, cunha man ofrecida sen forzar, con palabras que esperan a ser escoitadas, o suxeito podeemerxer desde o encerro, non como quen é obrigado a saír, senón como quen atopa, por fin, unha saída propia.

Así, da escuridade a Rúa Pensamento, debúxase unha travesía: do silencio ao dicir, do agocho ao encontro, da repetición ao lazo. Non hai final feliz, senón unha historia en curso, onde o Outro non deixa de buscar e o suxeito non deixa de tentar aparecer.

Bibliografía

Dolto, F. (1984). *La causa de los niños*. Paidós.

Foucault, M. (1977). *Historia de la sexualidad I: La voluntad de saber*. Siglo XXI.

Freud, S. (1948 [1920]). *Más allá del principio del placer*. En *Obras completas (Vol. XVIII)*. Amorrortu editores.

Harlow, H. F. (1958). The nature of love. *American Psychologist*, 13(12), 673–685. <https://doi.org/10.1037/h0047884>

Lacan, J. (1987). *El seminario, Libro 11: Los cuatro conceptos fundamentales del psicoanálisis*. Paidós.


Piaget, J. (1954). *La construcción de lo real en el niño*. Fondo de Cultura Económica.

Pichon-Rivièr, E. (1971). *Teoría del vínculo*. Nueva Visión.

Pichon-Rivièr, E. (1975). *El proceso grupal*. Nueva Visión.

Winnicott, D. W. (1971). *Realidad y juego*. Gedisa.

ANUARIO ABERTO



ARTIGOS LIBRES

CASOS CLÍNICOS

TRABALLOS PREMIADOS NAS
XXIX XORNADAS DA SECCIÓN DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG



ARTIGO LIBRE

MODERADORES DE CONTIDO COMERCIAL: EXPOSTOS AO TRAUMA, OCULTOS AO MUNDO

Jennifer Prieto Estévez

Psicóloga Interna Residente. Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO). Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

jennifer.prieto.estevez@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Prieto Estévez, J. (2025). Moderadores de contenido comercial: expostos ao trauma, ocultos ao mundo. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 72-87. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

RESUMO

As redes sociais convertéronse en grandes plataformas que requieren mecanismos eficaces de moderación de contido para garantir contornas seguras. Neste contexto, os moderadores de contido comercial (MCC) desempeñan un papel chave na revisión e eliminación de material inapropiado, enfrentando condicións laborais complexas e unha exposición constante a contido perturbador. Esta situación impacta negativamente na súa saúde mental, xerando síntomas asociados ao estrés postraumático e outros problemas psicolóxicos. Para mitigar estes efectos, os MCC empregan diversas estratexias persoais de afrontamento. Á súa vez, as empresas implementaron medidas de benestar laboral, como programas de resiliencia e apoio clínico. Doutra banda, a intelixencia artificial perfilase como un recurso complementario que optimiza a xestión do contido. Con todo, a súa incorporación expón retos éticos e operativos que requieren unha regulación coidadosa para asegurar unha colaboración equilibrada entre tecnoloxía e traballo humano.

PALABRAS CHAVE — Moderadores de contido, saúde mental, estrés postraumático, intelixencia artificial, benestar laboral.

ABSTRACT

Social networks have become large platforms that require effective content moderation mechanisms to ensure safe environments. In this context, commercial content moderators (CCMs) play a key role in reviewing and removing inappropriate material, facing complex working conditions and constant exposure to disturbing content. This situation negatively impacts their mental health, generating symptoms associated with post-traumatic stress and other psychological problems. To mitigate these effects, CCMs employ various personal coping strategies. Likewise, companies have implemented workplace well-being measures, such as resilience programs and clinical support. On the other hand, artificial intelligence is emerging as a complementary resource that optimizes content management. However, its incorporation poses ethical and operational challenges that require careful regulation to ensure balanced collaboration between technology and human labor.

KEY WORDS — Content moderators, mental health, post-traumatic stress, artificial intelligence, workplace well-being.

INTRODUCIÓN

As redes sociais xurdiron a finais dos anos 90 como plataformas dixitais deseñadas para facilitar a interacción e o intercambio de información. Permiten aos usuarios crear, compartir e consumir contido de forma inmediata. Desde entón, transformaron profundamente a maneira en que nos relacionamos, accedemos á información e construímos a nosa identidade.

O seu crecemento foi imparable. Hoxe en día, máis de 5.000 millóns de persoas no mundo usan redes sociais, o que representa preto dun 64 % da poboación mundial. En España, rexistráronse 39 millóns de usuarios de redes sociais, representando o 83.6 % da poboación total do país. En España, o 91 % da poboación entre 16 e 65 anos utilizaas a diario, cunha media de uso que supera as dúas horas ao día (We Are Social & Meltwater, 2024). O seu crecemento facilitou a difusión de noticias, o intercambio cultural e o desenvolvemento de comunidades en liña. Con todo, tamén expón desafíos, como a preocupación pola privacidade ou a propagación de desinformación e contido nocivo. Cada vez circula máis contido violento, sexual, ilegal ou desinformativo, e isto fixo necesario controlar que contidos se publican. Ao principio, esta tarefa non era profesional nin estaba ben organizada. Facíana equipos de soporte técnico, atención ao usuario ou mesmo persoal legal, como algo secundario dentro das súas funcións. En Facebook, por exemplo, ao principio quen revisaba o contido eran estudantes voluntarios de Harvard. Non foi ata finais de 2005, cando as queixas dos usuarios xa sumaban decenas de miles e se contratou á primeira persoa de forma permanente para moderar contido. Co tempo, isto foise repetindo noutras plataformas. Así foi aparecendo unha nova profesión dixital: a do moderador de contido, unha figura chave, pero áinda pouco visible, encargada de protexer aos usuarios de contido que pode

resultar daniño (Barrett, 2020; Gillespie, 2018; Torres, 2022; Vasco, 2023).

A investigadora Sarah Roberts foi unha das primeiras en estudar este fenómeno en profundidade. Acuñou o termo *moderación de contido comercial* para referirse a esta forma de moderación estruturada e propia da industria tecnolóxica e tamén documentou o impacto psicolóxico que este traballo pode ter sobre as persoas que o realizan. Publicou en 2019 o seu libro *Behind the Screen: Content Moderation in the Shadows of Social Media*, no que recolle entrevistas a traballadores de diferentes lugares do mundo (Roberts, 2019).

Colaborou como asesora académica durante a produción do documental *The Cleaners* (2018), no que tamén apareceu como experta entrevistada. O documental explora o traballo dos moderadores de contido en Filipinas e inclúe entrevistas tanto aos autores de obras ou imaxes censuradas como a representantes ou exempregados de Google, Twitter e Facebook (Parks, 2019; Riesewieck, 2018). En España, destaca a reportaxe *Redes sociais: a fábrica do terror* do programa Salvados, emitida o ano pasado na Sexta, na que entrevistan a varias moderadoras de contido en España. Aborda as condicións laborais, o impacto psicolóxico, e o segredismo que rodea á industria da moderación, condicionado por estritos acordos de confidencialidade asinados coas empresas (Serrano, 2024).

MODERADORES DE CONTIDO COMERCIAL (MCC) (Gillespie, 2018; Serrano, 2024; Riesewieck, 2018; Roberts, 2019)

Os Moderadores de Contido Comercial (MCC) son profesionais encargados de examinar e filtrar o contido xerado polos usuarios

en plataformas dixitais, asegurando o cumprimento das políticas internas da empresa e os marcos legais vixentes, e aplicando as accións correspondentes en cada situación.

A súa función na sociedade é indiscutible, xa que garanten contornas dixitais seguras e funcionais, preveñen a exposición dos usuarios a material nocivo e protexen o benestar psicolóxico e social da comunidade en liña. Ademais, limitan a difusión de desinformación, promovendo o acceso a información veraz e confiable, fan cumplir as normas comunitarias para fomentar unha convivencia respectuosa e contribúen á sustentabilidade das plataformas, manténdoas atractivas tanto para os usuarios como para os anunciantes.

PROCESO DE MODERACIÓN DE CONTIDO

O contido que chega á pantalla dun moderador ten dúas posibles orixes:

1./ Denuncias de usuarios de contido considerado inapropiado ou que infrinxe as normas, o que activa o proceso de revisión. Cada denuncia require unha revisión individual, mesmo se é sobre o mesmo contido. MCC: «Este é un sistema onde non é que ti borres ou escales un contido e se faga unha cadea dominó e borre todos os mesmos vídeos dunha vez, non, en absoluto, isto é un por un. Se a xente fixo mil denuncias vai chegar mil veces» (Serrano, 2024).

CLASIFICACIÓN DO CONTIDO QUE PODE SER DENUNCIADO POLOS USUARIOS:

O contido que regulan os moderadores adoita presentarse principalmente en tres formatos: texto, vídeo e imaxes. Segundo as distintas

plataformas, este contido pódese agrupar nas seguintes categorías:

Odio: Palabras ofensivas, estereotipos racistas ou sexistas, deshumanización, incitación ao medo ou á discriminación, referencias a discursos de odio, símbolos e logotipos relacionados con discursos de odio.

Abuso e acoso: Insultos, contido non deseñado de carácter sexual e censuración explícita, contido non apto para o ambiente laboral (NSFW) e contido gráfico non desexado, negación de eventos violentos, acoso dirixido e incitación ao acoso.

Discurso violento: Ameazas violentas, desexo de provocar lesións, glorificación da violencia, incitación á violencia, incitación codificada á violencia.

Protección de persoas menores de idade: Explotación sexual infantil, ciberacoso a menores (*grooming*), abuso físico infantil, usuario menor de idade.

Privacidade: Distribución de información privada, ameazas de distribuír/expoñer información privada, distribución non consensuada de imaxes íntimas, distribución de imaxes de min que non desexo que estean na plataforma.

Spam: Interacciones falsas, estafas, contas falsas, ligazóns maliciosas.

Suicidio ou autolesións: Fomentar ou promover as autolesións, ou ben proporcionar instrucións ou compartir estratexias para autolesionarse.

Contido multimedia delicado ou perturbador: Contido gráfico, *gore* gratuito, nudez en adultos e comportamento sexual, conductas sexuais violentas, bestialismo e necrofilia, imaxes ou vídeos que mostran a unha persoa falecida.

Suplantación de identidade: Facerse pasar por outra persoa, incluídas as contas de

parodia/admiradores que non cumpran as regras.

Entidades violentas ou de incitación ao odio: Extremismo e terrorismo violentos, grupos e redes de contacto para incitar ao odio.

2./ Detección automatizada, que identifica o contido potencialmente problemático e o envía para moderación. Con todo, estes sistemas áinda non son completamente precisos e poden cometer errores na clasificación do material.

O contido organízase nunha cola de revisión, similar a unha lista de reprodución en YouTube. Esta cola non segue unha orde lóxica, polo que o moderador pode atoparse cunha mestura de contidos moi diversos. Este fluxo impredictible fai que as emocións varíen constantemente ao longo do día, xerando cambios bruscos no estado de ánimo do moderador.

Que deben facer os MCC co contido que lles chega? Catro acciones posibles:

Validar: Aprobar o contido e permitir a súa publicación, cando non infrinxe as normas establecidas.

Advertir: Colocar filtros antes de que o usuario acceda ao contido. Por exemplo, en casos de material delicado, como unha cirurxía onde se expón un órgano, móstrase unha advertencia previa para que o usuario decida se quere velo. Este proceso axuda a reducir o impacto da exposición a material delicado.

Borrar: Eliminar contido que infrinxe as normas, como discursos de odio («Vivan os nazis!») ou acoso (por exemplo, insultos acompañados da imaxe da persoa afectada), evitando que chegue aos usuarios e cause dano.

Escalar: Remitir o caso a un departamento superior cando a situación o require. Existen distintos tipos de escalamentos, por exemplo. aqueles que involucran a protección de me-

nores en risco (p.e. están a violar a un menor ou a piques de facelo) ou casos onde algúen mostra indicios claros de que podería tentar suicidarse. Nestas situacóns, analízanse sinais que suxiren que a ameaza é real ou inminente. Cando un contido é demasiado grave ou require intervención especial, remítense a un nivel superior para a súa análise e acción.

CONDICIÓN LABORAIS

— Os MCC traballan baixo condicións altamente esixentes que afectan o seu benestar. Adoitán ser persoas mozas, menores de 30 anos, de distintos países e sen experiencia previa na área.

— Reciben unha formación inicial de aproximadamente tres semanas, centrada nas normas das plataformas, contidos sensibles e terminoloxía específica. MCC: «Existe unha lista de 37 organizacións terroristas elaborada polo Departamento de Seguridade Nacional dos EEUU, temos que memorizar toda a información sobre eses grupos terroristas, memorizar as súas bandeiras, os seus lemas e moderálos» (Serrano, 2024).

— A carga de traballo é moi alta: espérase que revisen ata 25.000 imaxes ao día e entre 700 e 800 vídeos diarios, mantendo unha precisión do 95 %, con só tres errores permitidos por mes. O control de calidade revisa un 3 % do contido moderado. MCC: «A nosa meta diaria é de 25.000 imaxes. Podería estar no *Libro Guinness dos Récords*» (Serrano, 2024).

— O salario adoita ser baixo, a pesar da carga emocional do traballo, a subcontratación e a precariedade laboral.

— Ademais, traballan baixo estritos acordos de confidencialidade, o que limita a súa capacidade para compartir o que experimen-




Foto: dlxmedia.hu / Unsplash

tan e dificulta o afrontamento emocional do contido que xestionan.

— A toma de decisións tampouco é sinxela e conleva unha gran responsabilidade: en ocasións, deben elixir entre catro accións posibles sen unha guía clara, confrontándose a xerarquías internas que priorizan certos criterios por encima doutros. MCC: «Vin a unha nai espida cun sabre perseguindo á súa filla. Pensei que o peor era a violencia, pero marqueíño mal porque se vía unha mamilha. Para Meta, o máis grave era iso» (Serrano, 2024).

IMPACTO PSICOLÓXICO NOS MCC (Spence, 2023; Steiger, 2021)

A exposición constante a material altamente perturbador pode xerar consecuencias emocionais, cognitivas e condutuais nos moderadores.

Todos os MCC eran conscientes de que o seu traballo conleva riscos psicolóxicos, pero moitos tiñan dificultades para recoñecer ou expresar o impacto real que ten no seu benestar. Algúns afirmaban non verse afectados, pero ao afondar nas súas experiencias, emerxían exemplos de dificultades actuais ou pasadas.

A reticencia para falar sobre o impacto podería deberse á normalización do sufrimento dentro da profesión ou ao temor de que, ao recoñecer os efectos negativos, se interprete como unha falta de capacidade para desempeñar o traballo. Ademais, os efectos psicolóxicos poden manifestarse de forma progresiva e ser difíciles de identificar ou expresar con palabras. MCC: «Aféctache de maneira prexudicial cando estás só. Afecta á túa imaxinación de maneiras que non podes cuantificar, pero de todos os xeitos aféctache» (Spence, 2023).

Despois do choque inicial ao ver o contido, unha forma común de afrontamento era a desconexión emocional. Esta capacidade desenvolvíase nos primeiros meses e permitía aos moderadores ver o contido sen experimentar reaccións adversas. MCC: «Afaste a ver eses *tickets* e ese tipo de contido, e é coma se te converteses nun robot. Suprimes as túas emocións para poder seguir traballando» (Spence, 2023).

Os moderadores tentaban manter unha distancia emocional das vítimas, enfocándose na análise do contido. Para algúns, isto tradúcise en evitar pensar nas vítimas como persoas reais, mantendo unha actitude analítica. MCC: «Axúdame porque non me lembro a min mesmo que son persoas reais. Axúdame a pensar niso coma se fose unha serie de televisión» (Spence, 2023).

Algúns MCC cuestionaban se o feito de poder realizar o seu traballo sen unha reacción emocional forte indicaba que había «algo mal neles». MCC: «Se ves a un neno sendo abusado, como podes velo dunha maneira insensible? Isto leva a moito esgotamento» (Spence, 2023).

Con todo, non ocorría con todo o contido, xa que algúns moderadores tiñan sensibilidades persoais cara a certos tipos de material. MCC: «O meu desencadeante é a bestialidade. Non podo traballar con contido deste tipo, pero tiven que facelo nalgún momento, e foi moi difícil para min porque teño un can» (Spence, 2023). E outros tiveron dificultades para manter a distancia emocional e sentiron a necesidade de implicarse máis no contido, o que intensificou a súa angustia.

A exposición repetida a contido traumático alterou significativamente a percepción do mundo e aspectos da vida cotiá dos MCC. Experimentaban pensamentos intrusivos, especialmente en situacións relacionadas coa temática do contido que moderaban. Cando o contido estaba relacionado con abuso sexual infantil, estes pensamentos podían xurdir du-

rante relacóns íntimas, xerando malestar e afectando a conexión emocional coas súas parellas. MCC: «Ás veces dígolle ao meu noivo: dámelo un minuto para miña mesma e tentarei levar os meus pensamentos a algo agradable, e entón está ben. Pero iso non estaba alí antes; é novo desde que empecei o traballo» (Spence, 2023).

A presenza de nenos tamén podía ser un detonante, provocando unha sensación de hipervixilancia sobre a súa seguridade. Algúns MCC tentaban evitar interaccións con nenos para non activar recordos do contido moderado. Aqueles que eran pais ou planeaban selo tiveron dificultades para continuar no posto, o que suxire que a exposición ao contido afectaba á súa visión da infancia e a crianza. MCC: «Tratei de explicarlle á miña tía o que está a pasar... que precisas estar máis atento cando deixas ao teu fillo nun xogo. Xa non é só un xogo» (Spence, 2023).

Evidenciáronse cambios xerais na percepción do mundo, cunha visión más escura e cínica das persoas. Os MCC falaban de vivir nunha «burbulla» antes de traballar en moderación e que o seu emprego lles amosou unha cara más escura da sociedade. Nalgúns casos, isto resultou nunha perda de confianza nos demás, con moderadoras expresando sospeitas xeneralizadas cara aos homes pola súa posible implicación na creación, distribución ou consumo de contido de abuso sexual infantil.

Tamén se evidenciou unha diminución de emocións positivas e unha sensación de desesperanza. Eran comúns os sentimientos intensos de ira e frustración, non só en relación co contido que moderaban, senón tamén de maneira xeneralizada. Algúns informaron de reaccións fisiolóxicas como crises de pánico ou estados de hiperactivación nerviosa, respuestas de «loita ou fuxida» ao ver contido perturbador. MCC: «Ás veces sinto coma se o meu corpo estivese moi esperto, pero non no sentido de non estar canso. Máis coma se estivese un

pouco nervioso sen razón cando vexo contido moi perturbador» (Spence, 2023).

As alteracións do sono, como o insomnio e os pesadelos, foron mencionadas con frecuencia, o que contribuía ao esgotamento diúrno. A carga emocional tamén afectaba os hábitos de autocoidado. Algúns recorrían ao consumo excesivo de alimentos, cafeína ou tabaco como mecanismos de afrontamento. MCC: «Coñezo a moitas persoas que din que comen moito chocolate mentres traballan. O chocolate é un; o café é outro... Os fumadores toman máis descansos para fumar» (Spence, 2023).

A sensación de illamento era frecuente debido á imposibilidade de compartir a súa experiencia con amigos ou familiares. MCC: «Cando tes un mal día, cando tes as emocións revoltas, aínda tes que finxir que estás ben, que todo está ben» (Spence, 2023).

ESTRATEGIAS DE AFRONTAMIENTO DOS MCC (Spence, 2023)

Barreiras para o afrontamento. Os moderadores percibían que non podían compartir as súas experiencias con outras persoas debido ás restricións impostas por Acordos de Confidencialidade, as reaccións da contorna (sentían que familiares e amigos evitaban o tema ou preferían non saber nada do seu traballo), o medo a «traumatizar» a outros (evitaban compartir detalles por temor a xerar malestar, angustia nos seus seres queridos). MCC: «Tentei contarlle á xente o que facía, pero non querían escutar. É como contar unha película de terror, ningúén quere saberlo» (Spence, 2023).

Isto levou aos MCC a ser selectivos respecto a que aspectos do seu traballo compartían e con quen o facía, dependendo de como crían que reaccionarían.

Apoio social. Os compañeiros de traballo desempeñan un papel chave no afrontamento, xa que comparten experiencias similares, comprenden mellor a natureza do seu labor e poden falar abertamente sobre ela. Esta interacción facilita a validación emocional, a normalización de reaccións e axuda a reducir o impacto psicolóxico, permitindo aos moderadores protexerse emocionalmente cando a situación se volve abafadora. As relacións cos compañeiros foron identificadas como un factor protector chave. MCC: «Iso é o que che axuda a seguir, os teus compañeiros de equipo, que están a sufrir contigo, pero tamén son as túas maiores fontes de apoio» (Spence, 2023).

Compartir experiencias con outros moderadores está relacionado cun mellor axuste psicolóxico e maior resiliencia. Os MCC que podían compartir as súas experiencias con outros informaron dunha mellor capacidade para procesar as súas emocións e menor sensación de illamento.

Límites entre traballo e vida persoal.

Un dos mecanismos máis utilizados polos moderadores é establecer unha separación clara entre a súa vida persoal e laboral. Para iso, algúns finalizan as súas tarefas, por exemplo, media hora antes de saír do edificio ou aproveitan o tempo de traslado como un espazo de desconexión, creando así unha barreira física e simbólica co traballo. Unha vez fóra da contorna laboral, tentan «deixar o traballo no traballo», evitando reflexionar sobre o contido moderado. MCC: «Cando saio da oficina, só podo pensar para mim mesmo: está ben, iso é todo por hoxe, e non hai necesidade de pensar en nada relacionado co meu traballo» (Spence, 2023).

Os conflitos entre o traballo e a vida persoal relacionáronse con estrés, absentismo, esgotamento e insatisfacción. Establecer límites e unha xestión exitosa da interface traballo-fogar asóciase con maior creatividade e compromiso laboral. Os moderadores informaron da

Foto: Cottonbro/ Pexels



importancia de manter unha identidade fóra do seu rol como moderador.

Actividades fóra do ámbito laboral.

Cómpren un rol chave na regulación emocional dos moderadores, xa que non só lles permite distraerse e liberar o estrés acumulado, senón tamén centrar a súa atención no presente e recuperar certa sensación de equilibrio.

O exercicio físico intenso, como correr ou usar unha bicicleta estática, é unha estratexia comunmente empregada. MCC: «Montei na bicicleta estática para liberar algo da enerxía que tiña dentro» (Spence, 2023).

Investigacións previas demostraron que o exercicio está asociado cunha mellora na capacidade de autorregulación, así como coa diminución do estrés percibido, a redución do malestar emocional e unha menor dependencia de substancias como o tabaco, o alcol e a cafeína.

Ademais do exercicio, actividades creativas como a repostería ou a escritura axudan aos moderadores para procesar os seus pensamentos e emocións. MCC: «Escribir foi unha forma na que tratei de expresar o que pensaba ou como poderían axudarme aquí ou que se podería facer. Para mim, é unha estratexia de afrontamento. Non gardo as cousas para mim» (Spence, 2023). As técnicas de distracción e actividades que xeran estados de «flow» (concentración total nunha actividade desafiante pero gratificante) axudan a reducir o estrés e mellorar o sentido de benestar.

Equipo técnico. Algúns profesionais manifestaron que os dispositivos proporcionados eran obsoletos ou non estaban suficientemente especializados. Así mesmo, o uso de software deseñado para reducir a exposición ao contido (por exemplo, con funcións de esfumado) foi percibido como unha barreira, ao dificultar unha avaliación precisa do material. MCC: «Eu nunca usei algo así (software que esfuma imaxes) porque sinto que podería perderme algo, así que para mim non funciona» (Spence, 2023).

Como alternativa, os moderadores desenvolveron estratexias persoais para minimizar a exposición, como visualizar as imaxes en tamaños reducidos, desactivar o son dos vídeos, ocultar o contido unha vez identificado (p.e., deixar de ver inmediatamente cando se confirmaba que o contido era sobre abuso sexual infantil). Estas estratexias demostraron ser eficaces en estudos sobre percepción emocional de imaxes.

Acceso a servizos terapéuticos. A maioria das empresas proporcionan servizos de benestar, aínda que a frecuencia e a calidade do servizo varían entre organizacións. Os moderadores valoraban positivamente a terapia, considerándoa un recurso útil para xestionar o impacto emocional do traballo. Coincidiron en que o apoio psicolóxico debería ser especializado, e que as persoas que o brindasen deberían comprender o tipo de exposición experimentada. Algúns expresaron o temor de que, se o terapeuta non tiña experiencia, o contido podería sobrecargalos e traumatalos, da mesma forma que podería ocorrer con amigos e familiares, o que limitaba a súa disposición para compartir detalles do seu traballo. O acceso a sesións regulares con terapeutas especializados facilitaba a apertura e a expresión das dificultades relacionadas co traballo.

Apoio organizacional. O respaldo organizacional é un factor determinante na capacidade dos moderadores para afrontar as demandas do seu rol. Sentíanse apoiados polas súas organizacións se había un investimento continuo no seu rol ou se sentían que a organización escoitaba as súas preocupacións e ideas.

De particular importancia era a sensación de autonomía na xestión do tempo. Os moderadores percibían os descansos como un elemento chave para o benestar laboral. Tomar pausas segundo as súas necesidades individuais e dunha maneira que lles resultase cómoda (p.e., dar un paseo en lugar de sentar

nunha sala de descanso), así como a capacidade de tomarse días por enfermidade cando o traballo se volvía abafador, eran medidas altamente valoradas por estes profesionais.

A percepción de autonomía foi vinculada de maneira consistente con maior satisfacción laboral, compromiso e motivación, así como con menor taxa de abandono do posto. Naquelas organizacións que contaban con políticas similares ás forzas de seguridade, o acceso a terapia e a unha contorna de traballo flexible promovía unha maior estabilidade emocional nos MCC.

O uso do xogo como ferramenta terapéutica na atención da saúde mental infanto-xuvenil está amplamente apoiado pola literatura científica e a práctica clínica. Diversas modalidades de xogo, que van desde o simbólico até os videoxogos deseñados con fins terapéuticos, demostraron ser eficaces para promover o desenvolvemento emocional, cognitivo e social en nenos e adolescentes (David et al., 2021; Fidan e Doğmuş, 2025). O xogo ofrece un medio fundamental para que os nenos expresen emocións, procesen experiencias difíci-

les e desenvolvan habilidades de afrontamento (Alemdar et al., 2024).

A través do xogo simbólico, é posible representar situacíons da vida cotiá, o cal facilita a comprensión e elaboración de conflitos internos, á vez que fomenta a autonomía e a autoestima (Fidan e Doğmuş, 2025). Así mesmo, os xogos tradicionais e de mesa continúan sendo ferramentas valiosas dentro do contexto terapéutico, xa que estimulan funcións cognitivas como a memoria e a atención, ademais de potenciar competencias sociais e emocionais, tales como a autorregulación, a cooperación e o respecto polas normas (Alemdar et al., 2024). Estes xogos promoven tamén a interacción social, esencial en procesos de desenvolvemento e na construcción de vínculos terapéuticos.

Neste sentido, Dixit constitúe un exemplo destacado. Trátase dun xogo de mesa no que os participantes utilizan cartas con ilustracións simbólicas para narrar e adiviñar historias a partir de pistas creativas. A súa dinámica favorece a imaxinación, a comunicación e a interpretación subxectiva de significados, o que o convierte nunha ferramenta útil na práctica terapéutica. A través das súas imaxes suxerintes, os pacientes poden proxectar emocións, experiencias e pensamentos, facilitando así a expresión emocional, a empatía e o fortalecemento de habilidades sociais.

En definitiva, comprender as autolesións e favorecer unha sólida relación terapéutica son claves para ofrecer unha atención integral e efectiva; abordando as distintas dimensíons do sufrimento, acompañando de forma próxima e potenciando os recursos do paciente. Así mesmo, a incorporación do xogo como ferramenta terapéutica brinda un espazo seguro para expresar sentimento e reforzar a alianza entre os profesionais e o paciente. Por iso, a continuación, exponse un caso clínico que ilustra a aplicación integrada destes elementos desde unha abordaxe interdisciplinar, neste caso di-

rixido por unha residente de Psicoloxía Clínica e outra de Enfermaría de Saúde Mental.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Trátase dunha paciente de 12 anos, sen antecedentes previos en saúde mental, que acoide por primeira vez, en xaneiro de 2024, á Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil (USM-IX) tras derivación desde Pediatría.

A unidade familiar compónse pola súa nai (en situación de incapacidade laboral desde 2019 por patoloxía osteoarticular), o seu pai (electrictista con frecuentes desprazamentos por traballo), o seu irmán maior (estudante de ciclo medio) e o seu tío materno (convivindo coa familia desde hai dous anos e sen actividade laboral).

A paciente atopábase cursando 1º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) mantendo vínculos con compañeiros de clase.

Acerca dos antecedentes familiares de interese, a nai recibe atención en Psiquiatría por un cadro ansioso asociado á súa situación de incapacidade laboral. Así mesmo, o seu irmán maior presenta un quiste cerebral, polo que na actualidade mantén seguimento por Neuroloxía. Pola súa banda, unha tía materna requirió asistencia en dispositivos de saúde mental por mor de ideación autolítica.

MOTIVO DE CONSULTA

O interese da derivación ás consultas de Psicoloxía Clínica parte da nai da paciente, quen amosa unha gran preocupación tras ser informada nunha revisión pediátrica acerca da presenza de autolesións na menor. Nun primeiro momento, a paciente adopta unha postura reticente fronte ao proceso terapéutico, mostrando unha actitude defensiva e expre-

sando abertamente a súa negativa a acudir ás sesións.

Nas primeiras entrevistas, con todo, esta é capaz de identificar como motivo de consulta a acumulación de estresores que viviu nos últimos anos e que lle resulta difícil afrontar. Destacan, entre eles, a morte da súa gata – unha figura coa que mantiña un forte lazo afectivo – e diversos cambios na estrutura familiar. A paciente refire que, desde hai aproximadamente dous anos, o seu tío materno vive no fogar familiar, ocupando a habitación que anteriormente era dela, o que implicou unha reestruturación do espazo na vivenda e aumentou as tensións diarias.

Ao comezar a intervención, a paciente fálanos acerca de como lle afecta esta reestruturación do fogar, compartindo habitación coa súa nai, mentres que o seu pai dorme no sofá do salón, cando non se atopa fóra do domicilio por motivos laborais. Manifesta o seu enfado ante iso, xa que lle impide dispor dun espazo propio onde poder descansar, estudar ou contar con privacidade. Esta situación, xunto con outros factores, parece influír significativamente e de maneira negativa no seu benestar emocional e na súa percepción de seguridade e apoio na contorna familiar.

OBXECTIVOS

O obxectivo principal da intervención foi a redución e eliminación das autolesións, promovendo á súa vez formas alternativas e máis adaptativas de regulación do malestar emocional.

De forma adicional, traballouse de maneira progresiva a expresión emocional, aspecto que desde as sesións iniciais identificouse

como unha das principais dificultades da menor, tanto en consulta como no seu día a día.

INTERVENCIÓN

Previo ao comezo da intervención, decíde-se realizar un diario conxunto entre ámbalas dúas terapeutas, asignando un título para cada sesión, unha breve recollida acerca do traballado na sesión, tarefas que se estableceron e sensacións que se tiveron. Tanto a recollida de datos como o seu posterior manexo realizáronse tendo en conta as normas de boa práctica de investigación biomédica (Declaración de Helsinqui e Convenio de Oviedo); así como a normativa sobre protección de datos (Regulamento UE), e demais normas de obrigado cumprimento sobre investigación e uso de datos clínicos dos pacientes. Ambas asinan un consentimento informado.

Sesión 1: «Comezamos»

Realízanse as marcas de contexto, presentámonos ámbalas residentes e encadramos o tipo de intervención que imos realizar de maneira conxunta. Recóllese información sobre datos sociodemográficos e sobre o motivo de consulta. O máis destacado desta primeira sesión é a actitude da paciente, quen se amosa desafiante e indiferente cara a nós, chegando a verbalizar que non quere acudir ás consultas. Non hai moito espazo para intervir, polo que nos dedicamos a comezar a traballar o vínculo coa paciente e agradecémoslle o esforzo que fixo acudindo á consulta.

Tras esta primeira consulta a nosa sensación inicial era de incerteza ao ver a pouca predisposición inicial da paciente e do reto que ti-

ñamos por diante para conseguir vincular con ella.

Sesión 2: «Melonazo»

Nesta sesión realizada a soas coa nai, describe como complicada a situación na casa co seu irmán, co cal non ten boa relación. Refire acoíllelo na casa por presións familiares e está a ter dificultades para que abandone o domicilio. Nesta consulta tamén nos fala do seu marido, o cal pasa moito tempo fóra da casa por traballo, tendo que realizar viaxes mesmo de meses, o que dificulta áinda máis a dinámica familiar.

Nesta sesión o tempo coa paciente é breve, menos centrado na parte clínica e máis en traballar o vínculo e coñecer máis acerca dos seus intereses. A paciente empézanos a falar sobre as súas amizades, sobre a súa familia e empézase a observar certa dificultade á hora de falar de aspectos que lle xeran malestar, apreciándose certa contención emocional en consulta.

Sesión 3: «O desafío» (Consulta só con Sandra)

Esta sesión dedícaselle únicamente á paciente. Na mesma, apréciase que comeza a abrirse un pouco máis á hora de falar sobre o seu malestar. Cando a terapeuta expresa a súa preocupación xenuína por ela, a moza mostra unha actitude defensiva, verbalizando «dáche igual, é o teu traballo e iso diraslo a todos os que venen», «preocúpoché eu o mesmo que che preocupa que se che acaben os panos da mesa».

Percíbense dun xeito moi claro as dificultades vinculares da paciente e o gran medo que ten de abrirse e mostrarse tal vez «vulnerable» ante os demás.

Nese momento, non se lle confronta nada do que di, senón que lle devolvo que é normal que poida pensar así, pero que realmente a nós impórtanos e preocupa o seu benestar e que imos traballar para que poida empezar a atoparse mellor. Tras esta devolución, ocorre o

que consideramos un punto de inflexión crave no que á alianza con esta paciente refirese, xa que esta devolución xera que rompa a chorar. Tras deixarlle un espazo de desafogo, cando está máis tranquila recoñece que «nunca ningúen me dixo que lle importaba».

Sesión 4: «O reencontro»

Volvemos estar as dúas terapeutas e esta é a primeira consulta na que a paciente expresa o seu agradecemento e verbaliza que lle gusta acudir ás consultas connosco.

Ademais, comeza a falar máis sobre as cousas que lle xeran malestar, permitíndonos profundar un pouco máis acerca das autolesións e empezamos a traballar alternativas para as mesmas. De cara á seguinte consulta, proponse comezar a traballar a parte máis emocional e non o rexeita, ánda que si ten certa reticencia.

Nesta consulta preguntamos por dinámicas familiares e descubrimos que tanto ela como o seu irmán comen e cean sempre nas habitacións e os seus pais no salón. Isto parece estar moi normalizado na familia, polo que abordamos a importancia dos espazos e mandamos como tarefa que trate para comer no salón cos seus pais 10 días (tendo en conta que até a seguinte consulta pasarán 22 días), aceptándoo a paciente.

De maneira paralela, trabállase coa nai enfocándonos en fortalecer o seu rol maternal, dado que presenta unha notable inseguridade, así como na normalización de certos comportamentos e conductas da paciente.

Sesión 5: «Vencendo resistencias»

Trae a tarefa escrita, no rexistro observamos que conseguiu comer/cear 18 días fóra da súa habitación, reforzamos e animamos a manter esta dinámica. Ademais, tráenos escrito unha lista de «Datos sobre mí», recoñecendo que lle resulta máis fácil escribir que falar. Tamén

nos trae un debuxo e móstrase moi ilusionada e animada ao dárñolo.

Comezamos a traballar en consulta co Dixit para favorecer a expresión emocional, propómosslle que elixa varias cartas en función de como sente:

1. «Música». Gústanlle a música e os gatos. A música axúdalle en momentos de malestar. Identificamos a música e os animais como un recurso e estratexia que lle axuda a xestionarse emocionalmente.

2 e 3. «Agobio polos estudos». Aquí recoñece medo a decepcionar ao seu pai, sensación de afogo e presión que sente pola súa banda, permítelos entrar no tema e falalo. Gran afectación na paciente ao falar sobre o mesmo.

4. Fala sobre o seu estilo «masculino» e como en ocasións recibiu comentarios negativos sobre isto que lle fixeron sentir moi mal, destacando emocións como o enfado e a tristeza.

A nosa sensación tras esta consulta é de lograr unha boa alianza terapéutica cunha paciente que inicialmente amosaba moitas resistencias e destacamos tamén a ambivalencia que mostra con respecto ao seu pai.

Tarefa: diario emocional. Facilitamos un diario con diferentes preguntas para que poida realizar. Exemplo de preguntas: «como estou hoxe? que emocións sentín ao longo do día? Hai algo que me preocupa? Necesito falar do que sinto?». Esta tarefa pedímoslla, xa que parecía que á paciente resultáballe máis fácil poder expresarse por escrito e como forma de facilitar esta expresión durante o tempo fóra de consulta.

Sesión 6: «Máscaras»

Trae o diario emocional que realizou no tempo entre consultas, déixanos lelo e comentámoslo, e recoñece sensación de axuda á hora de expresar por escrito.



Dixit:

1. «*Roberto*». Fala sobre os seus amigos, cos que pode ser ela mesma.

2 e 3. «*Debuxo*». Recurso para aliviar o malestar? «Debuxar é o meu lugar de paz?», recoñece que é onde acode cando se atopa mal. Atopamos aquí unha boa estratexia e recurso da paciente, que lle axudará en momentos de malestar.

4 e 5. «*Máscaras*». Con axuda da carta elixida é capaz de explicarnos que tenta moldear a súa forma de ser segundo con quen se ato-

pa para tratar de encaixar con todos. Tamén como unha forma de tapar a angustia, recoñece que adoita ocultar sempre como se sente. Neste momento ábrese e recoñece que ás veces prefire vivir con esta máscara, xa que se non sentiríase unha persoa rara. Fálanos de comentarios que lle verbalizaron compañeiros de clase cando era máis pequena e que lle fixeron sentir así. Obsérvase gran afectación ao falar sobre todo isto. Aquí tamén enlaza e recoñece sentir gran inseguridade e apréciase unha baixa autoestima, permítenos traballar esta parte con ela.



Nesta sesión obsérvase a gran potencia que ten o uso do Dixit con esta paciente, proporcionándolle unha maior facilidade para expresar temas que probablemente non aflorarían sen axuda das cartas.

Sesións 7 e 8: «Abrindo camiño»

Nestas sesións destaca principalmente a melloría que se empeza a observar na paciente, mostrándose moito máis comunicativa e aberta en consulta. Desde que comenzaron as consultas non apareceron de novo as autolesións.

Dixit:

1. «*Música*»: de novo a música aparece como un gran recurso para ela.

2. «*Lectura*»: a lectura é outra das súas fontes para combater o malestar.

3. «*Memories*»: recordos bonitos; recoñece que lle gusta ler conversacións antigas con amigos porque lle trae bos recordos e isto faille sentir ben.

4. «*Escudo*»: fazer unha «barreira» para illarte das cousas malas que suceden ao teu redor en momentos de gran malestar. Fala da súa propia barreira e de como a compoñen aspectos como escutar música, ler, debuxar... Isto axúdalle a regularse cando sente mal



Sesión 9: «Xiro dramático»

Sesión á que acode o pai por primeira vez, polo que lle dedicamos máis tempo a el e á nai. Observamos unha actitude moi evasiva do pai, delegando toda a responsabilidade na nai e minimizando posible repercusión na paciente. Non parece moi receptivo á hora de participar no proceso terapéutico.

En canto á paciente, séguese percibindo a melloría observada en consultas previas. Por iso, decídese espazar as consultas.

Sesión 10: «Esgotamento»

Presenza de nova autolesión reactiva estresor externo e malestar en casa. Aínda así, sitúase nun 7 nunha escala que vai de 0-10, reconéccendo nese momento unha situación de maior malestar con dificultade para xestionalo, pero tamén destaca mellor manexo de situacíons de malestar a pesar do ocorrido. Lembramos recursos traballados en consultas previas.

Sesións 11, 12 e 13: «Mantendo obxectivos»

Persiste a melloría, non hai presenza de autolesións, amosando capacidade e recursos para xestionar momentos de malestar.

Dixit:

1. «*Decisión*»: momentos de angustia por se decide mal, incluídas decisións do día a día, aquí aparecen medos asociados a inseguridade que ten a paciente.

2. «*Recordos*»: fala da importancia de manter os recordos, áinda que sexan malos, tratando de quedar coa parte positiva e a aprendizaxe xerada.

3. «*Lugar de paz*»: fala das cousas que lle producen tranquilidade actualmente, destacando como unha emoción que está presente ultimamente.



Sesión 14: «Pechando ciclos»

Dado que se alcanzaron os obxectivos expositos ao comezo da intervención, acordamos alta nesta última sesión realizando unha devolución de todos os avances observados ao longo das consultas. Tanto a paciente como a súa nai amósanse agradecidas.

CONCLUSIÓNS

O uso do Dixit pode ser un gran recurso dentro da consulta á hora de explorar situacions complicadas que poderían resultar máis difíciles de abordar nun formato de entrevista estruturada, sobre todo, en poboación infanto-xuvenil. Desta maneira, comprobamos como nos axudou á hora de dar sentido e profundar en diferentes áreas non só limitándose á descripción do que se presenta, senón tamén como condutor a experiencias tanto presentes como pasadas.

Cabe destacar que o traballo conxunto entre a enfermaría especializada en saúde mental e a psicoloxía clínica demostrou ser non só be-

neficioso, senón esencial na abordaxe integral de casos complexos como o dunha menor con conductas autolesivas e escasa disposición inicial ao tratamento. A intervención coordinada permitiu ofrecer unha atención máis flexible, próxima e personalizada, que se adaptou ás necesidades emocionais e vinculares da paciente. Esta alianza terapéutica entre disciplinas favoreceu a construcción progresiva dun vínculo de confianza, o que resultou clave para o enganche terapéutico e a posterior adherencia ao proceso.

Contar coa mirada complementaria de ámbalas profesionais enriqueceu a comprensión do caso, facilitando unha lectura máis completa do sufrimento da menor e permitindo deseñar intervencións máis sensibles e eficaces. Ambas as miradas articúronse en torno ao xogo como ferramenta terapéutica central, que operou como medio simbólico para transmitir a dor emocional e fomentar o vínculo. Este caso pon de relevo a importancia de establecer unha comunicación fluída e constante entre disciplinas, con obxectivos terapéuticos compartidos e unha linguaxe común que permita sostener unha intervención coherente e

aliñada. Só desde unha práctica verdadeiramente interdisciplinar é posible xerar espazos terapéuticos potentes que ofrezan contención, comprensión e acompañamento reais a menores que atravesan experiencias de profundo malestar emocional. A colaboración respetuosa e complementaria entre enfermaría e psicoloxía clínica non só mellora a calidade da atención, senón que tamén humaniza o coidado en saúde mental infantil e adolescente.

O diario consolidouse como un recurso de supervisión interna e de autobservación, que favoreceu a toma de conciencia sobre como o caso nos afectaba, que resonancias espertaba e de que maneira influían estas emocións na nosa maneira de intervir. En contextos de alta complexidade emocional, como na abordaxe das autolesións infantís, é frecuente que as terapeutas se confronten a sentimientos de impotencia, frustración ou preocupación intensa. Poder nomear e compartir estas vivencias nun marco seguro, estruturado e colaborativo forteleceu a alianza profesional e permitiu sostener unha actitude clínica máis dispoñible, sensible e coherente. Ademais, este exercicio de escritura conxunta facilitou unha lectura máis integrada do caso, ao permitir entrelazar as diferentes perspectivas desde a práctica diaria. A posta en común de observacións e sentires xerou novas preguntas clínicas, enriqueceu a análise da evolución do proceso terapéutico e favoreceu a construcción de intervencións máis axustadas e empáticas. En suma, o diario terapéutico compartido non só funcionou como un rexistro clínico útil, senón como un espazo de pensamento, elaboración emocional e coordinación profesional. Esta práctica forteleceu a calidade do traballo interdisciplinar, promoveu o autocuidado das terapeutas e potenciou a continuidade e coherencia da abordaxe, demostrando ser unha ferramenta valiosa.

En resumo, este caso pon en evidencia o valor dunha intervención terapéutica interdisciplinar, creativa e profundamente humana na abordaxe de problemáticas complexas en

saúde mental infanto-xuvenil. A utilización de ferramentas proxectivas, como o Dixit, en combinación cun enfoque colaborativo entre enfermaría especializada e psicoloxía clínica, permitiu acceder a dimensións emocionais que difícilmente emerxerían nun formato convencional. Esta alianza profesional, sostida ademais pola práctica reflexiva compartida a través dun diario clínico, facilitou non só unha comprensión máis rica do sufrimento da menor, senón tamén unha maior coherencia e sensibilidade nas intervencións. A experiencia subliña a importancia de traballar desde unha mirada conxunta, onde o respecto mutuo, a escoita activa entre disciplinas e a integración de recursos simbólicos convértense en claves para acompañar, conter e transformar a dor psíquica en contextos tan vulnerables. Así, reforzase a idea de que non se trata só de intervir, senón de construír vínculos terapéuticos significativos capaces de abrir camiños cara á recuperación e a esperanza.

Bibliografía

Alemdar, H., Karaca, A., Konuk Şener, D., & Halmatov, S. (2023). The Impact of Cognitive-Behavioral Play Therapy on Children's Anxiety Levels: A Systematic Review. *Balikesir Health Sciences Journal*. <https://doi.org/10.53424/balikesirsbd.1349116>

David, O. A., Predatu, R., & Cardos, R. A. I. (2021). Effectiveness of the RETHink therapeutic online video game in promoting mental health in children and adolescents. *Internet Interventions*, 25, 100391. <https://doi.org/10.1016/j.invent.2021.100391>

Fidan, B. S., & Doğmuş, Y. U. (s. f.). The Effectiveness of Cognitive Behavioral and Adlerian Play Therapies in Children Aged 3–12 Years: A Systematic Literature Review. *Research on Social Work Practice*, 0(0), 10497315251316182. <https://doi.org/10.1177/10497315251316182>

Bordin, E. S. (1979). The generalizability of the psychoanalytic concept of the working alliance. *Psychotherapy: Theory, Research & Practice*, 16(3), 252–260. <https://doi.org/10.1037/h0085885>

Farkas, B. F., Takacs, Z. K., Kollárovics, N., & Balázs, J. (2024). The prevalence of self-injury in adolescence: a systematic review and meta-analysis. *European child & adolescent psychiatry*, 33(10), 3439–3458. <https://doi.org/10.1007/s00787-023-02264-y>

Fundación ANAR. (2023). *Informe anual 2022: Problemas de salud mental y autolesiones en la infancia y adolescencia*. <https://www.anar.org/informe-anual-2022>

Escudero, V., & Friedlander, M. L. (2019). *Alianza terapéutica con familias: Cómo empoderar al cliente en los casos difíciles* (1^a ed.). Herder Editorial.

Moran, P., Chandler, A., Dudgeon, P., Kirtley, O. J., Knipe, D., Pirkis, J., Sinyor, M., Allister, R., Ansloos, J., Ball, M. A., Chan, L. F., Darwin, L., Derry, K. L., Hawton, K., Heney, V., Hetrick, S., Li, A., Machado, D. B., McAllister, E., ... Christensen, H. (2024). *The Lancet Commission on self-harm*, 404, 1–38. [https://doi.org/10.1016/S0140-6736\(24\)01121-8](https://doi.org/10.1016/S0140-6736(24)01121-8)

World Medical Association. (2013). *World Medical Association Declaration of Helsinki: Ethical principles for medical research involving human subjects*. *JAMA*, 310(20), 2191–2194. <https://doi.org/10.1001/jama.2013.281053>

Council of Europe. (1997). *Convention for the protection of human rights and dignity of the human being with regard to the application of biology and medicine: Convention on Human Rights and Biomedicine (Oviedo Convention)*. Oviedo, 4.IV.1997. <https://www.coe.int/en/web/conventions/full-list?module=treaty-detail&treatyid=164>

European Union. (2016). *Regulation (EU) 2016/679 of the European Parliament and of the Council of 27 April 2016 on the protection of natural persons with regard to the processing of personal data and on the free movement of such data (General Data Protection Regulation)*. *Official Journal of the European Union*, L 119, 1–88. <https://eur-lex.europa.eu/eli/reg/2016/679/oj>

CASO 2

ABORDAXE DA SINTOMATOLOXÍA POSTRAUMÁTICA NUN CASO DE TRAUMA RELACIONAL

Tania Tuñas López

Psicóloga Interna Residente. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA.

Tania.Tunas.Lopez@sergas.es

Inmaculada Sangiao Novio

Psicóloga Clínica. Programa de enlace saúde mental-atención primaria. Centro de Saúde de Milladoiro. ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA.

Inmaculada.Sangiao.Novio@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Tuñas López, T., & Sangiao Novio, I. (2025). Abordaxe da sintomatoloxía posttraumática nun caso de trauma relacional. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 110-119. <https://cogalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

RESUMO

No presente artigo describese un caso de intervención en trauma relacional en contexto de violencia de xénero. Trátase dunha muller que acode ao programa de enlace saúde mental-atención primaria do centro de saúde de Milladoiro. Describese o proceso de intervención, no que se aborda o traballo de identificación das situacións de malos tratos, os mandatos de xénero, así como os factores de vulnerabilidade que favoreceron a entrada na relación de violencia. Ao mesmo tempo, trabállanse distintas estratexias na fase de estabilización e abórdase o traballo co contido traumático mediante EMDR.

PALABRAS CHAVE — Violencia de xénero, sintomatoloxía postraumática, síntomas disociativos, intervención.

ABSTRACT

This article describes a case of intervention in relational trauma in the context of gender violence. The case involves a woman who attends the mental health-primary care liaison programme at the Milladoiro health centre. The intervention process is described, which addresses the work of identifying situations of abuse, gender mandates as well as the vulnerability factors that favoured entry into the violent relationship. At the same time, different strategies are worked on in the stabilisation phase and work with traumatic content is addressed using EMDR.

KEY WORDS — Gender violence, post-traumatic symptoms, dissociative symptoms, intervention.

INTRODUCIÓN

A primeira autora que falou do Trastorno de estrés postraumático complexo (TEPT-C) foi Judith Herman, ao incidir na idea de que os cadros de trauma relacional non se axustaban á definición clásica do Trastorno de estrés postraumático (TEPT). Para esta autora, os cadros de trauma relacional que se xeran nas relacións de malos tratos na relación de parella, constituirían cadros de Trastorno de estrés postraumático complexo (Herman, 2004). Nestes casos, ademais da sintomatoloxía presente nos cadros postraumáticos (recordos intrusivos sobre os feitos traumáticos, conductas de evitación ante estímulos que lembran os sucesos traumáticos e un estado de hiperalerta), asócianse os problemas na regulación do afecto, a dificultade nas relacións sociais, así como a desvalorización dunha mesma, con sentimento de culpa e vergoña relacionados co evento traumático, como se recolle nos criterios diagnósticos da CIE 11 (Clasificación Internacional de Enfermedades) (WHO, 2018).

Todas estas alteracións exceden cualitativa e cuantitativamente os criterios definidos para o diagnóstico do TEPT, o que xerou numerosos debates respecto á diferenciación da síndrome orixinada polo trauma simple da clínica relacionada co trauma complexo, así como a necesidade de recoñecer o TEPT-C como unha categoría diagnóstica propia.

O concepto de TEPT-C xorde coa intención de ofrecer un diagnóstico para as consecuencias psicolóxicas das persoas que sufrieron unha experiencia traumática abusiva, reiterada e de carácter crónico, cunha presentación sintomatolóxica que non queda plasmada na súa totalidade na categoría de TEPT. Aínda que parecen existir diferenzas clínicas na presentación sintomática en función da idade da vítima e a natureza do trauma, Judith Herman considera que en todos os casos se trataría dunha síndrome recoñecible con ca-

racterísticas esenciais comúns, que engade aos síntomas propios do TEPT as alteracións identitarias, relacionais e dos significados. A exposición á violencia continuada en ambientes de illamento e coerción por parte do perpetrador, con perda absoluta do poder e o control sobre a propia vida, pode provocar graves alteracións na personalidade e no sistema de valores e de significados, ademais de nas respuestas fisiolóxicas de loita e fuxida que á vítima lle resultaron ineficaces para escapar da situación traumática (Herman, 2011).

No trauma relacional, como é o caso das relacións de malos tratos mantidos no tempo, o estrés prolongado fai que as experiencias traumáticas se codifiquen desconectadas do seu contexto sen a codificación lingüística ou narrativa (Deu Bleichman, 2011). Os recordos emocionais, que se gardan separados do resto de recordos, non se debilitan no tempo, senón que van asaltando ás vítimas en forma de emocións intensas, *flashbacks*, pesadelos e sintomatoloxía disociativa. Os síntomas disociativos son o resultado dunha desconexión e/ou unha ruptura nas funcións que integran a consciencia, definíndose esta como unha experiencia psicobiolóxica que afecta á memoria, á identidade, á percepción subxectiva dun mesmo e da contorna, ás emocións ou aos estados somáticos. En palabras de Van der Kolk (2015), a disociación constitúe a esencia do trauma, e supón unha falta de integración da realidade, que é básica para a superación do evento traumático. A disociación fai que o insopportable se borre, converténdose nun mecanismo de protección parcial contra as emocións intolerables, polo que os procesos disociativos poden facer que as persoas esquezan lembrar certos acontecementos (Hirigoyen, 2006).

Estudos realizados con mulleres que viviron violencia de xénero e que presentaban TEPT-C, observaron que presentaban síntomas de afecto negativo, somatización e disociación (Lowenstein et al., 2014). Nas mulleres que presentan cadros de TEPT-C, a disociación preséntase de forma leve ou moderada,

pero non tan extrema como para cumplir criterios dun trastorno disociativo. Os síntomas predominantes nestes cadros son as intrusións de aspectos relacionados co trauma na vida diaria, alteración da memoria ou lagoas de conciencia, así como a desconexión ou perda de conciencia do que ocorre ao redor, ás veces dando lugar a síntomas de desrealización/despersonalización.

A despersonalización é un síntoma disociativo que o DSM-V define como unha experiencia recorrente dun sentimento de desapego, coma se un mesmo fose un observador externo do propio proceso mental ou corporal (American Psychiatric Association, 2014). Algúns autores refiren que existen catro tipo de experiencias de despersonalización: as experiencias do corpo anómalias, o entumecemento emocional, a memoria subxectiva anormal e a alienación da contorna (Frewen e Lanius, 2015). A desrealización é definida polo DSM-V como unha experiencia persistente de irrealidade da contorna, por exemplo, experimentar o mundo como irreal, coma se fose un soño ou distante. Na intervención psicolóxica é moi relevante prestar atención á estabilización e regulación da persoa, traballando esta sintomatoloxía dentro da xanela de tolerancia do paciente.

Entre as consecuencias da violencia de xénero, por tanto, atópase o trastorno de estrés postraumático complexo e a sintomatoloxía disociativa, tras a exposición de forma continuada a traumas relacionais (Van der Kolk et al., 2005).

Diversos autores aluden a unha clara influencia do pensamento patriarcal na orixe e desenvolvemento histórico do concepto de TEPT-C, así como no atraso na súa inclusión nas clasificacións diagnósticas. Faise necesario comprender a utilidade social e política do recoñecemento dos danos causados por este tipo de trauma relacionado co xénero e o poder,

polo que se inclúe a perspectiva feminista ao longo do tratamento psicolóxico.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Trátase dunha muller en proceso de separación que sufriu violencia de xénero mantida no tempo na última relación de parella. Decide separarse despois de 17 anos de relación e tras sufrir unha agresión física por parte da súa exparella. Nun inicio presenta escasa conciencia doutras situacións de malos tratos aos que tamén foi sometida na relación (psicolóxico, sexual, ...).

No momento no que acode a consulta atópase en proceso de separación tras interpoñer unha denuncia por violencia de xénero. Conta con escaso apoio social, pois o seu único fillo vive fóra de España e non ten outra familia nin rede nestes momentos, dado o illamento no que se atopa como consecuencia dos malos tratos. Traballa na mesma empresa que a súa exparella e nestes momentos atópase en situación de incapacidade laboral.

MOTIVO DE CONSULTA

Foi derivada pola súa médica de atención primaria á consulta de psicoloxía clínica por presentar sintomatoloxía ansioso-depresiva.

Na primeira cita de psicoloxía clínica refire que interpuxo unha denuncia por violencia de xénero tras sufrir unha agresión física por parte da súa exparella e que se atopa en proceso de separación. Ao relatar na sesión o sucedido, sofre un episodio de crise de angustia con características disociativas, presentando amnesia para acontecementos relacionados co episodio da agresión, así como do ocorrido na consulta e respecto a días previos, recuperándose deste episodio ao cabo dunhas horas.



Foto: Isabelli Pontes/ Pexels

Dado o estado no que se atopa e para descartar a existencia de sintomatoloxía orgánica, solicítase valoración por parte do servizo de urxencias. Foi valorada tamén polo psiquiatra de urxencias, que lle prescribe tratamento ansiolítico ocasional en caso de presentar unha nova crise.

OBXECTIVOS

Acórdase coa paciente unha intervención psicolóxica breve, limitada no tempo, cos seguintes obxectivos:

- Traballar unha primeira fase de estabilización da paciente, dotándoa de estratexias de desactivación emocional e técnicas de enraizamento para a sintomatoloxía disociativa.
- Avaliar a sintomatoloxía disociativa mediante a escala de experiencias disociativas DEAS (Bernstein e Putnam, 1986).
- Traballar a regulación emocional e o estar no momento presente, sendo capaz de manter a atención dual para poder abordar, máis adiante, o traballo con recordos traumáticos.
- Abordar recordos traumáticos que están a xerar perturbación mediante EMDR.
- Identificar conductas e mecanismos de control coercitivo na relación de parella, abordando tamén os factores que favorecen a entrada á relación de violencia: os mandatos de xénero aprendidos na familia de orixe e os transmitidos polo contexto social.
- Informar sobre os recursos comunitarios de asistencia a mulleres, para ter un adecuado asesoramento xurídico ao verse inmersa no procedemento xudicial por malos tratos.
- Acompañar durante proceso de denuncia por violencia de xénero.

INTERVENCIÓN

Na primeira sesión realizase a exploración da historia de infancia e non só da historia da relación de parella disfuncional, pois as situacíons traumáticas na infancia predispoñen a unha maior vulnerabilidade a vincularse nunha relación de malos tratos (Mosquera, 2021). A pesar de que non hai historia previa de malos tratos na familia de orixe, a exploración destes aspectos axúdanos a ver certas aprendizaxes dos mandatos de xénero nese contexto que son elementos de vulnerabilidade a entrar en relacíons de desigualdade.

Avaliamos tamén a presenza de sintomatoloxía disociativa mediante a escala de experiencias disociativas (DES), na que obtén unha puntuación inferior a 20 puntos, polo que se descarta avaliar a presenza de trastornos disociativos mediante entrevista estruturada.

Na segunda sesión trabállase na identificación dos mecanismos de control coercitivo na relación de parella a través dunha listaxe de conductas e das consecuencias xeradas polas mesmas (Romero et al., 2015), tanto a nivel de sintomatoloxía presente na actualidade como dos mecanismos de culpabilización cara á vítima. Tamén se aborda coa paciente a identificación dos mecanismos que contribuíron á entrada na relación de violencia, como son os mandatos de xénero. Nesta liña, identifícanse aqueles mandatos que teñen que ver co rol de coidado dos demás por encima dunha mesma, o sentimento de culpa ao centrarse no autocoidado propio, a dificultade en establecer límites cos demás e a responsabilidade no mantemento das relacíons.

Antes de abordar os recordos traumáticos en relación aos malos tratos, tratouse a estabilización da paciente. Para iso, na terceira e sesións sucesivas, adestráronse técnicas de regulación emocional previas a traballar co material traumático. Fíxose mediante o establecemento dun lugar seguro, ademais de usar técnicas de desactivación, mindfulness e de orientación

á realidade. Dedicouse tempo a traballar en consulta o enraizamento no presente e a orientación á realidade mediante a aproximación de moi curta duración ao material traumático (duns poucos segundos) para volver de forma case inmediata á orientación ao presente (González, 2019). Cando a paciente foi capaz de ir expoñéndose ao material e manterse no presente ao mesmo tempo, foise expoñendo cada vez máis ao contido traumático. Este tipo de técnicas axúdannos para traballar tamén a atención dual, ao permitir traballar o recordo traumático tendo conciencia de que se atopa no momento presente.

No que respecta ao desenvolvemento de conductas de autocoidados propios, traballouse coa regulación emocional a través de técnicas de desactivación (relaxación muscular progresiva e técnicas de respiración abdominal) e de mindfulness. A paciente presentaba elevados niveis de ansiedade e ao poder identificar as dificultades para regulala, incluímos técnicas de autocoidado simbólico dentro do traballo de regulación emocional, propoñéndolle un exercicio de coidado da emoción, pensando en que sería útil para o traballo posterior cos recordos traumáticos que xeraban ansiedade. Pedímoslle á paciente en consulta que pensase na emoción como algo que coidar, en lugar do que protexerse, o que lle axuda a ir baixando o nivel de malestar ao experimentar esa emoción. Mientras fai este exercicio preguntamos se o nivel de malestar aumenta ou baixa, percibindo a paciente que a emoción diminúe. Propónselle esta tarefa para realizar no seu domicilio.

Abórdanse coa paciente a contextualización dos síntomas. Presenta amnesia para determinados recordos de malos tratos que, de forma progresiva, van aparecendo ao longo da terapia. A paciente presenta principalmente fobia a certos contidos traumáticos, no que respecta en concreto aos últimos episodios de violencia física. É este último episodio de violencia física

o que lle produce maior malestar, polo que é un dos recordos que máis tarde se traballan.

A partir da cuarta sesión e sucesivas, traballouse o material traumático mediante EMDR, segundo o procedemento baseado en oito fases para cada unha das dianas seleccionadas.

Neste procedemento, as tres primeiras fases céntranse na recollida de información clínica do caso, no establecemento da alianza terapéutica e na explicación da técnica, así como na avaliación e identificación dos eventos a reprocesar, incluíndo a imaxe, pensamentos, sentimentos, e sensacións que os representan; establecendo medidas iniciais antes de reprocesar: Unidades Subxectivas de Estrés (SUD-polas súas siglas en inglés) e Validez do Pensamento Positivo (VOC -polas súas siglas en Inglés). Na fase cuarta de desensibilización, procédese a aplicar estimulación bilateral para procesar o contido traumático. Na fase cinco de instalación, trabállase o pensamento positivo que o cliente desexa asociar co recordo ata que este se sinta completamente verdadeiro. Na sexta fase, realiza unha revisión do corpo, onde se pensa no evento co pensamento positivo e revisa o seu corpo, procesando calquera molestia que quede no corpo con estimulación bilateral. Na séptima fase ou fase de peche, pídense que retorno a un estado de calma no momento presente, independentemente de se se completou, ou non, o reprocesamento do evento. A fase oitava de reavaliación realiza ao principio de cada sesión, revisando o evento reprocesado na sesión anterior para avaliar se aínda segue xerando malestar e se este xa non lle perturba, pásase a traballar co seguinte evento a reprocesar.

Para seleccionar as dianas, foi de utilidade basearse nunha listaxe de mecanismos de control coercitivo nas relacións de parella, que é o mesmo material que se empregou para axudar á paciente para detectar e identificar as conductas de malos tratos. Trabállanse como diana os recordos en función da accesibilidade e tolerabilidade, é dicir, do máis fácil ao máis

difícil. Ao existir moitos recordos similares da relación abusiva, agrupáronse por dianas de acios, é dicir, non é necesario traballar con cada un deses recordos, senón que se agrupan en función da temática dos mesmos, baseados no tipo de agresión ou mecanismo coercitivo (co mesmo esquema que se traballou na identificación de condutas de malos tratos). Así, traballouse co primeiro, o peor e o máis recente. Neste caso traballouse como diana a agresión física, coincidindo que era o evento identificado como peor por xerar maior perturbación. Traballáronse, ademais, como dianas outros mecanismos de control coercitivo identificados, como a degradación (situacións nas que a tratou como inferior, insultos, comentarios sobre a súa imaxe ou físico, ...), as estratexias defensivas nas que se traslada a responsabilidade da violencia á propia vítima (chantaxe emocional, inducir sentimento de

mágoa ou pena, estratexias de arrepentimento, negación/minimización da violencia, ...).

A paciente, tras oito sesións, na actualidade atópase estable e programouse algunha cita de seguimento para ver a evolución. No momento presente realiza seguimento no Centro de Información á Muller onde se lle está proporcionando asesoramento psicolóxico e xurídico.

CONCLUSIÓNS

Independentemente do enfoque psicoterapéutico que se leve a cabo nos casos de malos tratos, débese facer unha primeira fase na que axudar a identificar os mecanismos de malos tratos, así como as secuelas e síntomas presentes na actualidade. Trabállase na iden-



Foto: Oscar Keys / Unsplash

tificación dos elementos que están na base da entrada nas relacións violentas (relación de desigualdade, mandatos de xénero, ...). Todo iso vai ir axudando a que se vaia alcanzando o obxectivo de conseguir o paso da visión de culpable, á visión de vítima e, como último, á visión de sobrevivente (Herman, 2004).

Nas pacientes que viviron experiencias traumáticas recoméndase que sexa explorada a sintomatoloxía disociativa a través de instrumentos de *screening* (González, 2019). Nos casos en que se detecte alta presenza da devandita sintomatoloxía, estaría indicado avaliar se estamos ante un caso de trastorno disociativo mediante unha entrevista estruturada.

É recomendable, antes de abordar os contidos traumáticos, realizar unha fase previa de estabilización do paciente (González e Mosquera, 2015). Nesta primeira fase trabállase con recursos que nos van permitir abordar máis adiante estes contidos traumáticos. Ao longo de toda a intervención, trabállanse tamén os patróns de autocoidado e de regulación emocional.

O tratamento de pacientes con TEPT-C empieza por crear unhas condicións de seguridade, desenvolver habilidades, establecer a alianza terapéutica e reducir os síntomas (Van der Hart et al., 2023). Cando se fala de trauma relacional ou complexo, non é recomendable abordar a sintomatoloxía de forma directa a través dunha exposición, senón que se debe lograr a funcionalidade da paciente nas súas áreas básicas de autocoidado, xunto coa adquisición de ferramentas que lle permitan sostener o traballo posterior dos eventos traumáticos (Van der Kolk, 2015). Os recordos traumáticos son contidos nesta primeira fase ata desenvolver a capacidade de permanecer na marxe da tolerancia emocional e as habilidades necesarias de regulación emocional. Esta aproximación axudaranos a traballar a fobia á experiencia interna e aos contidos traumáticos.

Nunha segunda fase, abórdanse os contidos traumáticos. O EMDR (Shapiro, 2019) é unha técnica para tratar o trauma, ao integrar o traballo tanto con elementos cognitivos como emocionais e somáticos, permitindo traballar escenas traumáticas mentres se realiza unha estimulación bilateral, favorecendo que se vaian asociando outras escenas ata que ao final se termina cunha escena que non xera perturbación. Consideramos que este enfoque de tratamento é útil para abordar os componentes traumáticos nos casos de trauma relacional xerado nas relacións de violencia de xénero

Bibliografía

American Psychiatric Association (2014). *Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales. DSM-5*. Editorial Médica panamericana.

Bernstein, E. M., & Putnam, F. W. (1986). Desarrollo, fiabilidad y validez de una escala de disociación. *The Journal of Nervous and Mental Disease*, 174(12), 727-735.

Dio Bleichman, E. (2011). *Mujeres tratando a mujeres con perspectiva de género*. Octaedro.

Frewen, P., & Lanius, R. (2015). *Healing the traumatized self: consciousness, neuroscience, treatment (Norton series on interpersonal neurobiology)*. WW Norton &Company.

González, A. (2019). *EMDR y procesamiento emocional. Trabajando en pacientes con desregulación grave*.

González, A. & Mosquera, D. (2015). *EMDR y disociación. El abordaje progresivo*. Ediciones Pléyades.

Herman, J. (2011). The Aftermath of Violence: Trauma and Recovery. *Transforming Terror*.

Herman, J. (2004). *Trauma y recuperación. Cómo superar las consecuencias de la violencia*. Editorial Espasa.

Hirigoyen, M. F. (2006). *Mujeres maltratadas. Los mecanismos de la violencia en la pareja*. Paidós.

Loewenstein, R., Brand, B., & Gilbert, L. (2014). Treating complex trauma survivors. *Psychiatric Times*, 40-45.

Martínez, I. N., & Casares, M. C. L. (2016). Abordaje integral de la clínica del trauma complejo. *Clinica contemporánea*, 7(2), 87.

Mosquera, D. (2021). *Libre. INTRA-TP*.

Romero, I., Álvarez, R., Czalbowski, S., Soria, T. N. & Villota, M. T. (2015). *Guía de intervención en casos de violencia de género*. Editorial Síntesis.

Shapiro, F. (2019). *EMDR. Terapia de desensibilización y reprocesamiento mediante movimientos oculares*. Asociación EMDR España.

Van der Hart, O., Steele, K., & Boon, S. (2023). *El tratamiento de la disociación relacionada con el trauma. Un enfoque integrador y práctico (2ª Edición)*. Desclée de Brouwer.

Van Der Kolk, B. (2015). El cuerpo lleva la cuenta. *Cerebro, mente y cuerpo*.

Van der Kolk B., Roth S., Pelcovitz D., Sunday S., & Spinazzola J. (2005). Disorders of extreme stress: The empirical foundation of a complex adaptation to trauma. *Journal of Traumatic Stress*, 18(5), 389-399. <https://doi.org/10.1002/jts.20047>

World Health Organization (2018). The ICD-11 for mortality and morbidity statistics. Recuperado de <https://icd.who.int/browsell/l-m/es>



TRABALLO PREMIADO NAS XXIX XORNADAS DA
SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

COMUNICACIÓN

PROGRAMA “DIÁLOGOS ABERTOS CON SAÚDE MENTAL”

María Candal González

Psicóloga Interna Residente. Unidade de Saúde Mental de Noia. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

maria.candal.gonzalez@sergas.es

Aldara Varela Lodeiro

Psicóloga Interna Residente. Unidade de Saúde Mental de Concepción Arenal. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

aldara.varela.lodeiro@sergas.es

Casilda Oujo Fernández

Psicóloga Clínica. Unidade de Saúde Mental de Noia. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

casilda.oujo.fernandez@sergas.es

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Candal González, M., Varela Lodeiro, A., & Oujo Fernández, C. (2025). Programa «Diálogos Abertos con Saúde Mental». *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18 pp. 120-125. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

INTRODUCIÓN

As persoas non existimos illadas

As persoas non existimos de maneira illada. A nosa existencia está determinada pola participación que temos en diferentes áreas da sociedade. Isto tamén se aplica nos problemas de saúde mental, que se constrúen a nivel social mediante a linguaxe e a comprensión compartida. Os trastornos mentais teñen impacto non só nas persoas que piden axuda, senón tamén nos seus achegados, así como nos diversos recursos que estas necesitan para cubrir as súas necesidades. As nosas experiencias están entrelazadas, polo que a rede persoal convértese nun recurso para comprender o problema e concibir o tratamento.

Os contextos culturais e as características dunha rexión sosteñen o universo relacional de cada persoa. Nun nivel máis micro, a comunidade na que estamos inmersos no noso día a día está formada polas redes sociais que nos rodean. Estas redes cómpren diversas funcións de acompañamento, apoio emocional, guía, regulación, axuda e acceso a novos contactos (Sluzki, 2009). Podemos dividir ditas redes en dous grupos: as redes profesionais e as privadas (Arnkil e Seikkula, 2016).

Rede profesional

Rede composta polo conxunto de profesionais cos que o persoal estivo ou está en contacto (centros de saúde, asociacións, servicios sociais etc...). O sistema asistencial está organizado de maneira sectorizada, polo que existe una división dos problemas segundo a especialidade á que compete. Non obstante, os problemas das persoas son complexos e requieren dunha mirada máis holística e integradora. Incluir a rede profesional no tratamento permite mellorar a colaboración entre os profesionais implicados coa persoa e adaptarse ás necesidades concretas do entorno que pide axuda.

RESUMO

As redes social e profesional son determinantes nos resultados de tratamiento dos problemas de saúde mental. Desde a Unidade de Saúde Mental (USM) de Noia pone en marcha un programa desde a perspectiva de Diálogos Abertos, que salienta a importancia de ditas redes, creando un punto de encontro mensual entre profesionais, usuarios e outras persoas interesadas. Trátase de crear un espazo seguro para o diálogo, promovendo a horizontalidade e polifonía. A pesar dos coñecidos beneficios do traballo na comunidade, a implantación de orientacións que seguen a liña de Diálogos Abertos atópase con diferentes obstáculos tanto dentro como fóra do sistema sanitario no que traballamos. Con todo, o proxecto exposto pretende validar a posibilidade de realizar intervencións más coherentes cos principios de Diálogos Abertos que nos permitan mellorar a calidade asistencial dos usuarios da USM.

PALABRAS CHAVE — Diálogos Abertos, acción comunitaria, psicoloxía clínica.

Rede privada

Rede composta polas persoas importantes, sexan familiares ou non. A inclusión desta rede supón un feito esencial de cara á definición e disolución do problema. Un problema comeza a ser cando se define como tal polo paciente ou polos seus achegados e deixa de ser cando xa non se sinala así. Por exemplo, en consumo de drogas son os achegados quen habitualmente dan a voz de alarma. Este tipo de rede tamén presta unha axuda importante no descubrimento de novas perspectivas do problema e posibles vías de solución, xa que poden estar tamén preocupados polo que está a ocorrer. A súa cercanía fai que exista unha experiencia compartida co paciente.

Ambas

As persoas que compoñen ambos tipos de redes, debido á cercanía e ao contacto co paciente, dispoñen dun coñecemento valiosísimo sobre o problema. Por iso, a participación de ambas facilita unha comprensión dialólica conxunta e a procura dun progreso frutífero. Permite a mobilización de apoios e a creación dunha comunidade, que constitúe unha fonte de seguridade, conformada por persoas relevantes que son esenciais na procura de respostas a como avanzar.

Algúns estudos, apuntan a que ambos tipos de redes son determinantes nos resultados de tratamentos dos problemas de saúde mental. A súa inclusión no tratamento posúe unha serie de beneficios que poden empregarse de cara a mellora dos resultados psicoterapéuticos (Arnkill e Seikkula, 2016). Segundo o Plan de Saúde mental de Galicia Pos covid-19 (2020), os pacientes mostran unha preferencia a ser atendidos na súa contorna. Esta perspectiva de traballo require dunha especial énfase na atención integrada; coa colaboración entre distintos profesionais no tratamento, a implicación do paciente na toma de decisións situándoo no centro do seu propio proceso asistencial e a apostar por prácticas innovadoras que mello-

ren a sustentabilidade do sistema. O Programa formativo da especialidade de Psicoloxía Clínica (BOE, 2009) xa apuntaba nesta dirección ao establecer como competencia profesional dos especialistas o desenvolvemento de programas de coordinación e cooperación cos dispositivos da rede asistencial, incluíndo recursos sociais, xurídicos, educativos e comunitarios. Ademais, dentro das posibilidades de formación que ten o especialista existen orientacións fundamentadas nesta filosofía da atención comunitaria e de inclusión da rede. Concretamente, podemos destacar un enfoque que se basea nestes dous aspectos clave e que se exporá a continuación: a perspectiva dos Diálogos Abertos.

Conversas polifónicas e horizontais

O enfoque de Diálogos Abertos (DA) xorde en Laponia nos anos 80-90, da man do equipo de Jaakko Seikkula, da necesidade de ofrecer unha nova resposta ao incremento de persoas con diagnóstico de esquizofrenia nos países nórdicos. Desde o marco de Diálogos Abertos a atención centrarse na colaboración dentro da rede social da persoa, atravesando fronteiras entre familias, grupos e clases sociais (García Hermo, 2021). Toman especial relevancia as ideas do filósofo da lingüaxe, Mijail Bakhtin (1981), quen describe o diálogo como unha forma de pensar polifónica e horizontal, construída conxuntamente por todos os participantes. A intervención dialólica consiste nunha serie de reunións entre usuarios, familias e outras persoas da súa rede social ou sistema de apoio cos membros do equipo (psicólogos, psiquiatras, enfermeiros, traballadores sociais, terapeutas ocupacionais etc.). Como sinala Bakhtin (1981), o simple feito de ser escuchado xa supón unha relación dialólica. O equipo de Jaakko Seikkula e colaboradores, a partir das observacións recollidas dos procesos de tratamento, identificaron sete principios terapéuticos que axudan a articular o traballo desde esta perspectiva (Arnkill e Seikkula, 2016; García Hermo, 2021).



Responder inmediatamente. Considérase, por norma xeral, organizar a primeira reunión nas 24 horas posteriores ao primeiro contacto. Isto faise para previr a hospitalización e para abordar temas que co paso do tempo serían difíciles de falar.

Incluír a rede de apoio social. Co obxectivo de mobilizar apoios, restaurar vínculos, axudar a poñer palabras e dar sentido á experiencia por medio dunha conversa cotiá.

Adaptación flexible ás necesidades específicas e diversas. Baseándose nas ideas do Tratamento Adaptado ás Necesidades de Yrjö Alanen (1999), búscase o axuste á linguaaxe concreta, estilo de vida, posibilidades reais de empregar determinados métodos terapéuticos e de duración do tratamento que se correspondan ao problema presente do paciente.

Responsabilidade compartida. Todas as cuestiós relativas ao problema, definición, tratamento e toma de decisións trátanse en presenza de todos os asistentes.

Continuidade psicolóxica. Búscase o mantemento do mesmo equipo de acompañamento durante todo o proceso para asegurar os vínculos que xorden na intervención.

Tolerar a incerteza. Xerar espazos seguros nos que sexa posible falar ante situacíons que moven intensas emocións e onde non hai unha resposta planificada.

Dialoxismo. Promover o diálogo é o obxectivo principal das reunións dialóxicas. Desenvolver conversacións terapéuticas onde todas as persoas sexan escoitadas e se poidan sopear axudas conxuntamente en beneficio de todos os presentes, deste modo se facilita que afloren os recursos.

MÉTODO E RESULTADOS

Cruzando Fronteiras

Desde a Unidade de Saúde Mental (USM) de Noia, buscamos abrir espazos dialóxicos cruzando fronteiras entre diferentes dispositivos asistenciais e de acompañamento ás persoas. Para iso, ponse en marcha un programa desde a perspectiva de Diálogos Abertos, que salienta a importancia das redes sociais, creando un punto de encontro mensual entre profesionais, persoas con experiencia en primeira persoa e outras persoas interesadas. Os obxectivos deste proxecto, seguindo o Programa formativo da especialidade de Psicoloxía Clínica (BOE, 2009), son:

- Impulsar a coordinación con outros dispositivos sanitarios, sociais, educativos, de inserción laboral, tutelares ou xudiciais.
- Participar e colaborar no deseño de actividades e programas de prevención e promoción da saúde, e, en especial, da saúde mental.
- Participar en actividades de programación, organización e coordinación asistencial con outros dispositivos sociais, sanitarios e doutros tipos que interveñen no territorio.

Esta proposta, «Diálogos Abertos con Saúde Mental», está incluída no programa de Atención Continuada de Psicoloxía Clínica da Área Sanitaria de Santiago de Compostela. Levarase a cabo entre setembro de 2024 e xuño de 2025, con carácter mensual, e terá lugar no Espazo Xove de Noia en horario de 16:30 a 18:00 horas. As asociacións participantes concretadas ata esta data son:

- Asociación Española Contra el Cáncer (AECC): Luns 30 de setembro.
- Asociación de Dano Cerebral Adquirido SARELA: Martes 22 de outubro.
- Asociación de persoas con Discapacidade da comarca de Noia e Muros MISELA: Martes 19 de novembro.

— Saúde Mental FEAFES Galicia: Martes 17 de decembro.

— Asociación Saúde Mental A Creba: Xaneiro.

Os métodos de difusión empregados para anunciar as reunións son a comunicación por correo electrónico aos profesionais sanitarios da área (Noia, Lousame, Outes, Muros, Carnota, Mazaricos e Urdilbe), ao Centro de Información á Muller e aos Servicios Sociais de Noia; a colocación de carteis informativos no centro de saúde de Noia e o aviso directo a usuarios da USM que poderían beneficiarse destas reunións.

Como expuxemos anteriormente, a perspectiva de Diálogos Abertos fundaméntase en sete principios. Tendo en mente estes principios, e intentando integralos na nosa práctica profesional, desenvolvemos este programa de atención continuada.

Segundo o principio de perspectiva de rede social, invítase a participar nas reunións ás persoas sensibilizadas e profesionais pertencentes a servizos de apoio da contorna. De acordo co principio de flexibilidade das actuacións, realizanxe os encontros nun lugar alleo á institución ou centro sanitario, facilitando diálogos que serían imposibles dentro da consulta. Enlazado no principio de inclusión da rede social, convertemos este proxecto nunha acción comunitaria. En liña co principio de responsabilidade compartida: convidando aos encontros a aquelas persoas que pensen que poidan axudar e buscando conxuntamente entre profesionais, persoas sensibilizadas co tema e a súa contorna, un significado compartido. Todas as cuestións se tratan en presenza de todos. En relación co principio de tolerancia a incerteza: favorecendo un espazo de reflexión conxunta e evitando vías de acción apresuradas. Por último, dialoxismo: trátase de crear un espazo seguro para o diálogo no que se expoñen os recursos dispoñibles para os usuarios, aberto a reflexión e comprensión colectiva das posibles problemáticas que xurdan, así como a valorar-

ción de posibles vías de acción e cooperación dos involucrados. Todo isto dende unha igualdade dialóxica na que todas as voces e experiencias son válidas, facilitando a polifonía.

CONCLUSIÓNS

Camiños cara prácticas dialóxicas

A pesar dos coñecidos beneficios do traballo na comunidade, a implantación de orientacións que seguen a liña de Diálogos Abertos, atopamos diferentes obstáculos tanto dentro como fóra do sistema sanitario no que traballamos. No tratamento habitual organízase a atención a saúde mental marcando os pasos a seguir, así como a composición e estrutura dos dispositivos dispoñibles para facelo. Este modelo é a base da organización sectorizada do sistema na que se dividen a atención dos problemas de saúde, esquecendo a complexidade do ser humano e as súas relacións. Ademais, dita perspectiva impón a idea de que o profesional é o que ten o coñecemento absoluto da vía de acción que se debe tomar, sen ter en conta a sabedoría que ten a propia persoa sobre aquilo que lle fai sentir mellor. Esta idea tamén se estende ao coñecemento popular, facendo que tanto os pacientes como as familias e achegados consideren que a resolución do problema debe estar prescrita polo profesional e que eles non son os indicados para axudar (García Hermo, 2021). Como consecuencia, a introdución de cambios na maneira rutinaria na que se fan as cousas é todo un reto. Na transición cara un sistema aberto o paso máis importante, e no que tamén é fundamental a colaboración entre familias e profesionais, consiste en facer á persoa partícipe no seu tratamento desde o inicio. As prácticas dialóxicas non requieren dunha reestruturación masiva do sistema nin dun emprego excesivo de recursos. Por riba disto, precisan do traballo en rede entre diversas perspectivas, partindo dunha actitude de adaptabilidade e reciprocidade (Seikkula e Arnkil, 2019). Co presente proxecto

pretendemos validar a posibilidade de realizar intervencións más coherentes cos principios de Diálogos Abertos dentro da nosa práctica clínica que nos permitan mellorar a calidade de vida dos usuarios da USM. Este obxectivo, non é imposible, pero quizais, como indicaban Seikkula e Arnkil (2019), «os camiños cara as culturas locais sostibles de prácticas dialóxicas son calquera cousa excepto curtos e directos».

Bibliografía

- Arnkil, T. E., & Seikkula, J. (2016). *Diálogos terapéuticos en la red social*. Herder Editorial.
- Bakhtin, M. (1981). *The Dialogic Imagination*. Texas University Press.
- Bakhtin, M. M., Kriúkova, H. S., & Cazcarrá, V. (1989). *Teoría y estética de la novela: trabajos de investigación*. Taurus.
- García Hermo, A. (2021). Acompañar: outras formas de acompañar nas crises. *Anuario Psicoloxía e Saude: Revista Oficial da Sección de Psicoloxía e Saude do COPG*, 14, 62-79. https://cogalicia.gal/system/files/PDFs/publicaciones/anuario_psicoloxia_e_saude_14.pdf
- Orden SAS71629/2009, de 2 de junio, por la que se aprueba y publica el programa formativo de la especialidad de Psicología Clínica. *Boletín Oficial del Estado*, 146, de 17 de junio de 2009, 51210- 51236. <https://www.boe.es/eli/es/o/2009/06/02/sas1620>
- Seikkula, J., & Arnkil, T. E. (2019). *Diálogos abiertos y anticipaciones terapéuticas: Respetando la alteridad en el momento presente*. Herder Editorial.
- Servizo Galego de Saúde. (2020). Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024. https://runa.sergas.gal/xmlui/bitstream/handle/20.500.11940/14102/Plan_saude_mental_2020.pdf?sequence=1&isAllowed=y
- Sluzki, C. E. (2009). *La red social: frontera de la práctica sistémica*. Editorial Gedisa.

TRABALLO PREMIADO NAS XXIX XORNADAS DA
SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

COMUNICACIÓN

PROGRAMA DE ATENCIÓN CONTINUADA DE PSICOLOXÍA CLÍNICA EN ATENCIÓN PRIMARIA: DATOS E IMPRESIÓN DOS DOUS PRIMEIROS ANOS E MEDIO DE IMPLEMENTACIÓN

Anxo Fernández Villar, Cristina García Diez, Nora Suárez Fuentes e Jennifer Cabaleiro Suárez

Psicólogo/as Interno/as residentes. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Jacinto Jose Casas Araujo

Facultativo especialista en Psicoloxía Clínica. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

anxo.fernandez.villar@sergas.es

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Fernández Villar, A., García Díez, C., Suárez Fuentes, N., Cabaleiro Suárez, J., & Casas Araújo, J. J. (2025). Programa de atención continuada de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria: datos e impresións dos dous primeiros anos e medio de implementación. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 126-133. <https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

En marzo de 2022 implementouse no Centro de Saúde de A Parda un Programa de atención continuada de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria. Os residentes PIR da área, dirixidos polo titor de Psicoloxía Clínica, levaron a cabo unha proposta de intervención psicoterapéutica breve, individual e en coterapia para o tratamento dos malestares emocionais significativos e a psicopatoloxía común, que son motivos de consulta habitual en Atención Primaria. Dous anos e medio despois do inicio do Programa, expónense os resultados asistenciais e interprétanse para comentar as impresións que xurdiron durante o transcurso da implementación. Consideramos que a experiencia foi útil para o cumprimento dos obxectivos propostos, malia que se atoparon certas limitacións na posta en marcha.

PALABRAS CHAVE — Atención primaria, psicoterapia breve, psicoloxía clínica, atención continuada, PIR.

INTRODUCIÓN

A Atención Primaria (AP) é un sistema sanitario que, baseado na lonxitudinalidade da asistencia, a polivalencia dos seus profesionais e a súa accesibilidade, consegue prestar unha asistencia encamiñada a resolver os problemas frecuentes de saúde das persoas e a súa comunidade, coordinándose no necesario co resto de niveis asistenciais e dispositivos sociais e sanitarios (Padilla, 2014).

Os problemas de saúde mental son un motivo cada vez máis frecuente de consulta en AP. Os trastornos mentais más repetidamente rexistrados nas historias clínicas de AP son os trastornos de ansiedade con 74,6 casos por cada 1.000 habitantes, seguidos dos trastornos do sueño e dos trastornos depresivos, 60,7 e 41,9 por cada 1.000 habitantes, respectivamente (Ministerio de Sanidade, 2023).

O incremento sostido da presión asistencial en AP, xunto co aumento constante da demanda de atención psicológica por parte da poboación, xerou unha situación de crecente preocupación. A sobresaturación dos servizos, a falta de recursos e persoal adecuado, así como o aumento das consultas, provocaron que moitos casos que poderían atenderse na súa fase aguda cheguen tardíamente ás Unidades de Saúde Mental (USM), dificultando así o tratamento psicológico temperán e efectivo dos trastornos. Esta situación vese agravada polo incremento da medicalización como única opción terapéutica en AP, as longas listas de

espera en Psicoloxía Clínica e a consecuente cronificación de problemas mentais.

Por todo o previo, na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés decidiuse implementar un Programa de atención continuada de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria para facilitar o acceso aos tratamentos psicolóxicos da poboación e mellorar a adquisición de competencias nos PIR dentro do contexto da atención continuada. O Programa implementouse en marzo de 2022 no Centro de Saúde da Parda, que atende a unha poboación de aproximadamente 27.000 persoas, cunha gran acollida polos médicos de atención primaria (MAP) e o servizo de Psiquiatría. A idea principal coa que se implementou foi a de complementar os equipos de AP para lograr unha verdadeira multi e interdisciplinariedade e así contribuír á atención dos pacientes baixo o modelo bio-psico-social.

Cabe mencionar que no momento da creación do Programa non existía a figura de Psicoloxía Clínica en AP na área sanitaria, polo que o PIR rotaba no Centro de Saúde da Parda cos titores MAP. Este foi un dos motivos principais para desenvolver o Programa en coordinación cos MAP deste centro.

Dous anos e medio despois da súa implementación recollemos os datos asistenciais e revisamos a súa interpretación para favorecer o debate de como integrar a Psicoloxía Clínica en AP e como mellorar a formación dos PIR.

OBXECTIVOS

- Implementar un programa de atención psicolóxica especializada en atención primaria.
- Ofrecer intervencións breves, temperás, accesibles e equitativas a persoas con sufriamento psicolóxico.

- Proporcionar apoio psicolóxico puntual no afrontamento de determinados problemas de saúde e procesos de enfermidade (IAM, diabetes etc.).
- Realizar accións formativas, apoio técnico e coordinación cos demais profesionais de AP e establecer unha ligazón coas unidades do servizo de Psiquiatría.
- Implantar indicadores de xestión propios e más adecuados á nosa especialidade para avaliar de forma sistemática os resultados.
- Ampliar os contidos formativos e aumentar a competencia profesional dos PIR no marco de atención continuada e crear un espazo de supervisión intensiva de casos.

MÉTODO

A intervención levou a cabo de forma individual dúas tardes ao mes. A atención psicoterapéutica organizouse en dúas consultas, nas que participaron residentes en modalidade de coterapia: R1 e R4 nunha consulta, e R2 e R3 na outra. Cada tarde realizáronse un total de catro primeiras entrevistas, cunha duración dunha hora cada unha, e seis consultas sucesivas de 30 minutos (dúas primeiras e tres sucesivas por consulta). Entre as primeiras entrevistas e as sucesivas dispúxose dun espazo para a supervisión de casos no que participou o facultativo especialista que dirixiu o Programa. Así mesmo, antes de iniciar as primeiras entrevistas, reservouse un tempo para a coordinación cos médicos de Atención Primaria.

A continuación, preséntanse os criterios utilizados para realizar o triaje das derivacións dos MAP ao Programa:

Criterios de inclusión:

- Primeiro episodio e inicio recente.
- Psicopatoloxía reactiva/adaptativa de gravedade leve-moderada.
- Demanda a petición do paciente e proactividade.

Criterios de exclusión:

- Pacientes con contacto previo en Unidade de Saúde Mental pola mesma problemática.

- Sintomatoloxía asociada a trastorno mental grave, a trastorno de personalidade con elevada disfunción ou a risco autolítico.
- Deterioración cognitiva que dificulte a entrevista.
- Alta comorbilidade asociada.

Os resultados expostos no seguinte apartado supoñen a recompilación dos datos asistenciais anónimos descriptivos acerca das consultas realizadas no Programa durante dous anos e medio. Estes datos, unha vez recolleitos, analizáronse mediante o programa Microsoft Excel.




Foto: Alex Green / Pexels

RESULTADOS

Táboa 1 — Resultados asistenciais do Programa.

	TOTAL	DESDE 04/2022	2023	ATA 09/2024
Derivacións	264	81	115	68
Homes	89	21	45	23
Mulleres	175	60	70	45
Media idade	41,98	40,53	41,01	44,41
Desviación idade	15	15,72	14,27	15,01
Pacientes non incluídos no programa	74	23	34	17
Pacientes incluídos no programa	190	58	81	51
Pacientes incluídos, citados e que acudisen a 1 ^ª C	166	50	72	44
Pacientes incluídos, citados e que non acoden a 1 ^ª C	21	7	8	6
Pacientes incluídos, citados e que anulan	3	1	1	1
Total citas de seguimiento que non acode / non avisa	34	11	16	7
Media de consultas por paciente visto	2,16	2,06	2,11	2,38
Pacientes vistos e altados	112	33	46	33
Pacientes que abandonan	19	6	10	3
Pacientes vistos e derivados	30	11	16	3
Derivacións a USM	19	4	12	3
Seguimentos en activo	5	0	0	5

Figura 1 — Gráfica de porcentaxe de casos incluídos, citados e vistos durante o Programa



DISCUSIÓN

Os principais motivos de consulta foron rupturas biográficas (perda de emprego, capacidade económica, status ou funcionalidade), ataques de pánico, ansiedade, ánimo baixo, tensión e *burnout* laboral, síntomas psicosomáticos e preocupacións relacionadas con problemas de saúde ou enfermidades.

A estratexia de intervención consistiu nun modelo psicoterapéutico contextual (Wampold e Imel, 2021) e integrador, apoiado en distintas propostas breves e focais, como as descritas en Barlow et al. (2019), Beyebach (2014)

e Rodriguez Arias e Venero (2019). Optouse por unha modalidade de coterapia para favorecer a adquisición de habilidades e competencias por parte dos residentes, e realizar un traballo colaborativo na toma de decisiones (triaxes, altas, seguimentos etc.). A supervisión realizada polo facultativo especialista responsable do Programa realizouse nun espazo de tempo acoutado entre as primeiras consultas e os seguimentos, facilitando a reflexión das consultas de primeira hora e preparando as intervencións dos seguimentos posteriores. O ambiente de supervisión foi dinámico, non estruturado e centrado no residente e na formulación de casos, logrando establecer unha contorna segura e construtiva para mellorar a pericia clínica e tomar perspectiva sobre os propios procesos internos do terapeuta.

Ao analizar os datos asistenciais, identificanse dous grupos de pacientes: un dado de alta tras unha única sesión (por ausencia de psicopatoloxía, resolución do motivo de consulta, ou cambios significativos previos ao tratamento) e outro que requiriu entre 4 e 5 sesiós de media, nun período duns 3 meses, para considerar a alta no Programa. Para o criterio de alta tívose en conta a consecución dos obxectivos propostos na primeira consulta individual acordados con cada paciente e a resolución ou diminución significativa da psicopatoloxía que motivou a derivación deste ao Programa.

A comezo da implementación do Programa observouse que algunas derivacións realizadas non cumplían con exactitude os criterios de inclusión, cuestión que, tras o paso do tempo, se foi perfilando, dado que o supervisor do Programa encargábase de responder por correo electrónico os motivos de rexeitamento das peticionis que non foron aceptadas, xerando un mellor entendemento do funcionamento do Programa e unha maior coordinación cos MAP. No ano 2023 pódese apreciar que aumentaron o número de derivacións, pero que proporcionalmente se rexeitaban menos

en comparación co primeiro ano, evidenciando este feito.

Con respecto a resultados asistenciais é notable mencionar que se atendeu e deu de alta ao 68 % do total de pacientes atendidos. Só foi necesario derivar ao 18 % dos pacientes a outros dispositivos secundarios (USM sobre todo), debido a que non se logrou resolver o motivo de consulta nin cumplir os obxectivos establecidos no formato de psicoterapia breve. Estas taxas, xunto cunha porcentaxe de abandonos do 11 %, son similares aos reportados en experiencias parecidas, como a de Rodríguez-Arias Palomo et al. (2004). Consideramos que o feito de implementar unha psicoterapia breve con intervalos entre consultas de apenas un par de semanas contribúe a reducir a taxa de abandonos, ademais de facilitar a resolución dos motivos de consulta.

Esta experiencia non se propuxo como unha investigación cuantitativa con grupo pre-post ou grupo control, dado que o obxectivo era o de implementar un Programa máis que o de demostrar que unha psicoterapia breve en AP é máis ou menos efectiva que o tratamento habitual. A pesar diso, consideramos que esta experiencia se enmarca dentro da proposta de intervir con psicoterapia breve como estratexia de referencia para o tratamento dos trastornos mentais comúns e adaptativos en contraposición co psicofarmacolóxico.

Tamén é oportuno mencionar que as vacacións, as baixas laborais e as rotacións externas dos residentes impidieron nalgúns momentos o pleno rendemento das consultas e o manter os tempos entre seguimentos cos pacientes, dado que o Programa non supón postos estruturais ou convencionais que poidan ser substituídos ou planificados con antelación.

CONCLUSIÓNS

A implementación do Programa supuxo a creación dun dispositivo de atención psicolóxica especializada nun centro de saúde de AP.

O perfil de paciente atendido máis representativo é o de muller de mediana idade con sintomatoloxía ansioso-depresiva reactiva a algúun evento estresor.

A atención psicolóxica breve e centrada en obxectivos logrou ser útil para o tratamento da maioría dos motivos de consulta que se derivaron ao Programa.

Consideramos que a implementación deste Programa dentro da carteira de servizos sanitarios especializados, e levado a cabo por facultativos especialistas, é a maneira de garantir o adecuado tratamento dos problemas de saúde mental da poboación atendida.

Atendéronse un número considerable de derivacións que, de non dispor do Programa, posiblemente fosen derivadas á Unidade de Saúde Mental de referencia co correspondente aumento na lista de espera.

A implementación deste Programa, xunto cun espazo relevante de supervisión, facilitou que os residentes PIR puidesen desenvolver competencias de entrevista psicoterapéutica e de manexo de intervencións breves na poboación diana.

A instauración dunha atención psicolóxica destas características xerou interese por parte da xerencia do Centro de Saúde, que estaría interesada en ampliar a oferta de tratamiento implementando a figura dun psicólogo clínico a tempo completo.

Bibliografía

Barlow, D. H., et al. (2019). *Protocolo unificado para o tratamento transdiagnóstico dos trastornos emocionais. Manual do terapeuta* (2.ª ed.; traducción de Jorge Osma e Elena Crespo). Alianza.

Beylebach, M. (2014). *24 ideas para unha psicoterapia breve* (2.ª ed.). Herder Editorial.

Grupo de Traballo de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria. (2018). *Documento marco dá psicoloxía clínica en atención primaria*. Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Luengo-Castro, M. A., Fernández-Menéndez, J., García-Montes, J. M., Caunedo-Riesco, P. J., García-Haro, J. M., Braña-Menéndez, B., González-Díaz, D., Cabero-Álvarez, A., & Costa-Izquierdo, M. (2025). Multicenter randomized clinical trial of brief psychotherapy versus usual treatment for common mental disorders in adults. *Clinical and Health*, 36(1), 9–18. <https://doi.org/10.5093/clh2025a2>

Ministerio de Sanidade. (2023). *Informe anual do Sistema Nacional de Saúde 2023*. Goberno de España. https://www.sanidad.gob.es/estadestudios/estadisticas/sisinfnsns/tablasestadisticas/infanualsns2023/informe_anual_2023.pdf

Padilla Bernáldez, J. (2014, marzo 6). *Atención primaria: por que é a porta de entrada?* Médico Crítico. <https://medicocritico.blogspot.com/2014/03/atencion-primaria-por-que-é-a-porta.html>

Rodríguez-Arias Palomo, J. L., Otero Larrea, M., Venero Celis, M., Ciordia Rada, N., & Vázquez Fondó, P. (2004). Estudo de avaliação de resultados en terapia familiar breve. *Papeis do Psicólogo*, 25(87), 15–24.

Rodríguez-Arias Palomo, J. L., & Venero Celis, M. (2019). *Terapia familiar breve: Guía para sistematizar o tratamento psicoterapéutico* (6.ª ed.). Editorial CCS.

Sánchez Edreira, L., Rodríguez Recarey, L., Santos Rivas, M., Vázquez Batán, P., Oujo Fernández, C. M., & Carballal Fernández, A. (2023). Psicoloxía clínica en atención primaria non Servizo Galego de Saúde: Reflexións tras dous anos de experiencia. *Anuario Psicoloxía e Saúde*, (16), 22–33. https://coggalicia.gal/system/files/PDFs/publicaciones/anuario_inicios_16_0.pdf

Wampold, B. E., & Imel, Z. E. (2021). *O gran debate da psicoterapia: A evidencia de que fai que a terapia funcione*. Editorial Eleftheria.



TRABALLO PREMIADO NAS XXIX XORNADAS DA
SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

PÓSTER

ESTUDO SOBRE A IMPLANTACIÓN DA INTERVENCIÓN «AXUDA MUTUA» DO MODELO SAFEWARDS NAS UHRP DE PIÑOR (OURENSE)

Jennifer Prieto Estévez

Psicóloga Interna Residente. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

José Antonio Toro Varela

Enfermeiro Interno Residente. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Marta Cabaleiro Díez

Enfermeira Interna Residente. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

María Rodríguez Álvarez

Enfermeira Especialista en Saúde Mental. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

Olalla Maceira Soto

Enfermeira Especialista en Saúde Mental. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

jennifer.prieto.estévez@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

COMO CITAR ESTE ARTIGO:

Prieto Estévez, J., Toro Varela, J. A., Cabaleiro Díez, M., Rodríguez Álvarez, M., & Maceira Soto, O. (2025). Estudo sobre a implantación da intervención «Axuda Mutua» do modelo Safewards nas UHRP de Piñor (Ourense) [Póster]. *Anuario de Psicoloxía e Saúde*, 18, pp. 134-138. <https://copgalicia.gal/secciones/psicoloxia-e-saude/publicaciones>

INTRODUCIÓN

Safewards (Bowers et al., 2014) é un modelo explicativo integral sobre os conflitos e contencións nas unidades de hospitalización. Está formado por 10 intervencións sobre os factores de orixe e os puntos críticos: o persoal, a contorna física, o exterior do hospital, a comunidade de pacientes, as características dos pacientes e as normas. Ofrece estratexias destinadas a promover a seguridade dos pacientes e do persoal para reducir o risco e a coerción.

A Reunión de Axuda Mutua é unha intervención do Modelo Safewards que fomenta a axuda que usuarios e persoal se brindan entre si, ofrece un papel socialmente valorado que redonda nunha identidade máis positiva, ensina a apreciarse positivamente entre si, a modular as propias reaccións emocionais e a manter expectativas positivas de comportamento. Componse de 4 seccións: agradecementos (A), noticias (N), suxestións (S) e solicitudes e ofertas (SO).

OBXECTIVOS

- Valorar a percepción de usuarios e traballadores sobre o grupo de Axuda Mutua.
- Coñecer os puntos que se consideran máis conflitivos para os usuarios e traballadores do hospital.
- Coñecer se o desenvolvemento desta intervención contribúe á mellora das relacións entre profesionais e usuarios e ao clima xeral do hospital.

MATERIAL E MÉTODO

Realízase unha primeira entrevista a usuarios e traballadores que acudiron ao grupo de Axuda Mutua polo menos unha vez e/ou coñecen

como se está levando a cabo a intervención. Adminístranse cuestionarios deseñados *ad hoc*, específicos para usuarios e para profesionais.

RESULTADOS

Só o 23,5 % dos usuarios coñece o Modelo Safewards. O 47,1 % acode a todas ou a case todas as reunións. Suxestións é a intervención preferida (38,8 %). Un 76,7 % se sente escoitado e respectado sempre ou case sempre por parte do persoal. A convivencia, o trato con profesionais e o uso compartido da televisión son os aspectos percibidos como más estreantes.

O 48,3 % dos profesionais non coñece o Modelo Safewards. Só o 7,1 % acode a todas ou a case todas as reunións. Suxestións (33,3 %) e Solicitudes e ofertas (33,3 %) son as intervencións de maior interese. O 30,8 % cambiou a súa forma de traballar. Consideran esta medida de utilidade para expresar inquietudes (21,8 %), coñecer aos usuarios (18 %) e mellorar as interaccións usuarios-profesionais (15 %). O principal punto de tensión é a inconsistencia no enfoque das normas por parte do persoal (38,5 %).

Figura 1

COÑECIMENTO DO MODELO SAFEWARDS







Figura 2**ASISTENCIA Á REUNIÓN DE AXUDA MUTUA****Figura 5****SENTIRSE XULGADO POLO PERSOAL?****Figura 3****SECCIONES DE MAIOR INTERESE****Figura 6****AMBIENTE DE CONVIVENCIA****Figura 4****CAMBIO NA FORMA DE TRABALLAR****Figura 7****SENTIRSE ESCOITADO E RESPECTADO?**

Figura 8**UTILIDADE DA REUNIÓN DE AXUDA MUTUA****Figura 9****PUNTOS CONFLITIVOS**CUESTIONARIO
PROFESIONAISCUESTIONARIO
USUARIOS**DISCUSIÓN/CONCLUSIÓNS**

A Reunión de Axuda Mutua contribúe á mellora das relacións entre usuarios e profesionais e favorece o clima xeral do hospital. É necesario continuar difundindo o Modelo Safewards, fomentar unha maior participación dos profesionais, dar máis espazo á sección de suxestións, acordar e establecer normas claras dentro do hospital e facilitar a mellora da formación do persoal en contención verbal.

Bibliografía

Bowers, L., Alexander, J., Bilgin, H., Botha, M., Dack, C., James, K., & Stewart, D. (2014). Safewards: the empirical basis of the model and a critical appraisal. *Journal of psychiatric and mental health nursing*, 21(4), 354-364.

Finch, K., Lawrence, D., Williams, M. O., Thompson, A. R., & Hartwright, C. (2021). A Systematic Review of the Effectiveness of Safewards: Has Enthusiasm Exceeded Evidence? *Issues in Mental Health Nursing*, 43(2), 119–136. <https://doi.org/10.1080/01612840.2021.1967533>

Safewards. Resources of Safewards implementation (s.f.). <https://www.safewards.net>

ESTUDIO SOBRE LA IMPLANTACIÓN DE LA INTERVENCIÓN "AYUDA MUTUA" DEL MODELO SAFEWARDS EN LAS UHRP DE PIÑOR (OURENSE)



ÁREA SANITARIA
DE OURENSE, VERÍN E
O BARCO DE VALDEORRAS

INTRODUCCIÓN

SAFEWARDS (Bowers et al., 2014): modelo explicativo integral sobre los conflictos y contenciones en las unidades de hospitalización.

- 10 intervenciones sobre los factores de origen y los puntos críticos: el personal, el entorno físico, el exterior del hospital, la comunidad de pacientes, las características de los pacientes y las normas.
- Estrategias destinadas a promover la seguridad de los pacientes y del personal para reducir el riesgo y la coerción.

REUNIÓN DE AYUDA MUTUA: intervención del Modelo Safewards.

- Fomenta la ayuda que usuarios y personal se brindan entre sí.
- Ofrece un papel socialmente valorado que redundan en una identidad más positiva.
- Enseña a apreciarse positivamente entre sí, modular las propias reacciones emocionales ante la conducta del otro y mantener expectativas positivas de comportamiento.
- 4 secciones: agradecimientos (A), noticias (N), sugerencias (S) y solicitudes y ofertas (SO)

OBJETIVOS

- Valorar la percepción de usuarios y trabajadores sobre el grupo de Ayuda Mutua.
- Conocer los puntos que se consideran más conflictivos para los usuarios y trabajadores del hospital.
- Conocer si el desarrollo de esta intervención contribuye a la mejora de las relaciones entre profesionales y usuarios y al clima general del hospital.

METODOLOGÍA

- 1 Se realiza una primera entrevista a usuarios y trabajadores que han acudido al grupo de Ayuda Mutua al menos una vez y/o conocen cómo se está llevando a cabo la intervención.
- 2 Se administran cuestionarios diseñados ad hoc, específicos para usuarios y para profesionales.



CUESTIONARIO PROFESIONALES



CUESTIONARIO USUARIOS

BIBLIOGRAFÍA

- Bowers, L., Alexander, J., Elgin, H., Botha, M., Dack, C., James, K., & Stewart, D. (2014). Safewards: the empirical basis of the model and a critical appraisal. *Journal of psychiatric and mental health nursing*, 21(4), 354-364.
Finch, K., Lawrence, D., Williams, M. O., Thompson, A. R., & Hartwright, C. (2021). A Systematic Review of the Effectiveness of Safewards: Has Enthusiasm Exceeded Evidence? *Issues in Mental Health Nursing*, 43(2), 119-136.
<https://doi.org/10.1080/01612840.2021.1967533>


Safewards. Resources of Safewards implementation (s.f.). <https://www.safewards.net>

PRIETO ESTÉVEZ, J.¹; TORO VARELA J.A.²; CABALEIRO DÍEZ, M.²;
RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, M.³; MACEIRA SOTO, O.³

¹ PSICOLOGA INTERNA RESIDENTE; ² ENFERMERO/A INTERNO/A RESIDENTE; ³ ENFERMERA ESPECIALISTA EN SALUD MENTAL

RESULTADOS

Conocimiento del Modelo Safewards



Asistencia a la Reunión de Ayuda Mutua



Secciones de mayor interés




Cambio en la forma de trabajar



¿Te sientes juzgado por el personal?



Ambiente de convivencia



¿Cuánto te sientes escuchado y respetado?



Utilidad de la Reunión de Ayuda Mutua



DISCUSIÓN Y CONCLUSIONES

La Reunión de Ayuda Mutua contribuye a la mejora de las relaciones entre usuarios y profesionales y favorece el clima general del hospital.

Es necesario:

- Continuar difundiendo el **Modelo Safewards**, ya que el desconocimiento por parte del personal y usuarios es notorio.
- Fomentar una mayor participación de los profesionales, ya que el porcentaje que acude a las reuniones con asiduidad es pequeño.
- Dar más espacio a la sección de **sugerencias** incentivando la expresión de **críticas constructivas**.
- Consensuar y establecer **normas claras** dentro del hospital y favorecer su cumplimiento.
- Facilitar la **mejora de la formación** del personal, principalmente en contención verbal.

Nº18 Revista Oficial da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

OBXECTIVO DA PUBLICACIÓN

O Anuario foi, e é, unha publicación aberta. Nace co propósito de dar voz e oído, de invitar á reflexión dos que escriben e dos que len, sobre temas de interese para a Psicoloxía Clínica.

Cada número vertébrase sobre un tema central, enfocado desde diversos ángulos, incluíndo áreas de coñecemento alleas á propia, pero que poden achegar novos mapas.

PERIODICIDADE DA PUBLICACIÓN

Publicación de carácter anual.

NORMAS DE PUBLICACIÓN

AUTORES DOS ARTIGOS DO MONOGRÁFICO

Os artigos serán solicitados aos autores por parte do Equipo de Redacción do Anuario; os textos deben ser orixinais e o estilo será libre, seguindo o obxectivo xeral marcado polo Equipo.

A EXTENSIÓN máxima será de 17 páxinas, letra Times New Roman, tamaño 12, interliñado sínxelo.

A ESTRUTURA do artigo será a seguinte:

- Título.
- Autor, lugar de traballo e e-mail de contacto.
- Resumo (150 palabras) en español ou galego e en inglés.
- Palabras chave: entre 3 e 5, en español ou galego e en inglés.
- Bibliografía estilo APA: mínimo de 5 referencias bibliográficas.

ANUARIO ABERTO: CASOS CLÍNICOS

Incluiranse descripcións dun ou máis casos clínicos que supoñan unha contribución ao coñecemento da psicopatología ou da intervención psicoterapéutica.

A EXTENSIÓN máxima do texto será de 15 páxinas, letra Times New Roman, tamaño 12, interliñado sínxelo.

A ESTRUTURA do Caso Clínico deberá ser a seguinte:

- Título.
- Nome e apelidos dos autores, centro de traballo e un e-mail de contacto.
- Resumo (150 palabras): en galego ou español, e en inglés.
- Palabras chave: entre 3 e 5, en galego ou español, e en inglés.
- Introducción.
- Datos sociodemográficos.
- Motivo de consulta.
- Obxectivos.
- Intervención.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas: segundo a normativa da APA, cun mínimo de 5 referencias bibliográficas.

ANUARIO ABERTO: ARTIGOS LIBRES

Incluiranse traballos orixinais nos que se describan traballos de investigación ou revisións teóricas que sexan de interese para a Psicoloxía Clínica e da Saúde.

A EXTENSIÓN máxima do texto será de 15 páxinas, letra Times New Roman, tamaño 12, interliñado sínxelo.

A ESTRUTURA da Comunicación Libre deberá ser a seguinte:

- Título.
- Nome e apelidos dos autores, centro de traballo e un e-mail de contacto.
- Resumo (150 palabras): en galego ou español, e en inglés.
- Palabras chave: entre 3 e 5, en galego ou español, e en inglés.
- Introducción.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas: segundo a normativa da APA, cun mínimo de 5 referencias bibliográficas.

ANUARIO DE PSICOLOGÍA y SALUD

Nº/ **18**

Revista Oficial de la
Sección de Psicología y Salud del COPG
EDICIÓN BILINGÜE

GRIETAS

MGSM

NARRATIVAS

CUIDADO

ESCONDITE

Nº18
REVISTA OFICIAL DE LA SECCIÓN DE
PSICOLOGÍA Y SALUD DEL COPG

CONSEJO EDITORIAL

Xacobe Abel Fernández García / Presidente

Paula Marcos Carregal / Vicepresidenta

María Villarino González / Secretaria

Eduardo Martínez Lamosa / Tesorero

Paula Cid Gutiérrez / Vocal

María Salomé Botana Martínez / Vocal

Isabel Figueroa Matallín / Vocal

Marta Millares Otero / Vocal

CONSEJO DE REDACCIÓN

Mª Gabriela Domínguez Martínez / Directora
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE VIGO

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA Y O
SALNÉS

Aislinn García Hermo
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA Y CEE

Lucía Díaz Riola
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

anuario@copgalicia.gal

EDITA

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
T. 981 534 049 | Fax. 981 534 983
www.copgalicia.gal | copgalicia@copgalicia.gal

DISEÑO Y MAQUETACIÓN – Laura de Cibreiro

IMAGEN DE PORTADA – Lars H Knudsen / Pexels

ISSN: 2444-6653

Revista indexada en Latindex
<https://www.latindex.org/latindex/ficha/22303>

 latindex

Noviembre, 2025

Depósito Legal: C 1615-2019
<https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

El Consejo Editorial y el Consejo de Redacción no se hacen responsables de las opiniones vertidas en los artículos publicados

Las opiniones expresadas en la Presentación son responsabilidad del Consejo de Redacción

APUNTE

La preferencia de idioma en el original de cada artículo fue determinada por su autor/a, con la posterior traducción del Consejo de Redacción y revisión del COPG

SUMARIO

04	PRESENTACIÓN Mª Gabriela Domínguez Martínez
08	MGSM / MOVEMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL. HISTORIA Y RECORRIDO EN DEFENSA DE LA ATENCIÓN A LA SALUD MENTAL BASADA EN LOS DERECHOS Rosa Cerqueiro Landín + Miguel Anxo García Álvarez
28	NARRATIVAS / NARRATIVAS A CONTRAPELO Voria Stefanovsky + Veruska Vasconcelos
40	CUIDADO / EL PODER DEL CUIDADO AFECTIVO EN EL ALZHÉIMER AVANZADO. DE LA NEUROCIENCIA A LAS POLÍTICAS DE SALUD: UNA MIRADA CLÍNICA Y RELACIONAL Vanessa Vilas-Riotorto
62	HERRAMIENTAS — ESCONDITE / DEL ESCONDITE A LA CALLE PENSAMIENTO: TEJIENDO VÍNCULOS EN LOS MÁRGENES INSTITUCIONALES – Carlos Díaz Marcelo + Rocío López Díaz + Elisa Llamas López + Elena Malavé López + Gloria Alonso Toribio
 ANUARIO ABIERTO	
72	ARTÍCULO LIBRE / MODERADORES DE CONTENIDO COMERCIAL: EXPUESTOS AL TRAUMA, OCULTOS AL MUNDO – Jennifer Prieto Estévez
88	ARTÍCULO LIBRE / «EROS EN EL ESPECTRO» SEXUALIDAD Y AUTISMO: UNA REVISIÓN DE LA LITERATURA – Aldara Varela Lodeiro + María Candal González
98	CASO 1 / EL JUEGO COMO PUENTE TERAPÉUTICO: ALIANZA Y ENFOQUE INTERDISCIPLINAR EN EL CASO DE UNA MENOR CON AUTOLESIONES – Sandra Marco Peligro + Sara Vázquez Rumbo
110	CASO 2 / ABORDAJE DE LA SINTOMATOLOGÍA POSTRAUMÁTICA EN UN CASO DE TRAUMA RELACIONAL – Tania Tuñas López + Inmaculada Sangiao Novio
120	COMUNICACIÓN / PROGRAMA “DIÁLOGOS ABIERTOS CON SALUD MENTAL” – María Candal González + Aldara Varela Lodeiro + Casilda Oujo Fernández
126	COMUNICACIÓN / PROGRAMA DE ATENCIÓN CONTINUADA DE PSICOLOGÍA CLÍNICA EN ATENCIÓN PRIMARIA: DATOS E IMPRESIONES DE LOS DOS PRIMEROS AÑOS Y MEDIO DE IMPLEMENTACIÓN – Anxo Fernández Villar + Cristina García Diez + Nora Suárez Fuentes + Jennifer Cabaleiro Suárez + Jacinto Jose Casas Araujo
134	PÓSTER / ESTUDIO SOBRE LA IMPLANTACIÓN DE LA INTERVENCIÓN «AYUDA MUTUA» DEL MODELO SAFEWARDS EN LAS UHRP DE PIÑOR (OURENSE) Jennifer Prieto Estévez + José Antonio Toro Varela + Marta Cabaleiro Díez + María Rodríguez Álvarez + Olalla Maceira Soto



PRESENTACIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez

Directora del Consejo de Redacción

Psicóloga Clínica

Práctica privada en Pontevedra

gabriela.dominguezmartinez@gmail.com

Cuando hicimos nuestra reunión para decidir el tema del *Anuario*, pensamos en hablar de los derechos humanos, de la interculturalidad, de la perspectiva de género, del capitalismo y la salud mental, de la resiliencia. Y todo este pensamiento se materializó en la idea general de Grietas. Sabíamos que queríamos hablar de las brechas en los sistemas, de lo que falla, pero también aportar a esta falta.

Las grietas hay que tenerlas en cuenta cuando las vemos, pues pueden ser indicativas de problemas estructurales (del sistema) y funcionar, así, como una alarma. Una alarma a escuchar, a ver, a mostrar creando espacios de reflexión y debate para actuar. De este modo, podemos tratar de repararlas, ver a través de ellas, o romperlas completamente.

A veces, las heridas o fisuras se pueden reparar como una pieza de porcelana con la técnica del Kintsugi, resaltando la historia de la pieza con oro, visualizando las brechas para saber dónde estamos y hacia dónde nos queremos dirigir sin olvidar lo acontecido.

Otras veces, aprovechamos esos huecos para mirar y ver qué puede haber a través de ellos, entendiendo la grieta como una oportunidad o ventana a la que asomarse. Como esa rendija en la puerta por la que todos miramos de niños para saber qué hay al otro lado.

Y, otras veces, hay que romper con todo, romper la vajilla y volver a construir.

De todo esto habla el *Anuario*, surge como espacio de reflexión sobre la fragilidad y la apertura, la salud mental inseparable de los derechos humanos, la necesidad de tener en cuenta el contexto sociopolítico y económico y de las desigualdades, la importancia del compromiso, de la movilización, del activismo y de la acción social. De la necesidad de tener otros relatos y otras formas de imaginar el mundo, generando narrativas alternativas, pues na-

rrar fortalece y lo que no se expresa tiende a la inexistencia.

Pero hablar de grietas también es hablar de amor, de cuidado, de hacer presente, de reparar y de buscar. Y, en esto, los autores y autoras fueron de sobra cariñosos poniendo su tiempo y saber en el plano del conocimiento.

Abrimos el *Anuario* con la idea de la quiebra del sistema y la estructura y la importancia de ver esas brechas y mostrarlas a los demás para actuar sobre ellas, muchas veces sucediendo esto a través de plataformas ciudadanas, y lo hacemos con el artículo «*Movemento Galego da Saúde Mental. Historia y recorrido en la defensa de la atención a la salud mental basada nos derechos*», de los psicólogos clínicos Rosa Cerqueiro y Miguel Anxo García. El artículo recoge el contexto social, económico y político de precarización social a partir del cual se creó esta plataforma y los principios en los que se basan. Con generosidad comparten también los elementos nucleares a desarrollar desde los movimientos ciudadanos para alcanzar los objetivos de cambio desde la acción social. A pesar del trabajo hecho y los logros claramente obtenidos, nos recuerdan que no se debe dar por hecho que sí se respetan los derechos de las personas psiquiatrizadas por la existencia de la normativa, sino que hay que asegurarse de que se hacen efectivos; manteniendo presente sus objetivos nucleares de defensa de una atención a la salud mental basada en los derechos y la defensa de los servicios públicos. El silencio y la inacción no son una opción desde la perspectiva de los derechos, asumiendo que es la clave de la persona afectada y un acto de reparación social ante colectivos históricamente maltratados, objeto de perjuicios, discriminaciones y violencias.

Y la historia de los silenciados, de los que no vencieron, de los marginados, debe quebrar la grieta y salir a la luz, como nos enseñan Voria Stefanovsky y Verusca Vasconcelos con su artículo «*Narrativas a contrapelo*»; madre e hija, ambas activistas romaníes, una desde lo litera-

rio y otra desde la psicología. Aquí la grieta o la hendidura es para romper, deconstruir y reconstruir. Comienzan el artículo agradeciendo a aquellos que narran, entendiendo la vida como una narrativa y el narrar como un acto de existencia, resistencia y supervivencia... y también un acto político. Narrar el trauma no borra la herida, pero la convierte en comunicable y socialmente compartida, pues el trauma necesita ser narrado para ser elaborado. Y, así, como si de un jarrón con grietas se tratara, Voria repara las heridas con oro, relatando y compartiendo con magnanimitad su historia. Y para engrandecer el relato, finaliza con una poesía propia en la que pone voz a «Los invisibilizados».

Pero hay ocasiones en las que no se puede continuar el relato en primera persona y es otro el que tiene que seguir narrando cuando la persona no puede hablar, cuando pierde la memoria. En el siguiente artículo, la psicóloga clínica Vanessa Vilas nos muestra una grieta de acceso al cuidado de aquellos que sufren un gran deterioro cognitivo a través de la experiencia afectiva en su artículo *«El poder del cuidado afectivo en el Alzheimer avanzado. De la neurociencia a las políticas de salud: una mirada clínica y relational»*. En este artículo explora el poder del vínculo afectivo en fases avanzadas, integrando hallazgos de la neurociencia con la experiencia clínica y el cuidado. Se analiza cómo el cuidado centrado en la empatía y la seguridad emocional impacta en la calidad de vida, aun cuando el lenguaje verbal se pierde. Desde la perspectiva de la salud pública y la economía del cuidado, se proponen políticas que reconozcan y fortalezcan el rol de cuidadores formales e informales, y la influencia de las desigualdades de género. La convergencia entre ciencia, clínica y acción política es clave para promover un modelo de atención que valore la afectividad como recurso terapéutico esencial en el Alzheimer avanzado.

El vínculo humano constituye un recurso terapéutico de primer orden. En el último ar-

